

Terra Chá volverá votar en abril nas eleccións ao Parlamento galego

As eleccións galegas celebraranse o domingo 5 de abril para elixir aos 75 deputados do Parlamento Galego. Foron convocadas con adianto a primeiros de febreiro e deixando pouco tempo para preparar unha campaña que empezará oficialmente o 20 de marzo. Actualmente, o Parlamento Galego conta con maioría do Partido Popular, que ten 41 escanos. Co mesmo número de asentos, 14, están En Marea e PSdeG-PSOE e o BNG pecha a representación con 6 parlamentarios. Como novidade electoral, Elena Candia deixa a Deputación e a Alcaldía para ser a cabeza de lista do PP por Lugo. **Pax. 27**

Comeza a tempada de feiras

A Feira do Queixo de Friol e Pan de Ousá terá lugar o día 22. A continuación será a de Vilalba, que terá como fase previa o concurso de tapas dende o 19

Un ano máis, comeza a tempada das feiras do queixo e será Friol a que abra as celebracións o próximo domingo 22 de marzo, na que será xa a XXVIII edición. O Concello xa ten listo toda a infraestrutura para esta celebración, que pon en valor estes dous produtos elaborados símbolo de identidade. Como en anos anteriores, a venda de queixo e pan concentrarán a atención pero haberá tamén outros moitos produtos así como actividades paralelas. Dúas semanas máis tarde terá lugar en Vilalba a Feira do Queixo San Simón da Costa cun programa que se inicia co concurso de tapas o día 19 de marzo. **Pax. 2, 10 e 11**



EXEMPLAR GRATUITO

vilalba. Nace a nova asociación cultural Caldaloba. **Pax. 5**

as pontes. O Goberno comprométese a manter a actividade en Endesa. **Pax. 8**

friol. O Servizo de Axuda no Fogar atendeu a 118 familias en 2019. **Pax. 12**

begonte. O Club Fluvial renova integramente a súa directiva. **Pax. 13**

guitiriz. O Pleno deu o visto bo á aprobación do Plan Xeral. **Pax. 15**

castro. Solicitada a declaración de ARI para Castro de Rei. **Pax. 16**

a pastoriza. Máis de 60 mulleres reuníranse en Saldanxe. **Pax. 25**

Primeiro avance do FIV



O festival vilalbés será o 25 e 26 de abril. **Pax. 3**

As Pontes correrá por San Xosé



A carreira será nun circuíto homologado. **Pax. 30**

A Festa dos Pepes será o 14 de marzo



Vilalba acolle a 60 edición desta festa. **Pax. 5**

Aumentan as prazas no servizo de teleasistencia

A Deputación aprobou a adxudicación do servizo de teleasistencia domiciliar que ofrece de maneira gratuita a veciños dos 67 concellos. Con este novo contrato, que supón un investimento

de 560.000 euros, aumentan nun 20% a capacidade de atención do servizo. Deste xeito, ás 1.555 prazas para persoas usuarias directas engádense agora outras 240. **Pax. 26**



NOVALUX
óptica & centro auditivo

VILALBA
C/Plácido Peña 9
Tel. 982 510 100
604 03 20 92
Nº R.S. E-27-000351 / E-27-000333

AS PONTES
Av. de Galicia 91
Tel. 981 45 15 04
604 02 21 80
Nº R.S. E-15-000024 / E-15-001170

novaluxoptica.com

COS TEUS AUDÍFONOS RECARGABLES O CARGADOR DE AGASALLO.

oticon

*** Promoción válida ata o 31 Agosto**

NOVAS

vilalba

Volve o programa ‘O Rural Máis Vivo’



Presentación do programa na casa consistorial

Tralo éxito acadado en edicións anteriores, o programa *O Rural Máis Vivo* volve convocarse co obxectivo de dinamizar as parroquias organizando actividades, todas elas de carácter gratuíto e abertas ao público en xeral.

Nesta terceira edición, o programa ofrecerá unha decena de obradoiros entre os que se poderá escoller para levar as distintas parroquias.

Este programa foi elaborado polo Concello de Vilalba e Cruz Vermella, que se encarga de impartilos, e contou coa colaboración das asociacións de veciños das parroquias vilalbesas. Para Elba Veleiro, alcaldesa de Vilalba, “é unha prioridade que se mateñan este tipo de iniciativas”.

Os obradoiros seguirán na liña de edicións anteriores e tratarán temas de interese para a poboación como saúde, ali-


mentación ou primeiros auxilios, divididos en tres bloques temáticos vinculados por unha parte ás persoas maiores, por outra ás mulleres e outro para veciños en xeral.

Así tratase sobre laborterapia, nutrición, estimulación cognitiva, medicación, saúde, benestar emocional, actividades físicas, primeiros auxilios e formación de persoas coidadoras. O seguinte paso neste programa será a realización de reunións entre Cruz Vermella e as diferentes parroquias para establecer horarios e escoller as actividades a realizar, que darán comezo xa no mes de marzo e continuarán ata final de ano.

Os cursos ofrécense nas 28 parroquias que conforman a termo municipal de Vilalba e o único requisito para poder realizalas será reunir un número mínimo de asistentes.



Unha imaxe da feira do ano pasado e o cartel anunciador deste ano



Vilalba prepárase para a nova Feira do Queixo San Simón

O Concello de Vilalba acollerá durante a primeira fin de semana de abril, como é tradición, unha nova edición da Feira do Queixo da San Simón da Costa.

Contarán con dous días de feira, o 4 e o 5 de abril, e desenvolverase na praza da Constitución, onde se colocarán os stands de artesáns e produtos gastronómicos.

O programa dará comezo o sábado ás 11.30 horas coa final do Concurso de Tapas, que contará cun xurado profesional composto por tres cociñeiros, unha persoa do Concello e un queixeiro, e previsiblemente será no templete.

Ás 15.00 horas será o taller de Master Chef con Paloma de Master Chef Júnior 4 que se celebrará na carpa. É un curso gratuíto no que poderán participar entre 50 e 60 nenos de 6 a 14 anos ata completar aforo. Os pequenos aprenderán receitas e maneiras diferen-

tes de cociñar o queixo San Simón. Máis tarde, ás 19.00 horas, dará comezo a entrega de premios do concurso de tapas e do cartel do concurso de nenos, e acto seguido será o pregón, que este ano está a cargo de Francisco Sineiro, profesor de Economía Agraria da Escola Superior de Enerxía de Lugo e ex-conselleiro de Agricultura e investigador do Centro de Investigación Agrarias de Mabegondo.

O domingo ás 13.00 horas estará adicado con máis amplitude á cociña cun showcooking a cargo de Adrián Díaz Benigno Campos, de *Larpeiros*. Este acto será no templete e ademais contará con degustación.

CONCURSO DE TAPAS. Desde o 19 ao 29 de marzo celebrarase a fase previa do Concurso de tapas, que este ano chega a XIII edición e na que participarán un total de

29 locais da capital chairega, que ofrecerán as súas creacións aos visitantes de Vilalba.

Catro dos locais presentáronse na categoría de tapa creativa e o resto na de tapa tradicional.

As tres tapas máis votadas en cada unha das categorías pasarán o sábado á gran final. Serán cociñadas en directo e un xurado experto elixirá as gañadoras.

O prezo das tapas é de 1,50 euros a tradicional e dende 2,50 a creativa

ruta BTT. E tamén como todos os anos, terá lugar a V Ruta BTT Terra Chá Queixo San Simón da Costa o 28 de marzo. A inscrición xa está aberta e pode realizarse ata o día 16 deste mes mes.

A saída terá lugar na praza da Constitución de Vilalba ás 9.00 horas, lugar onde se celebrará a feira.



O Concello asumirá a xestión do comedor da escola infantil

O equipo de goberno do Concello de Vilalba vén de confirmar que asumirá a xestión do comedor da Escola de Educación Infantil, que comezará a prestar o servizo no próximo curso escolar. A entidade local costeará a posta en marcha do comedor para o alumnado deste centro, con nenas e nenos de 3 a 6 anos, logo das peticións por parte da comunidade educativa nos últimos anos.

“Firmaremos un convenio coa Xunta para que contribúa á prestación deste servizo, e asumiremos a súa xestión porque sabemos da importancia que ten para a conciliación da vida laboral, persoal e familiar, especialmente nunha poboación tan dispersa como a de Vilalba, a pesar de non ser unha competencia que pertencen ao Concello”, explicou a edil de Servizos Sociais, Marta Rouco. Neste senso, desde a consellería rea-



Unha imaxe da escola infantil de Vilalba

lizáronse as obras oportunas para habilitar un espazo no centro destinado ao comedor, “pero en ningún caso se responsabilizarán da súa xestión”, subliñou Rouco, engadindo que “nós xa nos comprometemos hai meses a aportar os electrodomésticos necesarios, coa idea de

poñelo a funcionar o antes posible”. Sendo coñecedores das demandas das familias, o Concello decide apostar polo incremento e reforzo de servizos. De cara ao vindeiro curso realizarán as xestións oportunas, tales como a aprobación dun regulamento e a ordenanza para o comedor.

A asociación Sete Pontes organiza a II Gala de Empresarios

A Asociación de Empresarios Sete Pontes de Vilalba organiza para o 18 de marzo a II Gala de Empresarios, onde se entregarán os premios Empresario do Ano 2019 e Emprendedor do Ano 2019, ademais outorgaranse mencións especiais e recoñecementos a empresarios de reconocido prestixio e traxectoria. A Gala terá lugar o mércores 18 de marzo ás 20.30 no auditorio Carmen Estévez e contará coa presenza do padriño da gala ademais de outras autoridades. É obrigatorio confirmar asistencia.

A continuación terá lugar un aperiti-



vo de networking e a cea oficial no restaurante Montero de Goiriz para a que será necesario retirar os tickets que estarán a disposición dos interesados no local da Asociación, na Parrillada A Revolta e no propio restaurante Montero.

Tamén poden mercalos a través da web mediante transferencia bancaria. A data límite para retirar os tickets para a cea será o sábado 14.

O obxectivo principal da Gala consiste na posta en valor do tecido empresarial de Vilalba e a súa comarca ademais de servir de espazo de networking para os asistentes.

O FIV 2020 desvela os primeiros grupos

O FIV de Vilalba 2020 desvelou, a falta dun mes e medio, os primeiros nomes do seu cartel. Xoel López, Novidades Carminha, Zahara, Ortiga, BeGung DJ Set e Magical Colors participarán na XIII edición do mítico festival, que se celebrará os días 24 e 25 de abril.

As primeiras confirmacións do FIV 2020 deixan entrever o eclecticismo e a aposta pola calidade dunha proposta que, un ano máis, aúna no seu cartel o máis destacado do panorama indie actual.

Indie, pop, rock, rap, cumbia e electropop daranse cita nesta nova edición do festival, na que o recoñecido Xoel López dará a coñecer temas do seu novo traballo discográfico, ou artistas de traxectoria consolidada, como Zahara, sacarán a relucir o mellor do seu repertorio para o público de Vilalba. Ou-

tro dos grupos imprescindibles do momento, Novidades Carminha, tamén formará parte do cartel, no que destacan figuras emerxentes como Ortiga, unha das revelacións da tempada musical e ireemplazable no circuito festivalero. Ademais, BeGung DJ Set ofrecerá unha sesión que transformará o festival nunha viaxe sonora ao redor do mundo, e os locais Magical Colors asolararán de psicodelia e sons dos 60 e 70 as rúas de Vilalba.

A cita musical de referencia na localidade galega, que se vestirá de fucsia durante a celebración do festival, ademais, contará cun amplo programa de actividades para todos os públicos, entre as que se inclúen conferencias, proxeccións de filmes de temática musical, unha exposición de fotografía e concertos á hora do vermú no Auditorio.

Vilalba pide adherirse ao convenio para mellorar a cobertura móbil nas parroquias

O goberno de Vilalba solicita a adhesión ao Convenio de colaboración entre a Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia e a Federación Galega de Municipios e Provincias para a posta en marcha de actuacións encamiñadas a mellorar a cobertura de comunicacións móbiles no rural galego. No caso de Vilalba, esta petición vén obxectivada pola grande dispersión da súa poboación, con 29 parroquias e diversas zonas onde a cobertura debe mellorarse.

“Despois dun estudo elaborado polos servizos técnicos sobre a deficiencia da cobertura nalgúns dos

puntos do termo municipal, agardamos unha resposta positiva para que o Concello poda contar cun proxecto de mellora da cobertura móbil”, aseverou o tenente de alcalde, Rodrigo Pavón. Neste senso, sería necesario a execución de infraestruturas de soporte ás redes de comunicacións móbiles precisas para mellorar a cobertura das zonas identificadas.

Neste momento, desde o goberno local “esperamos que a resposta garanta a mellora na dotación de servizos para as nosas parroquias”, destacou Pavón, pois “a nosa aposta con respecto ao rural de Vilalba é firme”, rematou.

PROMEDISA®
SUMINISTROS MÉDICOS

tienda@promedisa.com
@PromedisaLugo
Promedisa Ortopedia

AYUDAS TÉCNICAS • ORTOPEDIA

- AYUDAS PARA LA VIDA DIARIA
- DESCANSO
- ASEO DIARIO
- MOVILIDAD
- GRÚAS
- EMERGENCIAS
- DIAGNÓSTICO

COMPRA ONLINE
www.promedisa.com

AVENIDA DE LA CORUÑA, 104 BAJO - LUGO T. 982 245 715
AVDA. TERRA CHÁ, 50 BAJO - CASTRO RIBERAS DE LEA T. 982 310 374

Feijóo visita Vilalba e pon en valor o investimento da Xunta

O presidente da Xunta e tamén presidente do PPdeG, Alberto Núñez Feijóo, visitou este venres Vilalba afirmando que esta vila é “prioridade máxima” para o Goberno galego. Para isto reivindicou o investimento realizado na localidade, como a posta en marcha da escola infantil e os máis de 60 millóns destinados aos sectores da agricultura e gandería. Durante unha visita ao concello, Feijóo repasou algúns dos investimentos, como foi a mellora do centro de saúde e do auditorio, os investimentos en saneamento e abastecemento e a posta en marcha da escola infantil, con 74 prazas novas. Un dos puntos máis destacados foi o sector agrario, con máis de 60 millóns destinados a familias que se dedican a gandería e agricultura.



Núñez Feijóo, durante a súa visita a Vilalba

“Estamos a ver como esta localidade está a converterse nunha das grandes capitais de España no sector lácteo”, incidiu, tanto polo impacto do leite que se recolle nesta zona como pola súa transformación en produtos elaborados. Os tres ex rexedores

da vila acompañaron a Feijóo, ao igual que a presidenta provincial, Elena Candia, e a concelleira e deputada autonómica Sandra Vázquez, responsable da xestora que se creou hace uns meses, tras a derrota electoral nos comicios locais.

O Concello arrinca co Plan de Igualdade

O Concello xa comezou a traballar sobre un novo Plan de Igualdade, realizando unha mesa de traballo técnico-política para pescudar necesidades e vías de mellora na consecución da igualdade entre homes e mulleres. Na actualidade, non existe un Plan a nivel municipal en vigor (desde o ano 2016 non se renovaba, nin foi avaliado), motivo polo que o goberno, ás poucas semanas de tomar posesión, comezou a traballar nunha estratexia de acción en materia de igualdade de oportunidades e prevención da violencia machista.

Os eixos de creación do plan sinalan na dirección de analizar os datos cuantitativos de fontes oficiais e das áreas técnicas sobre a realidade do municipio, así como

das políticas locais; tamén se valorarán os instrumentos actuais da administración para desenvolver accións específicas e transversais de igualdade de xénero, estudando as necesidades e demandas das mulleres do municipio.

Na primeira das mesas, unha representación das traballadoras e traballadores do Concello realizaron un mapa de necesidades e melloras. Os seguintes encontros estarán protagonizados por persoas do tecido asociativo de Vilalba e parroquias.

Unha vez se obteñan os resultados da análise, deseñárase unha ruta de acción para o período 2020-2023 e articularase un sistema de indicadores para un seguimento e avaliación das accións planificadas.



Rapaces do colexio inaugurando o novo parque

O Ceip Terra Chá crea un circuío vial no parque infantil

O Ceip Terra Chá, situado na parroquia vilalbesa de Román, vén de rematar as obras de creación dun parque infantil que inclúe un circuío de seguridade viaria no que os pequenos aprenderán o uso dos sinais de tráfico, dos semáforos e a circular polas estradas con seguridade.

Neste circuío, que ten unha extensión de 160 metros cadrados, hai unhas pequenas motos, que chegaron ao centro en virtude dun acordo asinado polo colexio e por Lugauto

BMW.

O financiamento da obra, que tiña un orzamento de 20.000 euros, realízase a través plan Proxecta, do que forma parte o colexio vilalbés.

Ademais do circuío, o colexio conta tamén cun parque de xogos feito de novo con columpios de seguridade e tobogán así como cun novo chan e beirarrúas.

Os pequenos do colexio xa estrearon as novas instalacións divertíndose mentres aprenden educación vial.

O PP reclama os orzamentos do novo equipo de Goberno

Agustín Baamonde, voceiro do grupo municipal do PP en Vilalba, acusou ao actual Goberno local de demorarse moito na elaboración do presuposto. “Non sabemos nada. Antes criticaban porque aprobábamolo en marzo pero eles aínda non o teñen elaborado”.

Para os populares o orzamento “é un punto de inflexión en relación con este Goberno. Ata o de agora, podían dicir que estaban traballando cun presuposto que non era seu pero chegaron prometendo aires de cambio que non se ven, porque non hai anuncio de presusto nin do que se vai facer”.

Para Baamonde as contas xerais “darán resposta ás preguntas” e pon como exemplo “eses anuncios da construción do centro de día, da depuradora, da canceira e a atención ao rural. Estamos esperando a ver as partidas dispostas”.

Explica o PP que “agora mesmo están facendo anuncios de actuacións, como o parque acuático,

ou os arredores do auditorio, pero non teñen prazo de execución, nin financiación e esperamos que estean reflectidos nos orzamentos”. Engadiu tamén que “falaron moito de políticas do rural pero máis aló de tapar catro furados non fixeron nada”. Para Baamonde é importante coñecer o criterio que van seguir na política de rebacheo e no da cobertura de Internet.

Agustín Baamonde fixo especial fincapé no polígono. Para o voceiro do PP está ben que anuncien a realización de obras nas vías do polígono “pero hai un problema máis grave, a escaseza solo”. Afirmar que cando deixaron o Goberno estaba casi rematado o proxecto de ampliación de 300.000 metros cadrados e pendentos unicamente da Conferederación Hidrográfica para a súa publicación “polo que non sabemos cal e o restraso”. Así mesmo quere saber como van solucionar o problema dos madrugadores o próximo ano.

Os populares demandan unha reunión cos empresarios

O Grupo Municipal do PP de Vilalba pide ao Goberno local que atenda “dunha vez por todas” a petición de reunión da Asociación de Empresarios Polígono Sete Pontes, co fin de darlles unha solución aos múltiples problemas que lles debe solucionar o Concello como é a xestión do chan industrial para que outras empresas se poidan instalar no polígono.

Este colectivo leva meses agardando a que a alcaldesa os reciba. Os empresarios rexistraron ata en dúas ocasións na sede electrónica da entidade local a súa petición de recibimento, pero a rexedora segue facendo caso omiso desta demanda. Por iso, dende o PP, e sabendo que en días pasados tamén se celebrou o Networking na localidade, remarcen que “é de xustiza que se lles escoite e se atenda as súas demandas”.

Os populares consideran que o Executivo local non pode seguir “deixándoo desamparado”, xa que representan “o pulmón económico”.



Nace con sede en Vilalba a nova asociación cultural Caldaloba

Vilalba viu nacer moitas asociacións ao longo da súa historia, e a máis recente é a Asociación Cultural Caldaloba, unha entidade que xorde co ánimo de promover a cultura nos seus distintos eidos, literario, histórico, artístico e etnográfico, entre outros.

A asociación xurdiu dunha xuntanza de persoas con similares inquietudes culturais e que desexaban dar saída aos seus proxectos que cadaquén puideran propoñer.

O nome deste colectivo vén dado pola historia e cultura que implica un nome tan forte e tan recoñecido na Chaira, ademais de porque a todos os membros lles pareceu moi boa idea.

“O que buscamos dende a asociación é a resistencia na procura dunha corrente cultural na que prime a calidade ante a cantidade, a dignificación da esencia que defina a Matria e a defensa da Cultura de noso”, define Martiño Maseda presidente da asociación. Seguindo estas premisas, buscan achegarse á colaboración con outras entidades co gallo de tecer e fortalecer unha rede cultural na que se consiga desterrar o concepto da cultura de balde.



Actos do día de Rosalía, no que se presentou a asociación

Para asociarse non hai requisitos, simplemente o desexo de formar parte dun proxecto cultural que valore o traballo das persoas. “De momento e dado que estamos nos inicios, tan só hai once persoas asociadas”, comenta Maseda, “aínda que contamos ir sumando adeptos a este bonito proxecto cultural”.

Dentro dos obxectivos, como en calquera proxecto que acaba de nacer, están cargados de ilusión. Así, ademais das iniciativas propias, que acheguen os socios e que entren dentro da viabilidade de realización, queren sumar

ideas e proxectos con outras entidades nos que a cultura se achegue á sociedade e tamén a implique. “Pero sempre tendo en conta que nos interesa a calidade do que desexemos ofrecer por riba da cantidade”, di Martiño.

“Agora mesmo xa estamos colaborando co Concello de Vilalba na realización de actividades coma o Día de Rosalía, o Día da Poesía, o Día do Libro, e outras que se están programando e que iremos publicando unha vez se achegue a data para que a xente poida participar nas mesmas”, relata o presidente de Caldaloba.

A vila celebrará o Día da Poesía cun recital poético

O vindeiro sábado 21 de marzo Vilalba celebrará o Día da Poesía na Casa da Cultura a partir das 12.00 horas.

O acto centrarase nun recital poético aberto a toda a veciñanza e está organizado polo Concello, a Asociación Caldaloba e Culturalia GZ, e nel poderá participar quen o desexe. Os interesados deberán inscribirse previamente, deixando constancia dos seguintes datos: nome completo, título do poema e autor/a do mesmo, no enderezo electrónico info@culturaliagz.com.



O 14 de marzo celebrarase a tradicional Festa dos Pepes

Un ano máis, Vilalba acollerá a Festa dos Pepes, que nesta ocasión celebrará a edición número 60 e que terá lugar o sábado 14 de marzo. O programa de actos arrincará ás 18.00 horas co disparo de bombas de palenque seguido da ofrenda floral no cemiterio municipal na honra de todos os pepes e pepas falecidos.

Unha hora máis tarde, sobre as 19.15, terá lugar a xuntanza na rúa dos Pepes, para acudir a continua-

ción á igrexa parroquial de Santa María acompañados polo pasarrúas a cargo de Buxos Verdes.

Ás 19.30 horas dará comezo a misa maior oficiada por José Gallego Vila e coa intervención do presidente do club, José Antonio Pita Paz.

Trala actuación da coral Luar farán a ruta dos viños acompañados novamente por Buxos Verdes e finalizarán no restaurante A Nova Ruta cunha cea baile amenizada polo dúo Areal.

FESTA DO QUEIXO DE SAN SIMÓN DA COSTA

Vilalba - Lugo

Don Crisanto
EL MEJOR QUESO DE ESPAÑA
Ctra. Vilalba-San Simón
Moreda, Lugo, Vilalba (Lugo)
Tlf./Fax: 982 525 637
crisanton@hotmail.com
www.catadoiro.com

Queixeria Don Gabino Augarrio
Augarrio, 10 - San Simón da Costa, 27815 - Vilalba (Lugo) www.dongabino.es

Fontelas QUEIXERÍA
Polígono Industrial Sete Pontes
Rúa Maciñeira, 41 27800 Vilalba (Lugo)
982 52 57 88 - 982 51 36 43 - 619 24 37 61
www.fontelas.es info@fontelas.es

Daniberto
Pude 2. San Simón da Costa. 27815 Vilalba Tel.: 609 88 99 43 www.daniberto.com

QUEIXERÍA CASLEIRAS
1ª queixeria en obter o selo galicia calidade
Excelencia

PRESTES QUESERÍA
MANXARES DA CHAIRA
Pol. Industrial Sete Pontes. Parcelas 49-50, 27800 Vilalba (Lugo)
Tenda: Rúa Valeriano Valdesuso 4, 27800 Vilalba, Lugo.

O Concello destina un espazo do polígono para aparcadoiro

O Concello de Vilalba dotará de prazas de aparcamento unha superficie de preto de 16.000 metros cadrados do polígono industrial tal e como anunciou o seu concelleiro de Urbanismo Luis Fernández.

As novas prazas de aparcamento estarán situadas na ampliación terceira do parque, promovida pola inmobiliaria Vilalbesa SL.

Os terreos, segundo indicou, foron atopados polo novo goberno vilalbés dentro dun inventario municipal pero que non estaban dados de alta no catastro.

Nun primeiro momento realizaron un levantamento topográfico para delimitar as zonas de uso público. A partir de agora a intención é dotalos de aparcamento coa correspondente sinalización horizontal e vertical que suporán unhas 150 novas prazas a disposición pública.

SUBVENCIÓN. O goberno local solicita á Consellería de Economía, Emprego e Industria unha subvención para o reforzo de firme e sinalización nas rúas do Castiñeiro, Salgueiro e Acivro no parque empresarial Sete Pontes de Vilalba. O anteproxecto presentado ten un custe total de 149.977,33 euros, do que pedirán á Xunta sufragar o 80%, equivalente a 119.981,86, facéndose cargo a entidade local do restante.

Debido á intensidade e á tipoloxía do tráfico que sofren a diario as vías do polígono, o deterioro é manifesto, “especialmente nestas rúas que pertencen á primeira fase da construción do parque, sendo tamén as principais vías de acceso”, salientou o concelleiro Luis Fernández, poñendo de relevo a necesidade de “acometer actua-

cións de mellora nas zonas máis antigas do polígono, e tamén as máis utilizadas”.

O anteproxecto contempla un reforzo do firme de rodadura estendendo unha nova capa, con un espesor medio de 5 cm, en toda a superficie do vial a base de aglomerado en quente. Con esta actuación eliminaríanse as deformacións e asentamentos do firme actual e ampliaríase a vida útil de todo o firme ao impermeabilizar a súa superficie.

No que atinxe á sinalización, no anteproxecto indícase a pintada de vías lonxitudinais nos bordes e centro da calzada, indicando as zonas de aparcamento permitido, frechas, pasos de peóns, etc. Ademais, tamén se reporían as sinais de STOP, ceda ao paso ou límites de velocidade.

Vilalba ampliará o parque da praza da Constitución



Unha imaxe do proxecto de ampliación do parque infantil

O goberno de Vilalba vén de informar que ampliará o parque infantil situado na parte superior da praza da Constitución, creando un espazo adaptado a todas as idades e necesidades de nenas e nenos. O obxectivo que se persegue é o de colocar xogos inclusivos e adaptar esta zona á normativa vixente en materia de parques infantís, ademais de renovar o pavimento e ampliar o espazo.

En concreto, o proxecto recolle a renovación e colocación de pavimento amortiguador de seguridade, a retirada e recolocación dos xogos infantís existentes, a supresión de elementos de risco e a colocación

de novos xogos homologados. Tamén se contemplan bancos de madeira e un peche perimetral que impida a saída accidental dos pequenos e pequenas sen a vixilancia da persoa adulta a cargo.

“É importante que se dispoñan xogos para todas as idades e circunstancias vitais, respectando as áreas de seguridade e adaptando os parques ás necesidades da infancia e das familias”, afirman desde o goberno, engadindo que “encargamos este proxecto porque seguimos a liña de xerar espazos pensando nas persoas e no desenvolvemento didáctico e creativo das nenas e nenos”.

EN BREVE

CORBELLE. Esta parroquia vilalbésa celebrará os días 21 e 22 de marzo as súas festas patronais na honra a San Xosé. As celebracións darán comezo o sábado ás 13.30 horas coa celebración da misa maior cantada pola coral Luar. Seguirá a sesión vermú a cargo do dúo Explosión e rematará a xornada coa verbena con Cinema e Satélites. O domingo volverán as celebracións relixiosas á memsa hora e a sesión vermú estará ao cargo de Os Adrianos. Previamente, será o día 19 a xuntanza de antigos alumnos da escola, que contará cun xantar no campo da festa e a I Xuntanza de alta montaña de coches, motos e tractores antigos.

LANZÓS. A parroquia de Lanzós celebra os días 14 e 15 de marzo as súas festas patronais na honra a San Xosé. As actividades darán comezo ás 13.30 horas do sábado 14 coa celebración da misa solemne seguida da sesión vermú, que estará a cargo da orquestra Principal. Pola noite haberá verbena a cargo da mesma orquestra e de París de Noia. O domingo haberá tamén misa pola mañá, á mesma hora e sesión vermú. O apartado musical estará a cargo da orquestra Principal de novo.

A Xunta informa dos apoios a disposición dos empresarios



O momento da presentación do programa aos empresarios

O conselleiro de Economía, Emprego e Industria, Francisco Conde, participou en Vilalba nun encontro con empresarios e emprendedores da comarca da Terra Chá no que se informou dos diferentes programas de apoio que están nestes momentos abertos á presentación de solicitudes, en eidos como o financiamento, o impulso á contratación ou a internacionalización.

Na súa intervención, Conde destacou o esforzo das empresas de Vilalba e, en concreto, da Asociación de Empresarios Polígono Sete Pontes e animounos a consolidar o seu traballo para conseguir un tecido máis cualificado, máis forte e

mellor. Neste sentido, pediu a súa colaboración para seguir formando profesionais e contar cunha Galicia máis preparada; transformar a cultura dixital das empresas para ter unha Galicia máis innovadora; e xerar valor para potenciar a identidade da marca e lograr unha Galicia máis competitiva.

No eido da colaboración tamén destacou que Vilalba está en trámites para ser Concello Emprendedor, unha iniciativa que permite ofrecer incentivos ás empresas que queren asentarse, con máis simplificación administrativa, máis facilidades de acceso a solo industrial e máis incentivos fiscais.

Mans Unidas organiza un festival solidario con Perú

Mans Unidas de Vilalba organiza un festival solidario o 14 de marzo para recadar fondos para o proxecto Defensa dos dereitos das mulleres rurais en Huamachuco, Perú, este ano baixo o lema *Quien más sufre el maltrato al planeta no eres tú*.

Dito festival solidario terá lugar o sábado, 14 de marzo, as 20.00 horas, no auditorio Municipal Carmen Estévez e estará presentado por María Xosé Lamas. O prezo da entrada é de 5 euros.

No acto participarán os Troyanos de Compostela, que son unha asociación de antigos tunos compostelanos, e Entre Lusco e Fusco, que son un grupo de música tradicional. Esta vila peruana é unha poboación rural dispersa de 41.613 habitantes que se adica a agricultura de subsistencia e á gandería. Os medios de comunicación e de transporte son moi deficitarios o que tamén dificulta o acceso á educación, á saúde, ó suministro de auga, á enerxía eléc-

trica, etc. A taxa de alfabetización é baixa e afecta máis as mulleres.

O socio local Cepedas-Norte ven traballando dende o ano 2001 con 115 mulleres e 69 homes en 9 comunidades rurais para consolidar a inclusión da muller na vida social y produtiva facendo valer os seus dereitos e mellorando a formación dos funcionarios públicos responsables en materia de violencia de xénero.

O custo do proxecto ascende a 30.000 euros e as aportacións locais representan un 15%. Mans Unidas participa aportando equipos, materiais, persoal, servizos, gastos de funcionamento e transporte co 85% restante do presuposto total.

Tamén colaboran Concello de Vilalba, Imprenta Junor, Carnicería Generosa, Representaciones Cabarcos, Xamons e Embutidos www.Elote.es, Panadería Iglesias, Panadería Martiñán, Tahona Curras, Queserías Entrepinares, Dispravia S.L., Bodegas Baamonde e Estrella Galicia.

MILAR ALBOSAT tu tienda de electrodomésticos Avda. de Galicia, 42 27800 Vilalba (Lugo) Telf.: 982 510 501 655 470 030 info@albosat.es www.albosat.es Servicio propio de reparación Venta y reparación	TU COMPRA TE PUEDE SALIR ¡GRATIS! 749€ 549€	HORNO GRUNDING GEBM13001X 3 AÑOS DE GARANTÍA 329€	LAVADORA BEKO WMPB744XD 349€	SMARTPHONE XIAOMI REDMI 8A1 139€	PULSERA XIAOMI MI BAND 4 NEGRA 35€	AFEITADORA PHILIPS PT860/16 29€ CORTAPELO ROWENTA TN5200F4 ADVANCER 59€
---	--	---	---	---	---	--

As Pontes adxudica obras por máis de medio millón de euros

A Xunta de Goberno Local adxudicou obras por 504.576 euros destinadas á rehabilitación e acondicionamento das vías de comunicación nas parroquias pontesas e a mellorar diversas infraestruturas municipais.

Así, axudicou a Construcciones Siber Ordes S.L a rehabilitación do inmoble situado no número 3 da rúa da Igrexa. Esta obra, financiada pola Deputación da Coruña, cun orzamento de 179.896.9 euros, prevé, en cada planta, a creación dunha aula taller e un ámbito multiusos. Así mesmo, debido ao estado actual do inmoble, levarase a cabo unha rehabilitación integral da edificación que contempla a instalación de todos os servizos. A empresa Excavaciones Saavedra y López S.L executará as obras de reparación e mellora da área de xogos infantís da rúa Covelos, nas Campeiras. O proxecto, que ten un orzamento de 15.694 euros, está destinado a renovar e axeitar a área de xogos da rúa Covelos coa restauración dos elementos deteriorados e a dotación dun novo elemento de xogo.

Entre os traballos previstos tamén se atopan a reposición do valado de seguridade seguindo a mesma



Parque da rúa Covelos, nas Campeiras

proposta estrutural e estética dos diferentes parques municipais, e a colocación de portas de acceso e elementos de sinalización. As obras completaranse coa aplicación dunha capa de caucho SBR continuo.

Francisco Gómez y Cía, S.L. levará a cabo os traballos de reparación e mellora de firme en Fragas dos Cregos, O Pazo, Murazoso, Cascalisto, Pedrafita, O Ruño, Badón, Gañidoiras e Samede e Explotaciones Gallegas, S.L as obras de reposición da capa de rodadura en camiños de Espiñaredo, Pontoibo-Covelo, Caneiro, Casas Ermas e Bidueiro.

Estas actuacións, cun orzamento de 308.985 euros con cargo á Deputación da Coruña, inclúen o barrido da superficie dos camiños e a limpeza das marxes e cunetas, coa eliminación da vexetación que invade o vial. Asemade, procederase ao bacheo das zonas que se atopan afundidas e ao fresado do firme existente para realizar, de forma correcta, o entroque cos outros viais para, a continuación, proceder á renovación da capa de rodadura con formigon bituminosos de 5 centímetros.

Ademais realizaranse outras actuacións de mellora de viais.

O CIM rexistrou 1.447 consultas no ano 2019

O Centro de Información á Muller (CIM) do Concello das Pontes rexistrou, durante o ano 2019, 1.447 consultas, un 34% máis que o ano anterior, cifra que se traduce en 195 mulleres atendidas.

Un total de 129 consultas corresponden á área xurídica e 1.290 á área psicolóxica e dirección do CIM. No caso da área xurídica, a maior parte das consultas estiveron vencelladas co dereito de familia (réxime económico matrimonial, divorcios, unións extramatrimoniais) e o dereito civil (herdanzas e sucesións, vivenda, alugueiro ou incapacitacións)

As consultas relacionadas cos permisos de residencia, a calificación da discapacidade ou as condicións laborais tamén ocuparon un lugar destacado xunto coas consultas relacionadas coa violencia de xénero e a prestación de xustiza de balde. Polo que respecta á área psicolóxica, a atención prestada centrouse en terapias e seguimento psicolóxico, tanto individuais como en grupo, terapias coa parella así como na atención a mulleres vítimas de

violencia de xénero.

O servizo, no que traballan unha psicóloga e unha avogada, puxo en marcha diferentes actividades informativas e formativas de cara á sensibilización da veciñanza no principio de igualdade e a prevención da violencia de xénero en todos os ámbitos.

Obradoiros dirixidos ao alumnado de Educación Primaria, elaboración dunha reportaxe, en colaboración coa concellería de Medios Locais e as escolas deportivas municipais, para sensibilizar á rapazada sobre as desigualdades reais e en contra da violencia machista, charlas sobre a endometriose, madurez e sexualidade, obras de teatro, taller de memoria, obradoiro de pilates para embarazadas, campamentos de conciliación familiar foron algunhas das actividades postas en marcha desde o CIM durante o ano 2019.

Entre as máis de 30 actividades promovidas e apoiadas polo CIM tamén destacan a posta en marcha da campaña *En negro contra as violencias*.



Convenio co pobo saharauí. O Concello das Pontes e a Asociación Solidariedade Galega co Pobo Saharauí asinaron un convenio de colaboración para apoiar o desenvolvemento dos programas Axuda alimentaria para os campamentos de refuxiados saharauís e *Vacacións en paz 2020*. A través deste acordo, o Concello das Pontes axudará a cubrir o déficit existente de arroz, aceite, azucre, legumes e outros alimentos nos campamentos de refuxiados así como o almorzo nas súas escolas. O Concello anima tamén ás familias a sumarse ao programa *Vacaciones en Paz 2020* de acollida temporal de nenos e nenas saharauís durante os meses de xullo e agosto.

Unha bonificación das ordenanzas busca fomentar o emprego

O Pleno do Concello das Pontes aprobou, por unanimidade, a bonificación do 95% de tres ordenanzas fiscais para promover e fomentar o asentamento de iniciativas empresariais no municipio e incentivar a creación de emprego.

Así, o Concello das Pontes aprobou a modificación da ordenanza fiscal municipal que regula o Imposto sobre bens inmobles (IBI) que establece unha bonificación do 95% do imposto nos inmobles urbanos nos que se desenvolvan actividades económicas que sexan declaradas de especial interese ou utilidade municipal por concorrer circunstancias do fomento do emprego. Tamén acordou a bonificación do 95% sobre o imposto de actividades económicas (IAE) aplicable no

caso de implantación dunha nova actividade económica ou empresarial así como naqueles casos que consistan na ampliación das instalacións e leven asociados a xeración de novos postos de traballo.

Asemade aprobouse unha bonificación do 95% no imposto sobre construcións, instalacións e obras (ICIO) aplicable a novas actividades económicas ou para a ampliación de instalacións existentes sempre e cando impliquen a creación de emprego.

A responsable de Industria, Ana Pena, resaltou que “no noso concello xa existían diversas bonificacións aprobadas encamiñadas á fomentar o asentamento de novas iniciativas industriais no noso mu-

nicipio. Continuamos con esta liña de traballo para atraer novas empresas e potenciar a economía local, ampliando ditas bonificacións”

UNIVERSIDADE SÉNIOR. Durante a sesión plenaria tamén se aprobou o convenio de colaboración do Concello das Pontes e a Universidade Sénior e a concesión dunha subvención nominativa de 12.200 euros para financiar as actividades desenvolvidas pola entidade educativa no municipio durante o ano 2020.

Estas actividades, dirixidas a persoas maiores de 55 anos, están orientadas ao fomento de actividades de formación científica e cultural, o encontro social e o envellecemento activo.



Ampliado o prazo para alegacións ao inventario de camiños

O Concello das Pontes ampliou o prazo para presentar alegacións ao inventario de bens e camiños municipais ata o día 21 de abril. As personas interesadas en consultar o inventario municipal de bens e camiños poden facelo no Departamento de Obras do concello, situado na rúa Castela, nº 36, ou a través da plataforma do inventario, á que se pode acceder a través da ligazón <http://inventariomunicipal.dicoruna.es/Invent/aspontes>.

Comezan as obras nas estradas de Chao e Vilarmouro

O Concello das Pontes comezou as obras de mellora do asfaltado das estradas de Chao e Vilarmouro, nas parroquias de Ribadeume e O Freixo.

As actuacións, cun orzamento de 35.990 euros e financiadas pola Deputación da Coruña, están encamiñadas á rehabilitación de ambos viarios para dotalos dunha calidade, estrutural e superficial, óptima, e para mellorar a comodidade e seguridade do tráfico rodado como para os viandantes.

Previo ao inicio das obras, procedeuse á limpeza das cunetas para lograr a correcta drenaxe dos firme.

Nos próximos días procederase ao fresado do firme existente, aportando grava e tratamento asfáltico naquelas zonas nas que existan fochancas para, a continuación, proceder á renovación da capa rodadura cun dobre tratamento superficial formado por dobre rego con gravilla e a reposición da sinalización horizontal.

O Goberno mantén o compromiso de manter a actividade en Endesa

A secretaria de Estado de Enerxía, Sara Aagesen, presidiu en Madrid, a segunda Mesa de Transición das Pontes para planificar accións conxuntas que aseguren unha transición xusta na zona.

Aagesen detallou os avances do Executivo central desde a última reunión da mesa, o pasado 2 de outubro. Neste sentido, apuntou que, en seguimento da orde ministerial, o Executivo ultima unha convocatoria de axudas, dotada con 7 millóns de euros, para a realización de proxectos nas entidades locais afectadas por un proceso de peche de centrais termoeléctricas de carbón.

Trátase dunha convocatoria piloto e a través dela, municipios e consorcios poderán presentar proxectos para mitigar posibles impactos negativos a curto prazo no territorio, in-



Última reunión da Mesa de Transición das Pontes en Madrid

cluindo a colectivos como empresas, traballadores e transportistas, entre outros. As axudas serán ampliadas en futuras convocatorias, que serán adaptadas en función dos resultados desta primeira edición.

A secretaria de Estado de Enerxía ta-

mén explicou que Galicia -tal e como solicitara o Executivo autonómico- xa foi incluída na Plataforma de Rexións Carboníferas, o espazo que ofrece a UE para acompañar na transición ás rexións que se enfrontan aos desafíos que expón a descarbonización.

Continúa a segunda Mostra de Teatro Aficionado

O Concello acollerá durante todo o mes de marzo a segunda edición da Mostra de Teatro Aficionado, que se desenvolverá no auditorio Cine Aloy con representacións todos os mércores a partir das 21.00 horas.

A mostra deu comezo o 6 coa obra do grupo Baluarte Teatro, que representou *El Crédito*.

O venres 13 será a vez de *Medidas preventivas*, do grupo de teatro Xosé María Pérez Paralle. Trátase tamén dunha comedia, para maiores de dez anos dunha hora de duración. Continuará a programación o día 20 coa representación da obra *Bicos de vinagre*, do grupo Teatro O Batán, outra comedia para todos os públicos.

A mostra chegará ao seu fin co grupo de teatro Mariñán, que porá en escea a comedia para todos os públicos *Insania*.

Novo éxito de público e vendas este ano na Feira do Grelo

Un ano máis, As Pontes acolleu a súa Feira do Grelo, unha das citas gastronómicas máis enraizadas que chegaba nesta ocasión ao súa XL edición. O eixe principal da celebración foi o concurso de cestas, no que participaron un total de 28, presentadas por produtores de catro municipios: Monfero (Val Xestoso), Mañón (Grañas do Sor), Vilalba, Narón e As Pontes.

O Concello concedeu máis de 1.500 euros en premios entre os que Belén Ansele Freire o de cesta

máis adornada con 300 euros. Lino Sanda, de Xestoso, foi o gañador da mellor cesta de grelos con 400 euros; Divina Jove, de Monfero, recibiu o segundo, dotado con 250 euros; Digna María Otero, o terceiro, con 200; mentras que os cinco accésits foron para Cynthia Arias, das Pontes; Lucía Souto Pico, de Monfero; Divina Seoane, de Vilalba; María Fina Parga, de Xestoso, e Víctor Couto, tamén de Xestoso. A feira, situada no patio do colexio Santa María, estivo moi ani-



Un momento da demostración de cociña

mada, con moito público e compradores. De feito, esgotáronse os 400 tiquets par os menús que se serviron con racións de grelos, costilla, lacón, chourizo, garavanzos e patacas, con requesón da Faeira e mel de Goente de postre,

a un coste 10 euros.

O programa tamén contou cunha demostración dos cociñeiros Adrián Fuentes, Bruno Pena e Álvaro Victoriano Aguado, que elaboraron distintos platos, tomando como base el grelo.



Activan a contratación nas empresas con diferentes accións formativas

O Concello das Pontes e as empresas Delagro, Delicias Coruña, Biomasa Forestal, Adera, Dalcóre, Evalan e Seawind Global Energy unirán esforzos para ofrecer formación a medida e promover a inserción laboran no municipio.

A través deste acordo, o Concello comprométese a poñer en marcha accións de formación profesional á carta, axustadas ás necesidades reais do tecido empresarial local, dirixidas a mellorar a empregabilidade da veciñanza pontensa e permitindo que as persoas demandantes de emprego melloren a súa

cualificación profesional.

Así mesmo, trátase dunha formación con compromiso de contratación, polo que todas as empresas asumen o compromiso de inserción dunha porcentaxe das persoas que participen nas accións formativas levadas a cabo nas súas instalacións.

Desde o Concello, Ana Pena, responsable de Emeprego, sinala que “por medio deste acordo, o Concello das Pontes busca mellorar as posibilidades laborais da veciñanza, impulsar a súa formación e abrírlles o acceso a novos ámbitos laborais

ao memo tempo que tratamos de manter e estimular a actividade de pequenas e medianas empresas asentadas na vila”.

A edil tamén apunta que o Concello das Pontes seguirá con esta liña de actuación no seu obxectivo prioritario de traballar polo emprego. “os empresarios e empresarias son parte fundamental para poder falar dunha inserción laboral real, seguiremos conveniando formación á carta co tecido empresarial que cumpla co obxectivo final de crear novos postos de traballo na nosa vila para as nosas veciñas e veciños”.

As Pontes licitará o SAF por máis de 9 millóns de euros

O Pleno do Concello das Pontes aprobou, por unanimidade, o prego de contratación do servizo de axuda no fogar, na modalidade de dependencia, cun valor estimado de 9.106.166,94 euros.

A concelleira de Benestar Social, Tania Pardo, precisou que o prego de contratación contempla unha actualización do prezo do servizo para axustarse á realidade do sector, ao incremento dos salarios e á modificación dos convenios colectivos. Así, incrementouse en case 7 euros o prezo do servizo con respecto ao contrato anterior, pasando o custe da hora de 12 a 18,86 euros/hora.

A Xunta de Galicia aportará unha parte do custe da prestación do servizo (9,70 euros), a mesma cantidade desde o ano 2008, situación que provoca que “o Concello das Pontes teña que asumir unha competencia impropia e reservar preto de 4 millóns de euros, nun período de 5 anos, para cubrir o custe dunha pres-



Un intre do Pleno no que se aprobou a contratación do servizo do SAF

tación que constitúe un dos piares básicos das políticas municipais de benestar” subliñou a concelleira.

O contrato, que terá unha duración de tres anos, prorrogables a dous máis, contempla un aumento de 6.180 horas con respecto ao contrato anterior, alcanzando así a cifra de 83.256 horas de atención anuais.

A través deste servizo ofrecerase

atención a persoas ou unidades de convivencia, no propio domicilio, para facilitar o seu desenvolvemento e a permanencia no seu domicilio, atendendo a persoas maiores con déficit de autonomía e con discapacidade así como a fogares con menores nos que se observe a necesidade dunha intervención de carácter socioeducativo.

As actividades do Día da Muller alongaranse todo marzo e abril

O Concello das Pontes conmemorará, durante marzo e abril, o Día Internacional da Muller, cunha ampla proposta de actividades que teñen como obxectivo común concienciar sobre o papel da muller hoxe en día. Entre as actividades programadas destacan as dirixidas ao alumnado dos centros educativos. Estas, que xa deron comezo, continuarán o 27 de marzo, ás 19.00 horas, no primeiro andar do Mercado Municipal coa inauguración da exposición *Elas*, unha mostra de debuxos conmemorativos do Día da Muller realizados polo

alumnado de educación primaria que participou nos obradoiros de sensibilización en igualdade. O acto contará coa actuación do alumnado do Conservatorio de Música.

Para os alumnos e alumnas de secundaria dos IES das Pontes, o día 12 de marzo, Caxoto Teatro, a través do contacontos *Micromachista eu* tratará de facer reflexionar as e os participantes sobre a igualdade de xénero. As actividades para o público xeral continuarán na Biblioteca Municipal o día 12 de marzo, a partir das 18.00 horas co contacontos *Carabranca*

protagonizado pola actriz Iria Pinheiro. Tamén na Biblioteca durante o mes de marzo haberá unha exposición de libros *O futuro é feminino*. Trala carreira do día 19, o 25, ás 19.00 horas, no Auditorio Casa Dopeso, as alumnas do Conservatorio Municipal ofrecerán un concerto.

Durante os meses de marzo e abril, dirixido a todos os públicos, o Concello das Pontes porá en marcha un ciclo de charlas con temática de muller e os *Roteiros en feminino*, rutas guiadas polas rúas das Pontes que levan nome de muller.

O BNG critica a atención pediátrica no centro de saúde

“Dende o BNG das Pontes queremos facer chegar a nosa repulsa ante a situación de indefensión na que nos atopamos as veciñas e veciños a respecto do tratamento que fai o Sergas, nomeadamente a Xerencia Sanitaria de Ferrol, diante das substitucións por vacacións e/ou baixas das profesionais do Centro de Saúde”, así pronunciáronse os representantes nacionalistas neste Concello nunha valoración do estado no que se atopa o sistema sanitario.

Segundo explicaron a baixa da pediatra a finais do mes de xaneiro supuxo que as nenas e nenos pontesas, máis de mil, tiveran que ser atendidas por médicas de familia, ou remitidas, segundo o caso, ao Centro de Saúde Fontenla Maristany, en Ferrol, (xa con anterioridade no Nadal e ante a falta da pediatra por vacacións foron remitidos a Pontedeume).

Engaden tamén que a comunicación desta situación irregular non se lle fixo ao Concello de xeito directo

até días despois da baixa da profesional, “mais eran as familias as que se atopaban co adiamento ou anulación de citas no mesmo momento, no mostrador do centro”.

“Logo de anunciar a Xerencia Sanitaria de Ferrol que a praza ía ser cuberta despois dunha semana sen servizo, estamos a evidenciar un funcionamento con parches: quendas de mañá e tarde, distintas profesionais, e sen garantía de atención por unha especialista en pediatría”, din.

Corizzo s/n, Vilalba
Casa/Chalet independente | 4 Dorm | 3 Baños | 280m² | 149.000€

En la parroquia de Santaballa, (Carrizo), a unos cinco kilómetros de Vilalba (Lugo) y a medio kilómetro de autovía Ferrol-Vilalba, se vende chalet en construcción para ser terminado por el comprador, con fachada en piedra, de unos 280 metros y con una finca de 3100 metros. Se encuentra cerca de la charca del Aligal y del Hotel Spa Álica.

De Muras 2, Vilalba
Piso | 3 Dorm | 1 Baño | 80m² | 95.000€

En la localidad de Vilalba (Lugo), se vende piso de tres habitaciones y sala, un baño, cocina amueblada, dos terrazas amplias. Dispone de ascensor y trastero.

C/ Campo de Puente 12, Vilalba
Local | 73m² | 100.000€

En Vilalba (Lugo), se vende cafetería-bar Alborada totalmente instalada en calle céntrica, en plena zona de paso.

Camino da Gándara 138, A Gándara, Narón
Terreno/Urbano (solar) | 761m² | 390.000€

En la localidad de Narón (A Coruña), en las proximidades del centro comercial Odeón, se vende solar de 761 metros, dando a tres calles, con una edificabilidad de sótanos para garajes, bajo y tres plantas. Sobre el solar hay una casa antigua, que va incluida en el precio.

Lugar Campo de Arriba, Begonte
Casa rural | 3 Dorm | 2 Baños | 200m² | 175.000€

Se vende casa de 70 metros cuadrados por planta, con un alpendre de 90 metros y una palleira de 67 metros. Tiene una finca de 13000 metros, de los cuales una buena parte está plantada a pinos y otra parte a frutales. La casa está situada a unos 200 metros de la capilla de los Milagros, en la parroquia de Saavedra. La cual, a su vez, está a unos 5 km de la A-6.

Novo Cazón, Vilalba
Piso | 4 Dorm | 2 Baños | 110m² | 58.000€

Piso céntrico, de 4 habitaciones y sala, cocina amueblada, 2 baños, calefacción de gas ciudad y con ascensor.

Avenida de Galicia 48, Vilalba
Piso | 4 Dorm | 3 Baños | 170m² | 60.000€

En la localidad de Vilalba (Lugo), se vende piso 1 sin ascensor, de 4 habitaciones, 3 baños, sala muy amplia y cocina.

Jose Luis García Mato 1, Vilalba
Casa/Chalet Adosado | 3 Dorm | 2 Baños | 231m² | 100.000€

Se vende en el centro de la localidad de Vilalba (Lugo), una casa de planta baja y piso, para reformar.

Avenida de Galicia 75, Vilalba
Casa/Chalet Adosado | 3 Dorm | 1 Baño | 282m² | 75.000€

Se vende en la localidad de Vilalba (Lugo), casa integrada por un bajo para montar un negocio o bien para reconvertirlo en garaje, tiene cocina, 3 dormitorios y sala y un jardín en la parte trasera de unos 50 metros. A mayores tiene una segunda planta únicamente tabicada, de unos 80 metros y un bajo cubierta de otros 50 metros en bruto. La casa tiene placa en todas las plantas.

Corvite 17, Vilalba
Terreno/No urbanizable | 1.917m² | 6.000€

Se vende parcela rústica, a un kilómetro del centro de Vilalba (Lugo), con acceso rodado y muy próxima a la carretera que va de Vilalba a Román.

Mourence, Vilalba
Casa/Chalet Adosado | 4 Dorm | 2 Baños | 220m² | 175.000€

Se vende chalet adosado a 1,5 km del centro de Vilalba, con una finca de 1.400 metros, de la que se puede segregar una parcela para hacer otra vivienda, al estar dentro de núcleo rural.

Avenida de Galicia, Vilalba
Piso | 4 Dorm | 2 Baños | 120m² | 40.000€

Se vende piso primero, sin ascensor, en la localidad de Vilalba (Lugo), de 4 habitaciones y sala, baño y aseo, cocina, terraza abierta y amplia terraza cubierta. Está muy cerca de la zona de los colegios.

Inmobiliaria JRoca C/de los Pepes 1 - 27800 Vilalba, Lugo Tel.: 600 828 720

ROCA ABOGADOS

Francisco Javier Roca Edreira • María Dolores Prado Rouco

Matrimonial - Herencias - Tráfico - Inmuebles
Comunidades - Penal

Roca Abogados Carril de Catesol, 1 - 1ªA, Lugo Tel.: 982 230 337 - 600 828 720

www.rocaabogados.info

Friol prepárase para unha nova edición da Feira do Queixo e Pan de Ousá

O concello de Friol acollerá a súa tradicional Feira do Queixo e Pan de Ousá, que chega á súa 28 edición e que terá lugar o 22 de marzo. Novamente o Concello será o epicentro da arte ancestral de elaboración deste alimento e abrindo a programación feiral galega adicada ao queixo.

Unha carpa ubicada na praza Andón Cebreiro acollerá arredor de 95 queixerías e 5 panaderías. A organización espera superar as cifras de participación de anos anteriores, que foron arredor dos 12.000 queixos e 3.500 pezas de pan.

Preto da carpa tamén situarase o stand municipal, onde ao mediodía os asistentes poderán degustar de balde os principais produtos, pan e queixo, acompañados dun viño. Ademais, arredor desta instalación, o Concello colocará stands onde poderán mercarse outros produtos agroalimentarios do concello, como carne, mel e ovos, entre outros.

Durante a celebración da feira per-



manecerán pechadas ao tráfico as rúas Deputación e Santa Isabel, onde se instalarán as polbeiras e tendas ambulantes.

O programa dará comezo ás 10.00 horas co lanzamento de foguetes, para, media hora máis tarde, asignar os stands ás queixeiras e panaderías participantes.



Á esquerda o cartel deste ano e, arriba, unha imaxe do ano pasado

A feira abrirá as súas portas ao público ás 11.00, co tradicional corte de cinta, que este ano correrá a cargo dunha panadeira.

A festa estará amenizada polos grupos Xesta Verde e a Charanga de Vilalba, e xa cara ás 19.00 horas haberá un concerto folk a cargo de Airiños da Freba, que será no Cen-

tro Sociocultural de Friol.

Xa pola noite será a quenda da romaría e da orquestra Los Satélites que poñerá o broche final á feira, que se clausurará sobre as dúas da madrugada. O Concello habilitará un aparcadoiro nas instalacións do Mercado Municipal e nas rúas do Polígono Industrial.

PROGRAMACIÓN

10.00 HORAS

Empezan os Foguetes

10.30 HORAS

Asignación de stands

11.00 HORAS

Apertura da Feira

11.00 HORAS

Pasarrúas e charangas
Xesta Verde
Charanga de Vilalba

19.00 HORAS

Concerto Folk
Centro sociocultural

22.30 HORAS

Romaría
Orquestra Los Satélites

00.00 HORAS

Remate

>> Ao carón da carpa estará o stand municipal

>> Habilitarán aparcadoiro no Mercado

Celebrarán un seminario sobre robótica o 21 de marzo

O 21 de marzo terá lugar no Concello de Friol o XI Seminario Obradoiro de Avaliación de Materiais Didácticos, *A robótica na escola e nos fogares*. Esta acción educativa, constará dun obradoiro participativo para iniciarse no desenvolvemento práctico dos robots e dunha conferencia sobre utilidades e aplicacións da robótica educativa. A actividade completarse cun roiteiro cultural durante a tarde.

O seminario está organizado conxuntamente polo Grupo de Materiais Didácticos Cavila, pertencente ao Movemento de Reno-

vación Pedagóxica Nova Escola Galega (NEG), a Asociación Carballo Vivo e o Concello de Friol.

Tanto a conferencia como os obradoiros serán impartidos por Almudena Alonso Ferreiro, docente da Facultade de Ciencias da Educación de Ourense e membro do Grupo de investigación Stellae.

Entre os obxectivos deste encontro están coñecer as tipoloxías de robots e estratexias metodolóxicas para utilizar estes recursos e tomar decisións construtivas respecto do uso dos considerados robots educativos no contexto escolar.

Xa está en servizo a senda peonil do polígono industrial

A Consellería de Infraestruturas e Mobilidade vén de poñer en servizo a senda peonil e ciclista na estrada LU-232, para a mellora da mobilidade sostible no entorno do polígono industrial. Estes traballos, adxudicados á empresa Grupo Bascuas 2008 por un orzamento de case 214.000 euros, comezaron no pasado mes de setembro.

O obxectivo do proxecto é a integración da senda na vía actual, nunhas condicións de seguridade axeitadas e cuns criterios de deseño sostibles. Os traballos consistiron na execución dunha senda compartida- para



A nova senda peonil

peóns e bicicletas- á altura do polígono A Gándara-Baiuca e ata a glorieta de entrada á travesía de Friol, entre os puntos quilométricos 18+300 e 18+870. A construción deste itinerario complementouse coa ampliación da beirarrúa existente e a execución dun paso de peóns.

A senda executouse pola marxe dereita da estrada LU-232, cun ancho de 2 metros e unha lonxitude de algo máis de medio quilómetro, estando separada da calzada por unha cuneta de seguridade para a canalización das augas de drenaxe e unha banda axardinada.

Manuel López Lodeiro
DISTRIBUIDOR



ABONOS • CEREALES • SEMILLAS Y VINOS

Ramón y Cajal, 7. Teléfono 982 375 006. FRIOL (LUGO)

REPARACIÓNS

- PORTÁTILES
- TABLETS
- ELECTRODOMÉSTICOS
- TV
- ORDENADORES
- MÓVILES



Tel.: 699 382 794 Pablo.satriol@gmail.com

Avenida da Coruña, 21 - 27220 FRIOL - LUGO

Friol acollerá unha charla sobre as tramitacións do PAC

O alcalde de Friol comunicou que a oficina de Extensión agraria organiza unha charla informativa das novidades na tramitación das solicitudes do PAC.

Dita charla terá lugar o día 17 ás 11 no centro socio cultural e estará a cargo de Fernando López, xefe do servizo do Foga.

“Estamos co trámite da declaración de Festa de Interese Turístico”

José Ángel Santos, alcalde de Friol, invita a achegarse á feira

Como se ve esta nova edición da feira do queixo? Segue en crecemento

A nosa Feira do Queixo de Friol e Pan de Ousá será un ano máis un dos maiores acontecementos que podemos desfrutar no noso Concello. En este evento danse cita moitas queixeiros de todo o municipio, que traen os seus queixos artesanais de gran calidade e de distintos tamaños e niveis de curación. Tamén varios panadeiros e panadeiras da parroquia de Ousá, que porán á venda un gran número de pezas de pan con un sabor, textura, cocción... únicos. En esta edición número 28, que se celebrará o próximo 22 de marzo, esperamos que siga medrando en afluencia de visitantes.

Como se protexe e impulsa dende o Concello estes dous produtos?

Protexendo e impulsando os produtores dos mesmos. Isto pode conseguirse mellorando e creando servizos, que son necesarios para que o seu día a día sexa o mellor posible. Dende o Concello intentamos manter viva a Feira e melloralas ano tras ano. Para isto estamos tramitando que a Feira consiga a declaración de Festa de Interese Turístico Galego.

Que futuro ofrece a produción do queixo en Friol?

Hai moitas queixeiros do Concello que fan queixos nas súas casas, para despois ir vendelos ás distintas feiras mensuais dos municipios máis próximos. Algunhas de estas queixeiros están a modernizarse investindo en instalacións axeitadas para poder aumentar a súa produción, e mesmo realizar un etiquetado, que lles permita chegar a un abano máis

grande de posibles clientes. A produción de queixo en este Concello é moi importante, e a proba está na cantidade de queixeiros profesionais e semiprofesionais que xa existen, e outras que dentro de pouco poderán abrir as súas portas.

E xa noutra orde de cousas, na última tempada tomáronse diferentes medidas para fixar poboación. Como están a funcionar?

As medidas que se tomaron en este sentido están a funcionar ben, pero tamén hai que resaltar que son medidas que non van ter uns resultados increíbles a curto prazo. Temos que seguir traballando para que a xente de Friol non decida marchar do seu pobo, para que persoas que viven en outros lugares decidan volver ó seu lugar de orixe, e tamén para que xente que non ten nada que ver con Friol, escollo o noso Concello para asentarse o seu fogar e mesmo para instalar aquí os seus negocios.

Que proxectos ten o Concello de forma máis inmediata?

Temos varios proxectos en marcha. O máis importante pode ser o complexo fluvial, o cal xa está adxudicado por parte da Consellería de Medio Ambiente.

A nova escola infantil que está a punto de rematarse, e na cal temos previsto ampliar prazas, ampliar horarios e mesmo ampliar servizos, para dar unha maior cobertura ás familias con nenos e nenas en idades de 0 a 3 anos.

En canto se poida baleirar o antigo PAI (Punto de Atención á Infancia) será derruído para construír no seu

lugar un edificio no que se poderán albergar todo tipo de eventos culturais e sociais como cursos, seminarios, etc., este proxecto está subvencionado practicamente na súa totalidade a través de Agader pola Concellería de Medio Rural.

Levarase a cabo unha reforma do pavillón polideportivo, debido ó mal estado no que se atopa actualmente este edificio. É moi necesaria esta inversión xa que estas instalacións son usadas diariamente polos alumnos e alumnas do CPI Doutor López Suárez. Tamén as usa unha gran parte da veciñanza para realizar cursos de baile, ximnasia de mantemento e outras actividades, esta inversión levarase a cabo gracias a colaboración da Xunta de Galicia a través dun convenio entre ambas institucións.

Acaban de renovarse as luminarias do casco urbano e rematouse unha senda peonil no polígono industrial. Temos varios proxectos en marcha para renovar as das parroquias.

Están en marcha varios proxectos de reforma de centros sociais de diversas parroquias do Concello e da creación dun novo como é o caso da parroquia de Silvela, dito proxecto de construción está en período de adxudicación.

Estanse facendo traballos de acondicionamento de pistas municipais por diferentes lugares do municipio.

Realizarase a mellora da estrada que une Friol con Palas de Rei, que suporá unha mellora moi importante para o transporte viario e que facilitará a conexión coa autovía A8 e A6 coa futura de Santiago, é dicir, con esta fundamental vía de comunicación mellorada significa que a través da mesma se vertebrará o tráfico do



José Ángel Santos, alcalde de Friol

norte con Santiago co que iso pode significar para Friol e a nosa economía.

Cales son os principais problemas ou carencias dunha vila como Friol?

O maior problema que ten Friol, ó igual que a inmensa maioría de concellos rurais, é o avellentamento da poboación, debido entre outras cousas ós escasos nacementos que se producen. Outro inconveniente é a importante diseminación da poboación, posto que vivimos nun concello con case 300 km², moitos núcleos de poboación moi separados, e isto implica un gran gasto en manter en bo estado toda a rede viaria, entre outras cousas, que non sempre se consegue pese ó empeño e esforzo que pon este goberno.

Que balance fai deste case primeiro ano desta lexislatura?

Diría que os resultados están sen-

do positivos, xa que conseguimos levar a cabo varios proxectos importantes, todos eles con financiación por parte da Xunta de Galicia, o cal lles estou moi agradecido a todas as consellerías e especialmente ó Presidente pola súa implicación persoal en moitos deles para que saíran adiante. Continuamos na mesma liña que no pasado mandato, traballo, traballo e mais traballo, desde a humildade, cercanía cos veciños e veciñas, e con coherencia na xestión diaria estamos conseguindo entre todos impulsar os sectores cos que contamos. O sector primario bonificando taxas, subvencionado trámites e mantendo uns bos accesos, o empresarial a través do impulso que tivo nestes anos o polígono, bonificando licenzas en todo o pobo de Friol e o sector turístico dando difusión á nosa cultura, paisaxes, patrimonio e a nosa gastronomía, etc...

TALLERES IGLESIAS

RECAMBIOS NEUMÁTICOS ELECTRICIDAD

Polígono Industrial a Gándara Parcela, Nº4
FRIOL - Lugo

MAQUINARÍA AGRÍCOLA TORNILLERÍA

Tfno.: 982 166 871 - 669 398 491
talleresiglesiasfriol@gmail.com

MAQUINARÍA JARDINERÍA

DISTRIBUIDOR OFICIAL DE **anova**

CHAPA - PINTURA CLIMATIZACIÓN - MECÁNICA
NEUMÁTICOS - LUNAS - SERVICIO DE GRÚA

Presupuesto sin compromiso

Rocho Automoción

Tels: 616 054 190
982 375 022
982 312 321

Avda. de Lugo, s/n 27220 Friol - Lugo
C/Rosalía de Castro, 168, 27120 Castroverde - Lugo
www.rochoautomocion.es • info@rochoautomocion.es

Autos EIROA
vehículos de ocasión

684 156 917

Parque Empresarial friol
Nave 2 - 27229 FRIOL (Lugo)
www.autoseiroa.com

José Antonio Viña Carreira

Avda. Santiago, 33
27220 - Friol - Lugo
Telfs.: 609 07 16 76 - 982 37 52 82

- CEREALES
- FERTILIZANTES
- SEMILLAS
- FITOSANITARIOS
- PAJA - ALFALFA
- POLLOS - PONEDORAS

Comezan no Concello as obras do tellado e de mellora da accesibilidade



A casa consistorial xa está en obras

O Concello de Friol vén de comezar coas obras de acondicionamento e mellora da accesibilidade da cuberta da edificación ao non ser recuperable mediante reparacións puntuais. Repararanse tamén os paramentos verticais do baixo cuberta destinado a arquivo, mediante a reparación e pintura.

Ditas obras son necesarias debido ao mal estado de conservación que presenta a cuberta e a planta baixo cuberta da Casa do concello, con perigo de deterioración do arquivo que se almacena na devandita dependencia. A entrada de auga pola cuberta deteriora ademais a propia edificación e chega a supoñer perigo por desprendemento.

Estas obras levarán a cabo con cargo ao Plan Único, por un importe duns 28.000 euros, nunha segun-

da fase está previsto con outro proxecto a instalación dun ascensor e mellorar a accesibilidade, esta segunda fase será a través dunha subvención da Xunta de Galicia por un importe de 39.000 euros.

Con esta subvención preténdese realizar unha serie de reformas para facilitar a accesibilidade. Estes traballos que levarán a cabo para facilitar o acceso ao edificio, engloban a instalación dun ascensor, o que evitará ter que subir e baixar as escaleiras que actualmente son inevitables. Tamén se realizará un acondicionamento do exterior, mediante instalación de ramplas, que eliminen as barreiras arquitectónicas existentes, as cales impiden ou dificultan o acceso a persoas con mobilidade reducida e mesmo de cadeiras de bebés.


O Servizo de Axuda no Fogar atendeu a 118 familias en 2019

O Concello de Friol presentou un balance sobre os usuarios do Servizo de Axuda no Fogar, do que se desprende que foron atendidas algo máis de mil persoas, realizando case 200 tramitacións. Cabe destacar as 48 solicitudes de valoración de dependencia realizadas por este servizo.

Durante o ano 2019 foron atendidas un total de 118 familias a través do Servizo de Axuda no Fogar, con 30.000 horas recibidas nos domicilios das persoas usuarias. Estes datos reflicten que foron 3.000 horas máis que no ano 2018.

Este servizo préstao o Concello de Friol a través dunha empresa externa, con máis de vinte auxiliares, que foi a encargada de executar este programa, tanto na modalidade de Dependencia como de Libre Concorrencia.

O alcalde, José Ángel Santos, indica que “o Concello está e estará á beira



O SAF rexistrou 3.000 horas

dos máis desfavorecidos e necesitados, neste caso, cos maiores con grao de dependencia do municipio, de aí o gran esforzo que supón para o Concello que cada ano conségase incrementar as horas de atención do servizo, un servizo prioritario para o equipo de Goberno coa única finali-

dade de que os nosos maiores teñan un nivel de vida digno e como se merecen”.

Para o alcalde trátase “dun servizo de gran importancia para a poboación de Friol, pois se trata de dar asistencia a unha cantidade moi importante de persoas maiores, pertencentes a 27 das 32 parroquias que conforman o municipio”. A parroquia con maior cantidade de usuarios é a de Xiá, cun total de 14, seguida pola de Condes con 12 e a capitalidade do municipio, con 10 usuarios.

Do total das 118 persoas beneficiarias do servizo, tan só 18 teñen unha idade inferior aos 65 anos, 24 delas viven soas nos seus fogares, “polo que este servizo é de vital importancia para as mesmas”, confirma Santos. O número de mulleres que dispón deste servizo é moi superior ao dos homes, sendo 82 e 36 respectivamente.

O Concello rehabilitará o pavillón polideportivo coa axuda da Xunta

O Concello de Friol, xunto coa Consellería de Deportes da Xunta de Galicia, levará a cabo mediante un convenio, as obras de substitución de cuberta e mellora das instalacións do pavillón polideportivo municipal situado no recinto do CPI Dr. López Suárez. Ditas obras supoñen un importe duns 100.000 euros de investimento, a cal será cuberta a partes iguais por ambas institucións.

Estas instalacións atópanse en uso na actualidade, pero presentan un deficiente estado de conservación debido principalmente á entrada de auga por varios puntos da súa estrutura e humidades no interior.

O programa de necesidades correspóndese coa mellora das instalacións polideportivas mediante substitución da cuberta do pavillón, enfocada como actuación principal, e á execución de traballos varios no interior das instalacións para a mellora das mesmas. Tamén se levarán a cabo traballos de drenaxe perimetral para evitar humidades por capilaridade e substituiranse as campás de iluminación da pista deportiva por outras de tecnoloxía LED, así como




Unha vista exterior do pavillón polideportivo

outras luminarias e calefactores. A intervención consiste na mellora de equipamentos públicos para o desenvolvemento de actividades e eventos de carácter deportivo e sociocultural de interese para todo o Concello. A parte dos usos propiamente englobados dentro das actividades deportivas do centro de ensino, estas instalacións utilízanse para acoller actividades vecinales e eventos de carácter social e deportivo.

“Estes traballos permitirán mellorar

o desenvolvemento das actividades deportivas do centro de ensino, o benestar e a calidade de vida dos veciños de Friol”, así fai referencia o Alcalde José Á. Santos á finalidade que se pretende coa execución deste proxecto, o rexedor tamén agradece a implicación da Xunta neste proxecto que ambas administracións levarán a cabo, así como ao propio presidente da Administración Autonómica, dado que personalmente foi quen impulsou devandito convenio.



PEIXES E FROITAS

JANA

Avda. Coruña, 9 Baixo

Telf. 659 307 505 - 646 772 298 - FRIOL (Lugo)

AUTOMÓVILES

Taller AURELIO

JAVIER RODRÍGUEZ CAMPO

Avda. de Lugo s/n

FRIOL (Lugo)

Tel/Fax: 982 375 202

Móvil: 610 025 833



Javier Souto - Móvil: 647 803 509

Javier Núñez - Móvil: 699 058 791

Tel: 982 18 25 01

Polígono Industrial A Gándara parcela 8. 27220 Friol, Lugo

e-mail: electronicaunavezsouto@gmail.com

O colexio súmase a un proxecto de reciclaxe e reforma a aula infantil

A Anpa As Faias e o CEIP Virxe do Corpiño de Begonte puxeron no centro en marcha o proxecto *Educa en Eco*, grazas ao contrato firmado pola Anpa coa empresa Coregal, coa colaboración de Ecoembes e Reciclaxe Contemar.

Trátase dun proxecto que aposta pola educación como motor para coidar o medioambiente, potenciando a redución de residuos, a reutilización e a reciclaxe na escola. O centro foi dotado con colectores azuis e amarelos e un colector para a recollida solidaria de tapóns que se colocarán nas aulas e nos distintos espazos do centro.

Ademais, os nenos recibiron a formación complementaria por parte de Carmen, da empresa Contemar.

OBRAS. Por outra banda, os rapaces contan dende hai uns días no patio do colexio con dúas mesas de picnic de madeira para o uso dos nenos. Estas mesas fo-



Membros da anpa colocando os contedores de reciclaxe

ron elaboradas e instaladas pola empresa de Xermade Xardinor SL, como doazón para o centro. Así mesmo, o colexio acometerá a obra de renovación da aula infantil, obra que ronda os 14.000 euros de orzamento que subvenciona a Xunta con man de obra que aporta o Concello. As obras contemplan a creación dun acceso directo que comunicará a clase cos baños para reducir o

tempo que o profesor ten que ausentarse para acompañar os nenos ao baño.

Ademais de acondicionar un extremo do local onde se colocará un novo estante con distintos módulos adaptados á altura dos nenos, renovarase o pavimento con tarima de madeira doada por Finsa e actualizaranse os xoguetes, que se atopan bastante anticuados

O Fluvial de Begonte renova a súa directiva

O Club Fluvial de Begonte conta cunha directiva nova integrada por cinco rapaces da localidade e que preside Alejandro Varela Quijada. Este novo equipo de dirección toma o relevo a unha xestión que se prolongou no tempo “e da que non había queixa pero que deixa paso a outras ideas e persoas diferentes que poden aportar novas cousas”, explica o novo presidente. A súa intención é seguir na mesma liña de impulsar o club fluvial pero realizar melloras xa para este verán “na medida na que nos dea tempo”, e para os vindeiros.

Ademais, forman parte da directiva Esteban Pastrana Núñez como secretario, David Grandío Piñeiro como tesoreiro e os vogais Noé Graña Arraña e Diego Castro Viña. A nova directiva, que conta cun gran apoio por parte dos socios e mesmo do alcalde, está inmersa agora no proceso de cambio de toda a documentación para facerse co control desta área recreativa, que cada ano vai aumentando o número de socios e de visitantes.

Segundo explica Alejandro Varela, o primeiro obxectivo é mellorar a pérgola do bar. “Cada ano levantábo o aire e agora queremos facer algo para que non teñamos que cambiala cada vez que pasa isto, facer algo máis definitivo”, explica.

Así mesmo, unha das primeiras medidas é mellorar o servizo de bar. Este ano, a xestión pasa a novas mans e a intención é modificar o servizo e amplialo.

Ademais, teñen previstas outras accións, como o acondicionamento do acceso ao fluvial ou as instalacións do parque infantil, “que hai que adaptar á nova normativa”. Seguirán coa escoleira que leva á praia tentando melloralas.

No tocante ás celebracións, a Festa da Empanada, que ten lugar a mediados do mes de xullo, queren que pase a ter máis relevancia, que poda ter postos de artesanía e outras novidades. “Aínda estamos estudando as diferentes opcións pero todas coa intención de facela máis ampla e abrila a todos os públicos”, engade Alejandro.

www.hijosderamonrubalsl.es
alfoz@hijosderamonrubalsl.es

982 55 86 00

DPTO. FORESTAL 665 69 72 99 - 671 72 22 42



*Hijos de
Ramón Rubal*

COMPRAMOS
MADERA
PINO Y EUCALIPTO

ASERRADERO Y EXPLOTACIÓN FORESTAL

Rematan as obras no parque infantil da Casa da Auga



Unha imaxe do novo parque da Casa da Auga

O Concello de Guitiriz rematou as obras de construción do novo parque da Casa da Auga, un espazo de ocio para os máis pequenos no que se fixo un investimento de 24.100 euros. Primeiramente instaláronse os

xogos (tobogáns, balancíns, columpios...) e despois colocouse o peche de madeira e encheuse o chan de area, acondicionando a zona ao completo para cumprir a normativa de seguridade vixente.

Morandeira pide a Augas de Galicia financiamento para modernizar a ETAP

A alcaldesa de Guitiriz, Marisol Morandeira, continúa a traballar para solucionar dunha vez por todas o recorrente problema da auga de Guitiriz. Agora, vén de reunirse coa directora de Augas de Galicia, Teresa Gutiérrez, para implicar ao ente autonómico na financiación do proxecto de modernización da actual Estación de Tratamento de Auga Potable (ETAP) de Guitiriz. A rexedora acudiu ao encontro co proxecto na man, redactado xa polo Concello de Guitiriz e cuantificado en 384.938,75 euros. Con esta actuación, para a que o goberno local xa reservou crédito nos orzamentos deste ano, preténdese actualizar a ETAP para poñela ao día e adaptar o seu funcionamento ao tipo de auga de Guitiriz, que conta cun alto volu-



Unha imaxe da ETAP de Guitiriz

me de ferro. Teresa Gutiérrez concordou con Marisol Morandeira en que esta actuación é a mellor opción para solucionar os problemas da auga en Guitiriz e comprometeuse a trasla-

darlle a proposta á Conselleira de Infraestruturas e Mobilidade, Ethel Vázquez, para obter o seu visto bo. Ademais, Gutiérrez tamén lle pediu que implique a outras administracións.

O Concello estuda integrarse no sistema nacional Viogen

A subdelegada do Goberno, Isabel Rodríguez, reuniuse coa alcaldesa de Guitiriz, Marisol Morandeira, coa que repasaron as principais necesidades deste municipio da Terra Chá. Na primeira visita que efectúa á Subdelegación do Goberno a alcaldesa de Guitiriz, Isabel Rodríguez e Marisol Morandeira tamén analizaron as posibilidades de colaboración en distintas materias entre as dúas administracións e abordaron temas referidos a seguridade. Así, trataron da posible incorporación do Concello de Guitiriz ao sistema Viogen de pro-



A alcaldesa e a subdelegada

tección das vítimas de violencia de xénero e acordaron planificar a próxima convocatoria da Xunta Local de Seguridade Cidadá.

O proxecto europeo de accesibilidade cognitiva ábrese aos negocios

O Concello de Guitiriz mantén aberto o prazo para que os diferentes negocios e institucións do termo municipal se sumen ao proxecto de accesibilidade cognitiva, dentro do programa de implantación de Obxectivos de Desenvolvemento Sostible (ODS). A accesibilidade cognitiva designa a propiedade que teñen contornas, procesos, bens, produtos, obxectos, servizos, instrumentos, ferramentas e dispositivos que resultan intelixibles ou de difícil comprensión.



As dependencias municipais, servizos do Concello, empresas privadas, locais de hostalaría, comercios... farán accesible a súa presenza cun pictograma que poñerán de xeito visible nas entradas para deseñar así unha contorna máis accesible, que facilite a comprensión da información e así colaborar tamén co ODS número 4, que pretende “garantir unha educación inclusiva, equitativa e de calidade, así como promover oportunidades de aprendizaxe durante toda a vida para todos”.

Sogama entrega 30 composteiros

Co fin de avanzar na senda da economía circular a través da prevención de residuos e a reciclaxe, o Concello de Guitiriz, adherido desde fai anos ao programa de compostaxe doméstica de Sogama, solicitou a axuda desta empresa pública para potenciar a recuperación da materia orgánica en orixe e estendela a novas familias. En Guitiriz serán 30

os composteiros a subministrar par outros tantos fogares. A dotación de composteiros, de 400 litros de capacidade e fabricados con materiais reciclados e reciclables, irá acompañada da entrega de manuais didácticos editados por Sogama a fin de que os veciños poidan coñecer o proceso e solventar dúbidas. Desta forma, e sumando partidas

anteriores, Guitiriz contará xa con 80 composteiros cedidos por Sogama. En ambos casos, o obxectivo dos entes locais é contribuír á protección do medio ambiente e ao aforro de custos a través da reciclaxe da materia orgánica, evitando que o 42% dos residuos orgánicos que conforman unha bolsa de lixo doméstico tipo acabe no contedor verde..

Preparan unha campaña de concienciación cidadá

O Concello de Guitiriz presentou a acción de concienciación cidadá sobre a igualdade e contra a violencia de xénero *En Guitiriz sementamos igualdade*. Trátase dun manual de boas prácticas destinado a que a cidadanía dispoña de suficientes recursos na súa vida cotiá para abordar situacións nas que se producen a desigualdade e a violencia de xénero. Esta publicación contén información precisa e sinxela para comezar a cambiar actitudes e comportamentos, así como o coñecemento necesario para sermos quen de recoñecer e dis-

tinguir o machismo, cambiar a mentalidade e conformar unha sociedade máis igualitaria, positiva e construtiva. Así mesmo, constitúe unha ferramenta práctica e útil para a elaboración de plans de igualdade e/ou a resolución de conflitos desta índole no tecido asociativo. A iniciativa achegará de xeito directo ás familias a información e ferramentas para facer fronte á violencia de xénero e convivir en igualdade. O Concello de Guitiriz distribuirá entre a veciñanza mil exemplares do manual de bos usos, xunto con 70 carteis.



CONSULTORIO DE MASCOTAS E CLÍNICA DE ANIMAIS DE GRANXA

CO ANUNCIO RECORTADO 10% DE DESCONTO EN VACINAS E MICROCHIPS

R/ Gabriela Nieto Chaín, nº 20
(O Ramal) Rábade
Telf. 982 871 103

URXENCIAS
24 HORAS

O Pleno respalda a aprobación do Plan Xeral

O Pleno deu o visto bo a aprobación provisional da documentación modificativa do Plan Xeral requirida en 2017 pola Xunta de Galicia para proceder á aprobación definitiva do Pxom. Así o decidiron nunha votación na que houbo 7 votos a favor, 1 en contra e 5 abstencións.

Desde que o 17 de abril de 2017 se recibise no Concello a Orde da Dirección Xeral de Ordenación Territorial e Urbanismo coas incidencias a resolver no Plan Xeral de Guitiriz, o equipo redactor mantivo varias reunións coa Subdirección Xeral de Urbanismo, afinando os seus contidos e incorporando documentos considerados esenciais para a aprobación definitiva do plan. Entre estes destaca a contestación da Confederación Hidrográfica Miño-Sil, tramitación que se demorou case dous anos por causas alleas ao equipo redactor e que supuxo dilatar a entrega da documentación



Un momento do Pleno de Guitiriz cando se tratou o PXOM

definitiva ata este momento.

O documento aprobado contén as adecuacións que solicitou a Xunta. Agora remitirallo novamente para que, no prazo de tres meses, emita unha contestación e proceder á aprobación definitiva.

No documento elaborado polo equipo redactor solvéntase os requirimentos da Confederación Hi-

drográfica Miño-Sil, Ministerio de Fomento, ADIF, Dirección Xeral de Conservación da Natureza, etc.

A alcaldesa, Marisol Morandeira, explicou que “agora o Pxom está adaptado aos criterios que esixe a Xunta” polo que agarda que “se axilicen os trámites de aprobación definitiva para que poida entrar en vigor o antes posible”.

Lareira de Soños convocou de novo o Certame Vilariñas de poesía

A Nova Poesía Guitirica e a Lareira de Soños convocan a IV edición do Certame Vilariñas, no que poden participar todos os escritores que queiran. A participación neste concurso é completamente de balde. Os micropoemas presentados ao concurso serán inéditos, orixinais e non premiados nin publicados. Os autores son responsables tanto deste punto como da autenticidade dos seus propios datos.

A temática será libre e cada participante poderá enviar un máximo dun micropoema que debe estar escrito en galego en calquera das normativas ou en portugués e presentarse ao concurso a través do correo electrónico dosvillares@gmail.com ou npggazeta@gmail.com en formato word e coa refe-



As Vilariñas, trofeos que se entregan aos gañadores

rencia de Certame Vilariñas 2020 no título do correo. Cada vilariña terá o nome ou o alcume do autor. Tamén no correo deben figurar os datos de contacto d@ autor/a co nome completo e un número de

contacto.

Os micropoemas terán una extensión mínima de 2 versos e máxima de 3 versos sen incluír o título. Admitiranse obras até o día 30 de marzo de 2020.

Os frescos dos Vilares entran na Lista Roja del Patrimonio

A asociación Lareira de Soños denunciou que aínda non comezaron cos traballos de restauración dos frescos da igrexa dos Vilares “tal e como se aprobara hai dous anos pola Comisión de Cultura do Parlamento Galego”. O acordo incluía convocar ás partes (Igrexa, Concello e Deputación de Lugo) desde a Xunta de Galicia para ver o xeito de iniciar o proceso de recuperación destas pinturas ao fresco do século XVI. “Casi dous anos despois, estamos aínda no punto de partida”, din.

O acordo da Xunta comprendía avaliar o estudo técnico en proceso de elaboración unha vez rematado, para estudar tanto o estado de con-

servación dos frescos situados nas igrexas dos Vilares e Labrada e as medidas a adoptar para frear o seu deterioro e garantir a súa conservación, e abrir un espazo de diálogo co Arzobispado, Concello e Deputación para acometer as actuacións.

A asociación, instigadora dese restauración asegura que “nestes 26 meses, os frescos dos Vilares pasaron a formar parte da listaxe da vergoña, a Lista Roja del Patrimonio del Estado dos bens patrimoniais con alto risco de desaparición”, tal e como foi comunicado á asociación polo comité científico da Asociación Hispania Nostra, responsable da avaliación do patrimonio do Estado.

‘Que Bo Estás Guitiriz’ continuará servindo tapas ata o día 15

Trece hostaleiros de Guitiriz están a participar este ano no concurso de tapas *Que Bo Estás Guitiriz*, que chega á súa oitava edición e que se desenvolve ata o 15 de marzo.

Os locais participantes nesta ocasión son CIT, Recreo e As Marias en Parga; Merendero, nos Vilares; e La Casilla, Xoldra, Centro, Soa, Nistal, titanic, Gaibor, Korreo e Nimbos en Guitiriz. Como nas edicións anteriores, os trece locais serven tapas a un prezo úni-

co de dous euros en horario de 20.00 a 23.00 horas todos os días agás as fins de semana cando tamén haberá servizo de mediodía entre as 13.00 e as 15.30 horas. Para incentivar aos clientes, estes poderán obter a premios que oscilan entre os 700 e os 50 euros cun estuche de viño incluído. O concurso volverá ter un fin social, así que os cartos recaudados irán para financiar o Día da Bici, organizado polo club Btteiros Cova da Serpe.

Lanzan a nova edición do premio Xosé María Díaz Castro

O Concello de Guitiriz lanza outra edición máis do premio Xosé María Díaz Castro de poesía, que xa vai pola quinta convocatoria. O prazo para presentar os orixinais, que xa está aberto, rematará o 31 de marzo.

Os poemas que se envíen deberán estar escritos en lingua galega e poderán ser de tema e forma libres, cunha extensión mínima de 500 versos. Non poderán con-

correr ao certame os gañadores e gañadoras de anteriores edicións. A obra gañadora terá un premio en metálico de 2.000 euros e ademais será publicada por Edicións Espiral Maior. O veredicto do xurado, que estará formado por tres persoas vinculadas á poesía e/ou á crítica literaria galegas, terá lugar nun acto público despois do 15 de abril.





OBRA PÚBLICA / PRIVADA • AGRÍCOLA / FORESTAL • TRANSPORTES

Castelo, Nº1. 27152 Outeiro de Rei (Lugo)
Teléfono: 982 39 32 86 / Fax: 982 39 98 05 / www.blancotrigo.com

castro de rei

Maratón de tute no
Restaurante Suso

O restaurante Suso de Castro Ribeiras de Lea organiza unha nova edición do Maratón de Tute, que se desenvolverá o 28 de marzo a partir das 19.00 horas. Cun máximo de 32 parellas, xa está aberta a inscrición deste torneo que terá un custe de inscrición de 80 euros por parella. A organización establece catro premios no grupo campión, que serán de 700, 300, 150 e 80 euros e outros catro de repesca, de 250, 150, 100 e 60 euros. Os interesados en inscribirse poden facelo nos teléfonos 982 310 037 e 608 588 315.

Aniversario do
colexio Ramón Falcón

Un grupo de ex alumnos do colexio Ramón Falcón están a organizar unha xuntanza para conmemorar os 45 anos da inauguración deste centro, que coincide co mes de outubro deste ano 2020. Para iso terá lugar o día 21 de marzo un xantar de confraternización no pavillón do colexio público. Os interesados en participar neste xantar de confraternidade, dirixido a alumnos, ex alumnos e familiares, poden recoller o seu ticket na patelería Amándoa, Desexos Muimenta, La Tienda (Muimenta) e Librería Madica de Castro de Rei. A festa contará coa actuación dun dúo e colchonetas con animador.

Novas marquesiñas
en Castro de Rei

Dentro do Plan de mellora de refuxios de paradas dos servizos de transporte público impulsado pola Xunta, que incorpora marquesiñas elaboradas con madeira de piñeiro e con deseños integrados na paisaxe, con versións adaptadas aos ámbitos rural e urbano, instaláronse dúas na estrada LU-113, que une Roazas con Abadín. Están situadas en Duarría, nas inmediacións do cemiterio parroquial e no cruce de Bagoi.

Bloques Cando
expándese

A empresa de Castro Ribeiras de Lea Bloques Cando S.L adquiriu tres parcelas (S26, S27 e S28) no polígono de Mondoñedo co obxectivo de, nunha superficie que supera os 3.100 metros cadrados, implantar unha planta destinada á fabricación deste material para posterior distribución en obra. Esta operación leva aparellos novos postos de traballo.

Solicitada a declaración de Área
de Rehabilitación Integral

O Concello iniciou os trámites para declarar a vila de Castro de Rei Área de Rehabilitación Integral (ARI) co obxectivo de que os veciños e veciñas da vila podan acollerse ás axudas que a Xunta de Galicia publica todos os anos para rehabilitación de vivendas. Así o anunciou o alcalde da localidade, Francisco Balado, quen se entrevistou coa conselleira de Medio Ambiente, Ángeles Vázquez, que lle indicou a necesidade de contar cun estudo detallado sobre a zona que abarcaría esta área e que, segundo manifestou o alcalde, englobaría case 70 vivendas. “A nosa intención é a rexeneración e rehabilitación urbana”, explicou. O Concello recordou que a vila de Castro de Rei conta xa cun dos requisitos para ser ARI, que é ter a declaración de conxunto histórico e artístico, distinción que recibiu no ano 1971 por



Unha imaxe do centro histórico de Castro de Rei


Patrimonio e Bellas Artes, que ademais o calificaba de “paraje pintoresco”.

Como explica Balado con esta declaración pretendeuse no seu momento protexer o que quedaba das edificacións antigas e da muralla xa que o castelo xa desaparecera.

O alcalde indicou que se está a preparar o proxecto para soli-

citar esta declaración, que se espera que en dous meses esté listo e poda ser aprobado polo Pleno para remitilo á Xunta de Galicia para proceder a esta distinción.

Como explica o Francisco Balado “seríamos o único ARI da zona da Terra Chá e significaría contar con axudas importantes de cara a rehabilitar o casco urbán”.



Polígono. A conselleira de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda, Ángeles Vázquez, adiantoulle ao alcalde de Castro de Rei, Francisco Javier Balado Teijeiro, que o proxecto de ampliación do Polígono de Castro de Rei, en máis de 40.000 metros cadrados, está moi avanzado. Vázquez Mejuto recordou que o IGVS ten reservado un orzamento de 275.000 euros nas contas de 2020 para materializar esta iniciativa, que ten por finalidade incrementar en 44.000 metros cadrados a superficie empresarial neste concello da provincia de Lugo.

O BNG propón unha Oficina
de Información á Mocidade

A voceira do BNG en Castro de Rei, Digna Lagarón, presentou unha proposta para incorporar unha oficina municipal de información e servizos á mocidade en Castro. “Precisamos de servizos para a nosa mocidade, un dos nosos bens máis preciado”, declarou Digna Lagarón. “O concello de Castro nunca tivo este servizo, un elemento importante para a mocidade que reside aquí, que suporía ter máis mecanismos para favorecer a súa integración no

eido laboral e social”, declarou Digna Lagarón, que engadiu “se queremos que a mocidade non se vexa obrigada a marchar do concello, precisamos poñer recursos para que poidan desenvolver unha vida plena aquí”. Neste sentido, dende o BNG indican que “o goberno municipal non está a facer nada por establecer un servizo deste tipo”. A agrupación local presentou a solicitude de maneira urxente para poder poñer este servizo a funcionar canto antes.

A Deputación
comeza as obras de
reconstrución da
ponte sobre o río Miño

Os servizos de Xestión Territorial da Deputación de Lugo, que dependen directamente do presidente, José Tomé, están a reconstruír a ponte sobre o río Miño que se atopa na estrada provincial LU-P-1104 cun investimento de 50.000 euros. Os traballos xa deron comezo e obrigan a cortar esta ponte ao tránsito de vehículos durante o tempo que duren as obras. A Deputación terá debidamente sinalizados desvíos alternativos en diferentes lugares, facilitando a circulación pola estrada LU-113, nos puntos quilométricos 9,1 e 16,5; tamén na LU-113, no quilómetro; pola LU-P-1611 e ademais pola LU-120. As obras, moi demandadas pola poboación e polo Concello, consistiron no recheo do terreo antes da entrada da ponte dende Bazar, xa que co peso dos camiións esa parte da vía abriuse e tiña unha importante grieta.

O Concello quiere acondicionar
unha finca para os usuarios do
antigo campo de fútbol

Estado no que quedou o lugar que ocupaba o antigo campo de fútbol

Xa remataron as obras de desmontado do muro e da cuberta do antigo campo de fútbol de Castro Ribeiras de Lea, situado na avenida Terra Chá, lugar no que se construírá unha praza e un parque infantil. Destes traballos ocupáronse os alumnos do obradoiro de emprego. Tal e como avanzou o alcalde, Francisco Balado, as obras de construción da praza non se poden acometer aínda por falta de orzamento e a intención do Concello é pedir unha axuda a outras institucións. “Posiblemente acudiremos ao Plan Hurbe para poder acometer esta obra o antes posible porque ten un custe aproximado de medio millón

de euros”, explica. Para o alcalde é prioritario rematar as obras no campo de fútbol de adestramento, realizado en herba artificial, da que xa se executaron as dúas primeiras fases e quedaría habilitar a plataforma que serva de base para facer a instalación da herba, o que ten un orzamento de 150.000 euros. Para estas dúas fases tamén se están a buscar axudas doutras institucións. Ademais, para os antigos usuarios do vello campo de fútbol, como os xogadores de billarda, a intención do Concello é acondicionar un campo municipal situado detrás do mercado gandeiro que ten unha extensión aproximada dunha hectárea.

A Granxa Experimental acollerá as primeiras prácticas estudiantís

O presidente da Deputación de Lugo, José Tomé Roca, participou na comisión de seguimento do convenio de colaboración coa USC para a construción da Granxa Experimental de Leite nas instalacións provinciais de Gayoso Castro. Este encontro incluíu unha visita ás novas dependencias xunto co reitor da Universidade de Santiago, Antonio López, e nel constatouse que as obras de construción e de equipamento do centro están na recta final. A día de hoxe, a institución provincial ten en fase de licitación a pavimentación da explanada de acceso por un importe de 180.000 euros, unha mellora incorporada por este Goberno ao proxecto inicial que dotará á Granxa duns accesos axeitados. Deste xeito, como informou José Tomé, a previsión é que o primeiro centro de investigación do sector lácteo da provincia poida acoller o vindeiro curso académico as primeiras prácticas universitarias, do alumnado da Facultade de Veterinaria e da Escola Politécnica Superior de Enxeñaría. Na comisión de seguimento do convenio entre a Deputación e a



Reunión da comisión de seguimento do convenio

USC para crear a Granxa Experimental de Leite asistiron o Deputado de Recursos Sostibbles, Roberto Fernández Rico; o secretario xeral adxunto da Deputación, José Antonio Mourelle Cillero; o director da Granxa Gayoso Castro, Miguel Fernández; o enxeñeiro técnico agrícola de Gayoso Castro, Jaime Caldeiro; o director da Escola Politécnica Superior de Enxeñaría, Tomás Serafín Cuesta; o decano da Facultade de Veterinaria, Germán Santamarina; o xestor do Campus Terra da USC, Pedro Fiz Rocha; e a vicerreitora de coordinación do Campus, Montserrat

Valcárcel Armesto.

Logo da reunión, os participantes que conforman esta comisión -integrada por tres representantes de cada unha das entidades- e o reitor da Universidade de Santiago supervisaron as instalacións da Granxa Experimental de Leite. A Granxa Experimental de Leite cubrirá ademais unha parte importante das prácticas da Facultade de Veterinaria e da Escola Politécnica Superior, "o que supoñerá un plus de calidade na formación do alumnado, porque farán prácticas nun laboratorio vivo e real", afirmou o presidente.

O IES Terra Chá acolleu un curso práctico de simulador forestal



Rapaces participantes nesta iniciativa

O director da Axencia Galega da Industria Forestal (Xera), Ignacio Lema, salientou a importancia de fomentar a incorporación de talento e persoal cualificado á industria forestal galega, durante a súa participación na clausura dun curso práctico de simulador forestal celebrado no IES da Terra Chá José Trapero Pardo, en Castro Ribeiras de Lea. Na iniciativa participou o alumnado do ciclo medio de Aproveitamentos Forestais e do ciclo medio de Xestión Forestal, co obxectivo de que adquirisen coñecementos de manexo de autocargador e procesadora forestal, previamente á súa incorporación

á realización de prácticas en empresas do sector. Para iso, contaron durante 20 horas por persoa con dous simuladores facilitados por Xera, que contan cos mesmos programas e mandos que unha procesadora ou autocargador real e recrea distintas situacións reais que se poden dar nun aproveitamento forestal. Ignacio Lema tamén participou no Ceip Lagostelle de Guitiriz nunha actividade para nenos e nenas de infantil organizada pola Asociación de Empresarios da 1ª Transformación da Madeira de Lugo para achegar as vantaxes ambientais e sociais deste material autóctono.



Crean Outrora, festa aniversario da fundación do Concello

Rábade vestírase de festa o día 30 de maio coa intención de conmemorar o aniversario do recoñecemento de Concello para esta localidade, que tivo lugar no ano 1925.

A intención do Concello é conmemorar esta data ano a ano e pouco a pouco ir crescendo en relevancia para no 2025 poder festexar o centenario da creación do Concello de Rábade.

A intención é que esta festa terá un tinte de recreación histórica polo que a intención inicial desta primeira convocatoria é seguir o programa da celebración inicial, con disparo de bombas de palenque a primeira hora do día, a chegada do ferrocarril á vila, o recibimento da banda de música por parte das autoridades, o descubrimento do arco conmemorativo ou a visita aos postos dos oficios.

O programa aínda está en plena xestación, pero xa se sabe que irán nesa medida e que se desenvolverán na prazuela. A festa recibirá o nome de Outrora2020



Foto de Rábade na época da súa formación como Concello

e esta será a súa primeira edición.

O obxectivo é dar a coñecer a todos os veciños as orixes do pobo e involucrar a asociacións e comercios facéndooos partícipes desta celebración.

Polo de pronto, como nas festas deste estilo, promocionarase asistir vestidos de época polo que todos os martes estase a celebrar un taller de confección de vestiario no centro sociocul-

tural. O taller está destinado a asesorar a todos os participantes que queiran elaborar, ou adaptar unha vestimenta acorde coa que os rabadenses levaban aló polos primeiros anos do século XX. Está dirixido por Marga Portomeñe e se celebra a partir das 20.00 horas.

Para poder participar hai que inscribirse no departamento de Cultura do Concello ou no teléfono 982390062.

Sons e Soños organizan un concerto e Rábade

As Escolas Mancomunadas de Música de Rábade, Begonte e Outeiro de Rei organizan para o sábado 21 de marzo o Concerto de Primavera.

Esta xornada musical será ás 18.00 horas en Rábade na praza, sempre e cando o tempo acompañe, senón trasladaranse ao Centro Sociocultural.

A actuación estará a cargo da Banda de Música Sons e Soños de Rábade, Begonte e Outeiro de Rei.

O 82% dos pais respaldaron co seu voto a xornada única no colexio Otero Pedrayo

Pais e nais de alumnos do Ceip Otero Pedrayo de Rábade aprobaron por maioría a implantación da xornada única tras unha votación na que participaron o 82% dos pais dos pequenos.

No recuento, rexistráronse 68 votos a favor do cambio, 7 en contra e un voto en branco polo que o próximo curso unírase ao resto de centros que

deron o cambio de xornada.

Os impulsores desta medida lembran aos pais que a xornada única garante cinco horas lectivas de clase, o funcionamento dos servizos complementarios de transporte escolar e comedor, un horario de atención ás familias e o mantemento do mesmo horario durante todo curso escolar.

O Máster de Fútbolín será o 9, 10 e 11 de abril



Unha imaxe do máster do ano pasado

O XXIII Máster Nacional de Fútbolín de Rábade terá lugar o 9, 10 e 11 de abril coincidindo, como é tradición, coa festividade de Semana Santa.

No torneo, que reparte uns 10.000 euros en premios, participarán previsiblemente máis de 300 parellas e as inscricións custarán 25 euros por persoa, e pecharán o día 8 ás 14.00 horas.

Como en anteriores edicións, haberá cinco modalidades de xogo e tres niveis e xogarase no pavillón do colexio e nas cafeterías Papyrus e Os Castro.

O Gran Máster Nacional de Fútbolín repartirá un total de 10.000 euros en premios. O maior será o de campión en movemento que este ano estará dotado con 1.400 euros e trofeo, mentres que o de parado recibirá 1.200 euros. O resto de premios, ata un total de 22, oscilarán entre os 700 e os 50 euros.

Ademais, os trofeos serán diferentes xa que se elaboran para cada torneo e terán un deseño exclusivo e orixinal.

Tamén contarán co trofeo Alejandro Finisterre, para o xogador máis regular; o trofeo Concellería de Deportes, para o mellor xogador; o trofeo Concello de Rábade, para a mellor xogadora, e o trofeo David García, para o mellor porteiro.

O mércores 8 de abril darase o pistoletazo de saída coa presen-



tación do evento ás 12.00 horas e o sorteo de equipos ás 15.00 horas.

As competicións iniciaranse o xoves 9 a partir das 16.00 horas coa modalidade infantil e de parellas cegas ás 17.30 horas.

O venres 10 será o día adicado ás modalidades en parado e feminina e darán comezo ás 12.00 horas. O sábado 11 ás 10.30 horas será a quenda da de movemento e as finais serán a partir das 21.00 horas.

ANIVERSARIO. A asociación Bola Meiga de Rábade celebrará o seu 25 aniversario o 3 de outubro cun torneo de fútbolín. Haberá tres categorías que recibirán premios que oscilarán entre os 500 e os trinta euros.

A Garda Civil fará unha charla sobre seguridade para maiores

O mércores 18 de marzo, ás 11:00 horas no centro sociocultural de Rábade, terá lugar unha charla informativa da Garda Civil, dentro do Plan Maior Seguridade, onde se tratará de amosar os principais riscos dos nosos e nosas maiores e se

aportarán unha serie de consellos para previlos, co obxectivo de ter unha maior seguridade e un maior benestar.

Entre outros temas tratarase sobre accidentes, seguridade vial, medidas de autoprotección, estas, riscos etc.

AVISO	FECHA	PREMIOS
01/03/20	01/03/20	1º PREMIO
02/03/20	02/03/20	2º PREMIO
03/03/20	03/03/20	1º PREMIO
04/03/20	04/03/20	4º PREMIO
05/03/20	05/03/20	5º PREMIO
06/03/20	06/03/20	7.780 €
07/03/20	07/03/20	51.023 €
08/03/20	08/03/20	6.753 €
09/03/20	09/03/20	48.596 €
10/03/20	10/03/20	8.506.089 €

El Milenio de Oro
Establecimiento 49809

EL MILENIO DE ORO

Administración de Loterías

Avda. de A Coruña, 16 - 27300 GUITIRIZ
982 370 429 / 648 777 058
elmileniodeoro@hotmail.com
www.elmileniodeoro.com

O Concello está a ampliar e mellorar a piscina pública

O Concello de Muras está a realizar as obras de mellora e ampliación da piscina pública, unha obra que ten un orzamento de 110.000 euros.

Esta é a segunda vez que se inician as obras xa que a anterior concesionaria non cumpriu co prazo estipulado no prego deixando sen executar o 85% da mesma polo que se procedeu a cancelar o contrato.

Agora, a segunda adxudicataria está a realizar este traballo co obxectivo de ter rematado nun prazo estimado dun mes.

Os traballos consisten na remodelación do vaso de adultos incorporando novas bombas de aspiracións e depuración e tamén facer un vaso infantil. Para completar a obra, farase o peche do recinto. Como explica o alcalde, Manuel



Unha imaxe da piscina durante as obras que se están a realizar

Requeijo, “esta obra significa adecuarse ás demandas da poboación de mellora deste servizo e ademais ofrecer un vaso infantil, que non son moitas as piscinas da

contorna que o teñen”.

O alcalde subliña que a piscina volverá abrir no verán coas novas instalacións para o disfrute dos veciños.

Rematan as obras de asfaltado en catro vías municipais

O Concello vén de rematar as obras de catro vías municipais nun total de sete quilómetros para os que se empregaron uns 120.000 euros procedentes dos fondos do Plan Único da Deputación Provincial de Lugo.

O proxecto, valorado inicialmente en 157.000 euros, foi executado pola empresa Carferlo por 120.000 euros e os traballos consistiron no acondicionamento do firme con dobre rego e a limpeza e perfilado das marxes e das cunetas. O tramo máis grande foi o da vía que vai das Pardas ao cruce da estrada da Deputación en Bustelo, que ten tres quilómetros. Da mesma extensión é a estrada que vai da ponte sobre o río Amboreses á Moriscón. Así mesmo, tamén actuaron na estrada de Seilán, nun tramo de medio quilómetro, e na que vai do Barral ao límite co Concello de Xermade por Carelle, duns 900 metros.

Ampliado ata o 13 de marzo o prazo para solicitar as axudas da luz

O Concello de Muras ampliou o prazo para pedir as axudas por gasto de luz nos fogares dos veciños de Muras ata o 13 de marzo deste ano correspondente á pasada anualidade. Como en edicións anteriores, todos os interesados en solicitar esta axuda terán que presentar as facturas correspondentes ao todo o ano pasado nas oficinas municipais, no Rexistro Xeral. O abono farase nun único pago.

O importe individual das achegas concedidas ao abeiro desta convocatoria non superará os 600 euros por unidade familiar e concédese en función da renda per

cápita anual de cada unha. Este ano aplicarase a suba aprobada en Pleno de cen euros na máxima retribución.

Concederase unha soa axuda a cada familia que o solicite e unha soa por vivenda habitual e por contador da luz destinado á vivenda habitual. No caso de edificios de vivendas, poderase conceder a axuda a cada vivenda que forme parte del e que así conste no padrón municipal de habitantes. Non poderán optar a estas axudas as vivendas que teñan débedas coa administración local, agás que sexan abonadas antes do remate do prazo.

O Pleno aproba un orzamento de 1,74 millóns de euros

O Concello de Muras aprobou tamén no Pleno de febreiro, os orzamentos que rexerán durante o ano e que ascenden a 1.740.000 euros, un pouco menos que o ano pasado no que se reflectiron uns ingresos que ao final non foron para diante. Como en anos anteriores, arredor do 50% dos orzamentos están adicados a servizos sociais, sendo un dos concellos coa porcentaxe máis elevada neste capítulo.

Así, 65.000 euros irán para a axuda do pago do recibo da luz, que este ano ten máis elevada a cuantía máxima, que chega aos 600 euros.

Así mesmo volverán destinar 6.500 euros para a apa do colexio e outros 18.000 para as axudas anuais que se conceden aos estudantes. O segundo capítulo é para o persoal do concello, ao que vai outro 25%.

“Este ano non temos consignadas grandes partidas para inversións, está todo distribuído en partidas pequeniñas. As grandes obras son do Fondo de Compensación Ambiental como a traída da Balsa, unha partida de persoal e outra do Plan Único para a depuradora do Viveiró”, explica o alcalde.

Curso de astrofotografía

O sábado 14 de marzo a Asociación de Fotografía Ferrolterra realizará un taller de astrofotografía avanzada, que complementará ao xa realizado este mes, que terá como obxectivo aprender a procesar as fotos das estrelas. O obradoiro estará impartido por Raúl Villaverde e conta coa colaboración do Concello de Muras, que está en trámites de solicitar o selo Starlight.

A localización exacta para quedar

confirmarase por Whatsapp ou Facebook, a hora será ás 16:00 para comezar a clase teórica. Unha vez rematada, ata as 20.00 horas, haberá cea nun restaurante dos arredores tamén por concretar.

O prezo do obradoiro é de 50 euros (os socios de Ferrolterra Fotografía un 50% menos) e hai 20 prazas. É necesario reservar para cear e para o curso no teléfono 646 868 699.

V Romaxe artesá da Chaira

O Concello de Muras xa está traballando na celebración da que será a V Romaxe Artesá da Chaira e que terá lugar o 23 de maio na Veiga.

O programa, aínda sen desvelar, contará novamente con mostra de artesanía e oficios, xogos tradicionais, teatro, charlas, exposicións, música, baile e obradoiros, entres outras sorpresas, co obxectivo de seguir reivindicando o rural.



NUEVA UBICACIÓN

Medinformática
SERVICIOS INFORMÁTICOS PROFESIONALES

Empresa líder en el mercado informático en la provincia de Lugo especializada en equipos portátiles y de sobremesa

RÚA SANTIAGO 1, BAJO C (FRENTE AL COLEGIO) - 27002 LUGO
T.982 254 813 - 982 241 601 / tienda@medinformatica.es

TOSHIBA

SISTEMAS DE IMPRESIÓN | EQUIPOS INFORMÁTICOS | SERVICIO TÉCNICO

www.medinformatica.es

outeiro de rei

O Concello presenta un proxecto á Xunta para unha piscina e un centro BTT

O alcalde de Outeiro de Rei, José Pardo, e a conselleira de Medio Ambiente, Ángeles Vázquez, reuníronse para falar sobre a creación dun centro deportivo no Concello.

Este proxecto contempla construír unha piscina, un centro BTT e un edificio que daría servizo cun bar ás dúas instalacións. Estas situaríanse nunha finca de titularidade municipal en Santa Isabel.

Vázquez confirmou o compromiso da Xunta de Galicia en colaborar nesta actuación, e proximamente firmarán o convenio para que os traballos comecen dentro do Plan Hurbe, un programa creado para axudar aos concellos a financiar actuacións de recuperación e mellora de espazos públicos.

Esta obra estaría financiada con achegas do Concello e da Xunta. O alcalde avanzou que o Concello manterá o convenio co club de Bonxe mentres non se constrúa a piscina e que a achega da Xunta para as obras podería ser de 750.000 euros, pero concretarase cando se firme o convenio.

Outeiro de Rei acollerá unha nova xornada de seguridade na moto

O Concello de Outeiro de Rei acollerá o sábado, 28 de marzo, a undécima edición das Xornadas de Seguridade na Moto, organizadas por Cruz Vermella e Garda Civil entre outros organismos.

A sesión dará comezo ás 10.00 horas e as ponencias versarán sobre Sistemas de Amoriguación, de MMRacing; Condución proactiva, de @PoluxCriville, A responsabilidade legal vs moral, da cargo de Daniel Castelo.

Tralo xantar, haberá simulacros de accidentes de tráfico e falarán sobre sistemas de seguridade activa, condución segura de moto en grupo e o sistema roadcraft. Os interesados en participar poden inscribirse no teléfono 619 987 809. O prezo da actividade é de 2 euros e para os que se queden ao xantar de 16 euros.

O PP tumba a moción do BNG dunha ruta verde entre urbanizacións

O BNG lamenta profundamente que non fora o pleno no seu conxunto e de forma unánime quen solicitase á Deputación que procedese a construír unha senda verde, un carril para persoas e bicicletas, entre as urbanizacións de Guillar e o núcleo de Martul, senda que pasaría por Marcelle Natureza e polo Caneiro do Piago, dous dos lugares máis emblemáticos do concello. Dende a organización nacionalista manifestaron que levaron esta proposta de solicitude ao Pleno porque crían “que feito por ese órgano por unanimidade tería máis forza ante a Deputación, pero por desgraza foi imposible”.

Este camiño transcorre por unha estrada da Deputación e por el transitan a diario moitas persoas para facer os seus paseos diarios ou para facer deporte. Moita des-

ta xente son persoas maiores así como nenos e nenas, os cales debido ás características desta estrada teñen que facelo pola propia calzada, creándose unha situación de inseguridade debido a que non existen arcéns e as cunetas están normalmente sen limpar e cheas de maleza.

Para o BNG aínda resulta máis estraña esta negativa do alcalde pois só se trataba de facer a solicitude polo pleno de forma conxunta, xa que crían que a petición tería máis forza deste xeito. “Tería que ser a Deputación quen fixera a obra e correa cos gastos, pois é unha estrada da súa propiedade e xa fixo máis obras deste tipo noutros concellos”, dixo Xosé Ferreiro. “Non tería ningún custe para o concello e aínda así negouse a apoiar as peticións” continuou o voceiro.



Zona onde se fará a senda peonil na LU-155

Adxudicadas as obras da senda peonil no polígono

A Xunta adxudicou as obras de execución dunha senda peonil e ciclista na estrada LU-115, no polígono industrial, cun investimento de máis de 285.000 euros.

Esta actuación impulsada pola Consellería de Infraestruturas e Mobilidade prevé o seu inicio este mes. O contrato foi adxudicado a Construcciones Taboada y Ramos, S.L e prevé un prazo de execución de 8 meses. As obras consisten na execución

dunha senda ao carón desta estrada de titularidade autonómica, entre as glorietas existentes para acceso ao polígono industrial A Matela, incluída unha pasarela sobre o ferrocarril. A senda terá unha lonxitude total de 245 metros pola marxe esquerda xa que evita cruces na calzada, e disporá dun ancho de 2 metros transitables, incluído o bordo, en parte sobre muros para evitar ocupacións excesivas en terreos colindantes.

BNG e PSOE lembran que segue aberta a oficina do PXOM

As representantes dos dous grupos na oposición, o PSOE e o BNG, liderados por Rosa Morán e Yolanda García, quixeron recordar a todos os veciños que aínda teñen de prazo ata o 20 de marzo para consultar a documentación do Plan Xeral e “presentar todas as alegacións que consideren necesarias”.

“Este é un plan que van facer todos os veciños, que afecta a 250 núcleos rurais, polo que son os propios veciños os que teñen que facer as consultas e ver que todo está correcto”, subliñan. Enganden tamén que “non vai a estar ao gusto de todos pero é importante que se mire”.

As concelleiras lembraron que o plan

leva en exposición pública dende hai dous meses, cando foi aprobado provisionalmente polo Pleno.

O documento pode consultarse xa na páxina web do Concello no apartado de sede electrónica, así como nas dependencias municipais.

Ademais, o Concello puxo a disposición dos veciños unha asistencia técnica para entender o documento que funcionará neste tempo os xoves e venres pola mañá, entre as 10.00 e as 14.00 horas, na casa da cultura de Feira do Monte e os venres pola tarde, entre as 16.00 e as 19.30 horas, na casa da cultura de Muimenta. A oficina abrirá os últimos días o 12, 13 e 20 deste mes.

Xotramu iniciou a programación cultural ‘Sementando’

A asociación Xotramu de Muimenta realizará ao longo do mes de marzo varios actos culturais, baixo o nome de *Sementando*, actos que terán lugar na Igrexa Vella.

A primeira destas actividades foi o 6 coa proxección da película *O que arde*, de Oliver Laxe e o domingo 8 celebrouse o Día Internacional da Muller co visionado da curtametraxe *Matría*, de Álvaro Gago.

Continuarán o sábado 14, coa música como protagonista. Davide Salvador ofrecerá o seu novo espectáculo, *Amarelo*, acompañado por Pedro e Pablo Pascual. A actuación será a partir das 20.00 horas.

A representación da obra *Unha noite de ruada*, do grupo de teatro Os Xubilosos, porá punto e final ás actividades desta programación o sábado 21 ás 17.00 horas. Esta obra foi feita hai 18 anos por xente de Muimenta. A continuación, haberá un coloquio cos actores.

Segundo explican dende Xotramu, “trátase dunha programación moi especial, para empezar a sementar máis cultura na nosa parroquia. En marzo comezan a andar as sementes á terra e iso é ou que queremos nós, botar para recoller de todo un pouco: máis lecer saudable, bos recordos e momentos en boa compañía”.



menta, punto no que teñen parada seis liñas do municipio, catro delas de transporte escolar e dúas xerais, de conexión con Meira e Lugo.



O BNG critica os altos soldos do alcalde e de dous concelleiros

O BNG de Cospeito explicou que no último pleno votou en contra do orzamento deste ano pola baixada no capítulo de inversións reais mentres aumentan os gastos en persoal.

A voceira nacionalista, Yolanda García, explicou que “se vai baixar un 6,65% a partida de investimentos reais, algo increíble xa que non podemos dicir precisamente que sexamos o concello que mellor está. Hai necesidades, como auga, iluminación, estradas, servizos, e cada carto é necesario”.

Si criticou o incremento en persoal que cifrou nun 7,45%. “Por unha parte o alcalde está a cobrar o máximo que lle permite a lei e pola outra, hai dúas adicacións parciais que unha delas tamén cobra o máximo e a outra ten unha cuantía que non está en consonancia co traballo feito”.

A concelleira indicou que o alcalde respostou á súa queixa “que non só había que investir hai que manter o que hai feito e se o mantemento

vai noutra partida que está incrementada dunha forma irrisoria, nun 23.000 euros, as cousas non concordan”.

“Os cargos electos teñen que cobrar pero unha cousa é cobrar e outra é chegar ao teito de gasto nunha situación delicada como está o noso concello”. Yolanda García explicou que o alcalde ten unha dedicación exclusiva de 42.000 euros e subiu 2.000 con respecto ao ano pasado. Os outros dous concelleiros cobran 24.000 e 14.175 euros.

CHEIROS. Así mesmo, a concelleira mostrou a súa preocupación novamente pola planta de biocompost e preguntou no último Pleno se estaba ao corrente de todos os impostos e ademais insistiu en que se informe de se os cheiros que desprenden poden ser nocivos para os veciños. “Contestaron que eles entendían que se estaban a cumprir as normativas de saúde pública e de sanidade pero preocúpanos que sexan nocivos”.

A Moexmu ten xa pregoeiro e xuíz para o concurso de gando



O xornalista Antón Losada no medio dos dous carteis anunciadores da Moexmu

A comisión organizadora da XXXVI edición da Mostra Exposición de Muimenta, Moexmu, que terá lugar os vindeiros 3, 4 e 5 de abril do 2020, anunciou ao pregoeiro desta edición, que será Antón Losada, un habitual colaborador da Cadena Ser, e doutros medios de comunicación a nivel estatal, como El Diario, La Opinión o El Periódico de Catalunya. Ademais foi director de radio en Madrid, a mediados da década dos 90.

Doutor en Dereito pola USC é profesor titular de Ciencia Política no departamento de Socioloxía e Ciencia Política desa Universidade dende 1998. Tamén ten un Máster en

xestión pública pola Universidade de Barcelona. Ten varios libros publicados, como *La política del mar: políticas públicas y autonomía. El caso de la pesca gallega*, *Piratas de lo público*, *Código Mariano* o *Los ricos vamos ganando*.

Losada colle o relevo de Manuel Cruz Rodríguez, director e presentador do programa *O Agro* da Galega.

XUÍZ. Por outra banda, o portugués Henrique Moniz será o xuíz encargado desta edición da Moexmu. É a segunda vez na historia da Moexmu que o xuíz de dito concurso será portugués e a terceira vez que non será español.

Por outra banda, continúa aberto o prazo de inscrición para a reserva de stands e parcelas a ubicar no recinto feiral Manuel Vila López.

APORTACIÓN. O delegado territorial da Xunta en Lugo, José Manuel Balseiro, mantivo unha xuntanza con representantes da comisión organizadora da Moexmu para concretar os apoios a este evento que realizan distintos departamentos do Goberno autonómico.

A Xunta colabora cos responsables da feira cunha achega económica de 7.000 euros para os gastos de organización e tamén na entrega de premios para os distintos concursos.

Convogada unha nova edición do Concurso de Debuxo e Relato da Filloa

Vén de convocarse a nova edición do Concurso de Debuxo e Relato-Filloa 2020, e enviaranse as bases aos diferentes centros escolares de primaria e secundaria de toda a comarca da Terra Chá, un total de vinte e cinco.

Nesta edición os nenos terán que facer os seus traballos sobre a Festa da Filloa e o Camiño de Santiago. A idea principal é que os máis novos intenten vincular as Filloas e a futura celebración do Xacobeo 2021, ben a través do Camiño de Santiago, ou calquer outra actividade que esté relacionada co Ano Santo.

Os traballos gañadores serán expostos durante a celebración de dita festa gastronómica, e os galardoados recibirán os seus premios despois do pregón da Festa do vindeiro primeiro de maio.

Espérase contar, como ven sendo habitual dende o ano 2010 (data de sinatura do convenio de colaboración), cunha colaboración por parte da USC, que será entregada a un dos dezaseis premiados.

Igualmente, o vindeiro 24 de abril, a comisión está organizar unha viaxe ao programa Luar para a promoción da XXIX edición da Festa da Filloa de Muimenta. quen desexe



ir de público debe apuntarse na Mercería Teresa de Muimenta. Lembrar que dende que començara a organizar a Festa da Filloa, colaboraron desinteresadamente, xa non só os veciños de Muimenta, senón tamén os dos pobos limítrofes, acadando case os douscentos colaboradores, que durante toda a xornada realizan filloas, churrasco, queimada, café e atenden á xente que se acerca ese día a xantar ata a Vila.

A organización da Festa da Filloa recae na Asociación de Empresarios de Muimenta, a través das comisións da Moexmu, e colaboran o Concello de Cospeito, a Deputación Provincial de Lugo (área de Turismo), a Xunta de Galicia, a Universidade de Santiago de Compostela e numerosas empresas e particulares.

Muimenta acolle o 15 unha xornada de exaltación da caza

A Federación Galega de Caza en colaboración co Tecor Terra Chá e o Concello organizan o 15 de marzo unha xornada de exaltación da caza, como parte do mundo rural.

Esta xuntanza, que terá lugar no recinto feiral de Muimenta, consistirá nun xantar de irmandade,

exhibicións de diversas disciplinas de caza e contará cun simulador de tiro e stands de empresas do sector e produtos deo rural galego. As portas abriranse ás 10.30 horas pero os actos principais serán ás 12 horas. Trátase dunha xornada gratuíta que aínda así terá prazas limitadas.



O PSOE reclama melloras en Romariz e no polideportivo

Os socialistas de Abadín denuncian que no lugar de Portorrio, en Espiñarcao, parroquia de Romariz, o estado da fosa séptica municipal está a causar unha situación de contaminación importante da zona.

O PSOE lembra “a sanción económica de 1.200 euros que lle impuxo a Confederación Hidrográfica Miño Sil ao concello por vertidos ao río e ademais da chamada de atención de Medio Ambiente facemos referencia na nosa denuncia veciñal”, din.

O mesmo grupo político asegura, entre outras necesidades, falta a baranda da ponte e céntranse nas queixas dos veciños polas goteiras no pavillón de deportes municipal. Os socialistas reclaman que se reparen “de forma inmediata”.

Así mesmo, insisten na deficiencia da cobertura móbil no concello, en especial nas parroquias de Corvite, parte de Moncelos, Labrada, Espiñarcao, Montouto, Gontán ou



Estado do polideportivo

Quende. Como din “cunha chamada pódese salvar unha vida pero para vostede é máis importante invertir 50.000 euros en tapar a pista de padel, faga ben o seu traballo e non perda máis subvencións e axudas que supoñen mellorar a calidade de vida dos nosos veciños”, insisten.

Abadín pechou un ano máis Expogrelo esgotando existencias

Os quince produtores presentes na décimo quinta edición de Expogrelo, celebrada non recinto feiral de Gontán, esgotaron as súas existencias nunhas horas, tras ser vendidos a un prezo fixado de 1,5 euros a mada.

Malia ser un ano de mala colleita, os produtores presentaron unha media de cen madas cunha calidade superior á de outros anos. Sen dúbida axudou na xornada o bo día.

Como en anos anteriores tamén houbo premios outorgados polo Concello. Marisol Grandío, de Romariz, foi a gañadora esta edición, seguida de Esther Cruña, de Moncelos, e de Aniceto Seijo. Ademais, todos os produtores recibiron unha gratificación.

O XV Expogrelo contou por pri-



O momento da entrega de premios en Abadín

meira vez cunha degustación de dun cocido preparado por San Briz da Pontenova, que esgotou rapidamente as 300 racións.

Acompañaron na ocasión os 40 postos de artesanía e gastronomía, diversos feirantes e a animación de Mekanika Rolling Band

que fixeron de Expogrelo unha xornada do máis completa.

As boas novas da xornada completáronse co premio da Once que recaeu no décimo 79923, da serie 005, e que foi vendido entre a Feira de Expogrelo e a comida de veciños de Vilarente.

O PP valora o investimento da Xunta en 1,2 millóns de euros

“As achegas da Xunta de Galicia durante o 2019 supuxeron unha inxección de máis de 1,2 millóns para Meira”. Así o resalta o voceiro do Grupo Municipal Popular, Carlos Veiga, despois de manter unha xuntanza co delegado territorial da Xunta, José Manuel Balseiro, na que fixeron balance dos investimentos do goberno galego dirixidos a acometer obras e prestar servizos aos veciños e veciñas.

O popular engadiu, así mesmo, que “a estes recursos hai que engadir os que a administración autonómica dirixe a Meira e que permiten manter importantes servizos públicos da súa competencia como son o centro de saúde e os centros de ensino”.

Veiga fixo fincapé nos máis de 122.000 euros que a Xunta achegou na pasada anualidade con cargo ao Fondo de Cooperación Local e que lle “permiten ao Concello acometer obras ou prestar os servizos que se consideren máis apropiados”. Tamén puxo de relevo a importancia dos máis de 81.000 euros para o sostemento do servizo de axuda no fogar.

O voceiro do Partido Popular no municipio sinalou, en materia de emprego, a achega de máis de 135.000 euros.

Premiados alumnos do Ceip Poeta Avelino Díaz no concurso de curtas a nivel autonómico



Foto de familia da entrega de premios das curtas

O secretario xeral de Política Lingüística, Valentín García, e a directora adxunta á Dirección Xeral da CRTVG, Rosa Vilas, fixeron entrega dos Premios a curtas de animación en galego *Nós tamén creamos!*, organizados pola Xunta de Galicia en colaboración coa CRTVG e con OQAeditora e que chegan con esta á súa oitava edición. Nesta ocasión, o Ceip Poeta Avelino Díaz, foi o gañador na categoría de 3º e 4º de educación primaria coa proposta *Maruxa*.

Nesta oitava edición, tamén se fixeron cos premios o Ceip Ponte dos Brozos de Arteixo, que gañou na categoría de educación infantil coa curta *Cantas pingas na cidade*, e o CEE Terra de Ferrol, que se fixo

co galardón na categoría de 1º e 2º de primaria con *Andrés Cabeza Abaixo*.

Valentín García agradeceu o traballo dos docentes e do alumnado que se implicou na realización dos proxectos gañadores, así como dos restantes participantes no certame e recordou que “o máis importante deste premio non é o acto de hoxe, senón todos eses meses en que profesores e estudantes traballastes xuntos nas vosas curtas, un proxecto ilusionante que vos permitiu expresar a vosa creatividade”. Presentaron o acto os coñecidos Bolechas que, finalizada a entrega de premios, desenvolveron unha actividade de dinamización lingüística para os asistentes.

A confraría xa ten listo o programa de Semana Santa

As Confrarías da Pontenova e de Meira xa teñen listo o programa conxunto da Semana Santa deste ano.

Para celebrar a popular festividade abrirán a programación o 5 de abril na Pontenova, o Domingo de Ramos, coa bendición de ramos na capela de San Briz ás 12.15 horas e a procesión da Borriquita.

O 9 de abril será en Meira a celebra-

ción do Xoves Santo, onde ás 19.30 horas haberá misa e procesión acompañada pola banda. Participará a Confraría do Cristo da Agonía, Confraría da Esperanza e a Confraría Nosa Señora do Pedregal.

O Venres Santo terá lugar o Vía Crucis a Conforto, na Pontenova, con saída ás 16.00 horas da praza dos Fornos. Acto seguido será a celebración da Paixón de Cristo.

O Meira FC organiza para o 14 un campionato de tute

O Meira FC organiza un campionato de tute, que se desenvolverá o sábado 14 a partir das 19.00 horas nos Cabanós do Convento. Cun máximo de 32 parellas, xa está aberta a inscrición deste torneo que terá un custe de inscrición de 80 puntos por parella. A organización establece catro premios no grupo campión, que serán de 600, 300, 100 e 80 puntos e outros catro de repesca, de 200, 100, 80 e 60 puntos.

Os interesados en inscribirse poden facelo nos teléfonos 659 900 432 (David) e 697 643 130 (Iago).



O Xulgado arquiva a causa contra o alcalde de Xermade

O Xulgado de Instrución número un de Vilalba vén de comunicar o sobresemento provisional da causa na que figuraba como investigado o alcalde de Xermade, o socialista Roberto García, pola xestión da comunidade de montes de Lousada.

O alcalde foi investigado como responsable da comunidade de montes, que preside, por supostas irregularidades despois de que un comuneiro denunciase un desfaseamento de máis de 30.000 euros no balance contable do ano 2017.

A comunicación do xurado aclara que “non aparece debidamente xustificada a perpetración do delito que deu motivo á formación da causa”, de modo que decreta o sobrese-

mento provisional das actuacións.

Engade tamén o auto, que, trala declaración no xulgado de Roberto García comprobouse que ao peche de 2017 a entidade tiña un saldo en tres contas bancarias de 75.766 euros, unha cantidade “mesmo superior ao superávit que consta no indicado balance”.

Tamén aclara que se presentaron as facturas correspondentes aos principais gastos da comunidade, que os principais referíanse ao arranxo de pistas e aos espectáculos contratados para as festas patronais da localidade. No capítulo de gastos figuraba tamén o canon que abona o parque eólico asentado en terreos da comunidade.



Roberto García, alcalde de Xermade

Analizada toda esa documentación, precisa o xulgado, “non existen vestixios de delito que xustifiquen a continuación da causa”.

O Concello aumenta o número de usuarios do SAF e o seu orzamento

O Concello de Xermade destinou para gasto social nos orzamentos do 2020 633.160 euros, que inclúen unha partida ao Servizo de Axuda no Fogar e á dependencia. Estas partidas medraron respecto aos últimos tres anos dende os 430.000 euros do ano 2018 ata os 555.290 euros do 2019.

Como explica o alcalde da vila, Roberto García “o Servizo de Axuda no Fogar é un recurso moi demandado, especialmente nas zonas rurais, onde a maioría da xente decide permanecer na súa contorna, recibindo os cuidados necesarios que garantan unha calidade de vida digna”.

“No Concello de Xermade é un servizo con moito éxito entre a veciñanza e que vai crescendo exponencialmente nos últimos anos. Pódese dicir que neste Concello é o servizo estrela, por exce-

lencia”, engade.

A finais do ano 2019, o Concello estaba prestando unha media de 3.800 horas de SAF ao mes das cales son 3.258 eran concedidas pola Xunta para as persoas valoradas como dependentes, é dicir, sobre 80 persoas, e o resto asumíaa o Concello pola modalidade básica, sobre 30 persoas.

Dado que a demanda cada vez é maior, Roberto García explica que o Concello “nos últimos meses fixo un esforzo ampliado na modalidade básica para paliar situacións sobrevidas e de carácter urxente”.

Tamén asumirá a suma de 695 horas máis polas horas de dependencia que se implantarán a partir do mes de abril. Grazas a este incremento, garanten que preto de 22 persoas se benefician de este servizo.

O Concello pecha actuacións e adxudica outras pendentes

O Concello vén de rematar unha serie de obras pendentes do Plan Único do 2018, retrasadas entre outros motivos por trabas burocráticas.

Así, a reparación de estradas foi o eixe principal do traballo, nesta ocasión en Zalaroia, Labrada, Toutelo, Pena de Corvos, Bidueiro, A Touza e Xermade, entre outras. Estas tiñan un orzamento de 107.276,92 euros, trala baixada da empresa adxudicataria de 43.936,82 euros.

Tamén se fixo a substitución de equipos de alumeados en vivendas, nas que se instalaron 480 luminarias por un importe de 38.262,93 euros. Neste capítulo tamén adxudicouse á baixa cun aforro de 12.227,05 sobre un importe inicial de licitación de 50.489,98 euros.

Precisamente cos cartos sobrantos, puidéronse facer máis actuacións como a reparación de estradas en

O Camiño, As Casasnovas, A Silva, Badoi, O Caneiro, As Cavadas e Portalousa, por importe de 43.936,82 euros, ou a instalación de 123 luminarias máis en Xermade por importe de 12.227,05.

Así mesmo, con cargo ao Plan Único do 2019 xa teñen executadas as obras de reparación de beirarrúas en Momán por 25.339,16 euros.

E están agora en licitación dúas obras máis en estradas. Por unha banda, unha partida de 115.708,39 euros destinarase a vías en Roupur de Abaixo, Aveás, A Veiga, As Folguezas, Castiñeiras e Bidueiro. A segunda, de 67.169,04 euros, destinarase aos lugares de Reguengo, Xemaré, Vilariño, Xermade, Pena da Egua, Fonxérez, Pena da Arca, As Folguezas, Castiñeiras e Bidueiro. Con cargo ao Plan Único tamén foron contratados un albanel, un con-

ductor e dous peóns para o servizo de obras públicas, cun custe total de 59.578,14 euros

O Concello conta tamén coa aportación de catro partidas principais do Fondo de Compensación Ambiental 2020 co cal poderán adquirir 80 colectores para o servizo de recollida de residuos cun custe estimado de 18.000 euros.

Así mesmo, seguirán coas mellores da eficiencia enerxética nos alumeados públicos, xa que quere completarse dita mellora que xa se empezou a levar a cabo durante o período 2015-2019 mediante a instalación de 160 luminarias LED máis. O custe estimado é de 17.424,00 euros e inclúe a instalación de 160 unidades de 30W. Tamén contratarán un operario e un técnico de medio ambiente e urbanismo.



O momento da firma da adhesión por parte do alcalde

Xermade adhírese á Aplu

O Concello de Xermade, xunto aos de Pontedeume de As nogais, adheriuse á Axencia de Protección da Legalidade Urbanística (Aplu), que garante un correcto uso do territorio e a protección da paisaxe.

Con estas incorporacións, xa firmaron a adhesión 86 concellos, o que

representa un 18% da superficie gallega e o 13,5% da poboación.

A Aplu ten por obxectivo velar pola legalidade urbanística e o control das posibles infraccións, como un ente que está ao servizo dos concellos para garantir a protección do territorio e o respecto á legalidade vixente.

PLANTA HORNAMENTAL
FORESTAL Y JARDÍN
TIERRAS, ABONOS Y SEMILLAS
ÁRBOLES FRUTALES,
AUTÓCTONOS DEL PAÍS
EUCALIPTOS MEJORA GENÉTICA
HUERTA:
TOMATE, LÉCHUGA, REPOLLO
PIMIENTO, ETC...

Viveros DeMiguel

Rúa da Feira, 73-75
27800 Vilalba (Lugo)

Telf.: 644 589 983

viverosdemiguel2018@gmail.com

MESÓN MARTÍNEZ

C/ Celso Emilio Ferreiro, 55 Baixo. 15320 As Pontes (A Coruña)
Tel.: 981 452 363 - Móvil 649 458 522
mesonmartinez@hotmail.com

riotorto

Acaban as obras dos accesos a Lourido e do firme do campo da festa de Órrea



O renovado campo da festa de Órrea

Remataron estes días en Riotorto os obras de mellora e acondicionamento das estradas e accesos a Lourido e do campo da festa de Órrea, dúas obras conxuntas nun mesmo proxecto que tiveron un orzamento de 48.000 euros.

As obras executáronse nunha semana durante o mes de febreiro e foron con cargo aos fondos concedidos pola Xunta de Galicia en subvención. Ambas as dúas foron solicitadas por parte dos veciños debido ao estado no que se atopaban ambos lugares. Deste xeito, as próximas celebra-

cións de Órrea contarán co lugar en bo estado.

BUSES. Por outra banda, o transporte diario a Lugo terá saída das Ródrigas ás 8.03, ás 9.03 e ás 16.03 horas de luns a a venres e chegará ás 14.43, 15.43 e 21.13 horas. Todos os autobuses pasan por hospital Lucus Augusti tanto á ida como á volta. Sairán diante da igrexa e pasarán por Fonte da Moura, Vilar de Santiago, Cuz da Cancela, Bretoña, Pastoriza, Castro de Rei, Hula e estación de autobuses de Lugo.

Veciños de Órrea organizan un torneo de tute e unha andaina

A Asociación de veciños de Santa Comba de Órrea celebrará o día 21 de marzo un torneo de tute para parellas.

Este evento terá lugar no local social da Órrea e recibirán un trofeo as tres parellas mellor clasificadas. Non haberá retribución en metálico xa que a inscrición é de balde.

A modalidade de xogo será de parellas todas contra todas con partidas a 12 xogos e a clasificación farase por xogos gañados. Segundo o número de inscricións, as parellas poderán ser repartidas en grupos. Nese caso xogaríanse semifinais e final. A data límite para anotarse é o 19 de marzo e esta pode facerse na Taberna de Montse ou con calquera membro da xunta directiva da asociación.

ANDAINA. Dentro das actividades organizadas para reivindicar a Vía Rexia do Norte, a asociación de veciños de Santa Comba da Órrea en colaboración co veciños da Magdalena de Xudán,organizan unha



andaina por esta vía que se desenvolverá o sábado 28 de marzo.

Esta sairá da praza dos Fornos da Pontenova ás 10.30 horas con chegada á capela de San Sidro de Xudán ás 13.00 horas aproximadamente tras percorrer uns 9 qm.

A continuación terá lugar o xantar, ás 14.00 horas no hotel San Briz da Pontenova, que terá un custe de 20 euros por persoa.

O interesados en participar no xantar deberán reservar e a organización lembra que a andaina e a comida son indepententes polo que os intersados poden apuntarse aos dous o a cada un deles indistintamente.

A Feira do Ferro do 2020 xa ten cartel anunciador



A organización da que será a XIV Feira do Ferro de Riotorto fixo público o que será o cartel anunciador deste evento, que terá lugar o domingo 19 de abril. Co programa aínda sen desvelar xa se sabe que esta popular celebración contará, coma sempre, con demostracións e vivo de oficios, música, xantar e moitas sorpresas. A Feira da Artesanía do Ferro de Riotorto está organizada pola Asociación de Ferreiros en colaboración co Concello de Riotorto e subvencionada pola Deputación e a Xunta.

Roteiros de Pol farán unha ruta o 29 de marzo por Ribadeo

A asociación cultural Roteiros de Pol continuará o domingo 29 de marzo coas rutas de sendeirismo por distintos lugares da xeografía galega que terán unha periodicidade mensual.

Nesta ocasión visitarán o Camiño Natural do Cantábrico, de Ribadeo a Rinlo. Aínda non se coñecen os horarios pero prevese que se realizarán con saída nun primeiro momento de Lugo e despois parada en Pol para seguir ata Ribadeo.

O calendario completárase con outros percorridos pola Pontenova, Navia, Valdoviño, Castro Caldelas, Pol, Pantón e Ribas do Sil.



A última ruta realizada

O alcalde estuda iniciativas para incentivar ao empresariado local

O conselleiro de Economía, Emprego e Industria, Francisco Conde, mantivo esta semana unha reunión co alcalde de Pol, Lino Rodríguez Ónega, no que se estudaron diferentes iniciativas para impulsar desde a colaboración institucional o tecido empresarial deste concello lugués.

Na xuntanza destacou o potencial que ten o municipio para a industria forestal, un sector clave para a economía galega, e neste sentido, Conde lembrou que nas próximas semanas, tal e como xa se adiantou no Consello da Xunta, se publicarán apoios específicos para este sector por 12,4 millóns de euros. Así, por unha banda, poñerá en marcha unha orde de axudas cofinanciada con fondos Feader e dotada con 10,4 millóns de euros para realizar investimentos en tecnoloxías forestais, procesado, mobilización e comercialización de produtos forestais. Activarase así mesmo un programa por 2 millóns destinado ás empresas da segunda transformación da madeira e o sector contract, co que se apoiarán os investimentos dirixidos á valoración, potenciación, innovación e



O alcalde de Pol e o conselleiro de Economía, durante a súa reunión

mellora neste eido.

No encontro celebrado en Santiago o conselleiro tamén informou ao rexedor dos diferentes programas de apoio do seu departamento destinados á cooperación coas entidades municipais e abertos á presentación de solicitudes nestes momentos. Así, a Xunta ten aberto o prazo de tres programas que suman 16 millóns de euros e que permitirán que os concellos galegos poidan contratar, este ano, a máis de 1800 persoas desempregadas. En concreto, trátase das

convocatorias correspondentes a persoas receptoras da Risga, Aprod Rural e persoas desempregadas para o desenvolvemento de obras e servizos de interese xeral e social. Os concellos tamén poden optar ás axudas para a posta en marcha de obradoiros duais de emprego, que suman 23,2 millóns de euros, ao novo programa para a formación e contratación de menores de 30 anos, dotado con 7 millóns de euros, ademais das axudas para a contratación de orientadores laborais, entre outros.

pol

EN BREVE

TROTAMONTES. Os club Trotamontes organiza a XII ruta para o 11 de abril. Esta dará comezo ás 8.00 horas desde Mosteiro e pódese participar en moto, quad e atv. A partir de aí, realizarase a ruta que discorrerá por camiños e pistas forestais do Concello, utilizando vías asfaltadas tan só para facer cruces ou como enlace entre tramos. Para máis información podese chamar ao teléfono 650 18 36 12 ou 637 94 18 51.

OBRADOIRO DE CONSERVAS. O Concello de Pol organiza para o sábado día 18 de abril un obradoiro de *Elaboración de conservas: marmeladas* en horario de 10 a 14 horas na caseta da carballeira de Mosteiro. O curso está enmarcado dentro da programación de actividades medioambientais Terras do Miño. A través deste tipo de iniciativas aproveitanse os recursos que ofrece a natureza, como froitas e verduras que se producen no rural.

XINCANA. O Concello de Pol organiza para o mércores 11 de marzo ás 14.45 horas no colexio de Mosteiro haberá unha Xincana pola igualdade para celebrar o Día da Muller.

Iglesias defende un presuposto de “mercado carácter social”

O Concello da Pastoriza aprobou en Pleno os orzamentos anuais, que este exercicio ascenden a 2.810.000 euros “e que levan consigo un mercado carácter social”, segundo explicou o alcalde da localidade, Primitivo Iglesias. Para o alcalde, os presupostos que rexerán o concellos están elaborados sobre catro piares básicos. O primeiro piar sería o mantemento dos servizos públicos básicos, como luz, auga, alcantarillado e lixo, entre outros.

O segundo punto sería o apoio ás

asociacións culturais e veciñais polo que continuarán as axudas dirixidas a estes colectivos “en especial a aqueles que teñen unha actividade de dinamización nas parroquias”, subliñou Iglesias.

Engade que na mesma liña haberá “unha aposta decidida polo ámbito cultural e deportivo sen esquecer outros servizos de imperiosa necesidade como as infraestruturas veciñais por medio das vías de comunicación.

O cuarto e último piar destes orzamentos será “unha nova e im-

portante redución da débeda que no exercicio do ano pasado era de 200.000 euros. Como explica Primitivo Iglesias, dende 2007 “conseguimos baixar a débeda, que estaba en máis dun millón de euros ata os 105.000 que temos hoxe, grazas a unha política de contención e de coidado do gasto”.

O alcalde concluiu que os orzamentos están concebidos “pensando nas persoas e non seu benestar, buscando o progreso en todos os ámbitos, tanto cultural como educativo e nos servizos sociais”.

O Concello coloca unha varanda na rúa do colexio para protexer do desnivel

O Concello da Pastoriza vén de rematar a instalación dunha varanda ao longo de toda a estrada na rúa do colexio para seguridade dos peóns. Esta obra foi realizada conxuntamente con outras de contías reducidas como a monitorización dos depósitos de auga, a reparación do depósito de Vián, que aínda está pendente por razóns meteorolóxicas, a colocación de 47 suxeitadores do lixo, o pintado e reparación do colexio da Pastoriza e algunha outra no mesmo colexio, ata un total de 18.

O motivo de poñer esta varanda protectora, segundo explica o alcalde, Primitivo Iglesias, “é que na liña de aparcamento había un desnivel da rúa co terreo lateral que xa fixo nalguna ocasión que caera algunha persoa ou golpeara o cerramento da finca lateral”.



Operarios colocando a varanda na rúa

“Para evitar isto fixemos esta malla artesanalmete que foi colocada polos operarios municipais”, explicou.

Para Primitivo Iglesias esta obra foi unha das primeiras do grupo en realizarse para “poder garantir a seguridade vial dos pequenos que día a día transitan por aí, así como para

os seus pais e outros usuarios da vía, non só polo colexio, senón tamén para os usuarios do pavillón”.

A varanda prolóngase o 75% da vía para salvar as zonas onde máis desnivel había e foi realizada en ferro fundido. A elaboración tivo un orzamento de 4.396 euros.

Un monte de Saldanxe acada por primeira vez a certificación FSC

A comunidade de montes veciñais en man común de Saldanxe acadou o selo de xestión forestal sostible polo sistema de certificación forestal FSC. Trátase do primeiro monte xestionado pola Consellería de Medio Rural en obter este certificado. Despois de que no pasado mes de decembro se fixese unha auditoría do sistema de xestión forestal dos montes en convenio ou consorcio coa Xunta, o 14 de xaneiro obtívose finalmente o certificado FSC, incluíndose os tres primeiros montes, o número e a superficie forestal

total que será ampliada progresivamente nos vindeiros meses. Esa certificación FSC complementouse cunha auditoría para obter o certificado ecosistémico de sequestro e almacenamento de carbono dos bosques certificados, sendo a primeira vez que un xestor forestal acada este recoñecemento en España.

O FSC elaborou no ano 2019 unha serie de ferramentas para promover os pagos por servizos do ecosistema. Trátase dunha nova medida para os titulares de certificados FSC que ten a finalidade de demostrar

ante terceiros que se están a preservar estes beneficios naturais.

A certificación forestal ten un obxectivo como medida de concienciación medioambiental, posto que informa ao consumidor de que produtos proveñen de montes xestionados de forma sostible, como a madeira, a carne, a castaña ou os cogomelos. Polo tanto, engadiu, trátase dunha ferramenta de mercado que favorece a exportación dos produtos forestais, ao conter un valor engadido que beneficia a súa demanda.

Máis de 60 mulleres vinculadas con Saldanxe reuniranse nunha convivencia o 21 de marzo



Unha imaxe de época da escola de Saldanxe

Se de algo presumiron sempre as mulleres de Saldanxe é de levarse moi ben entre todas e para demostralo o próximo día 21 de marzo reuniranse na antiga escola para poñer en común as súas lembranzas.

A idea xurdiu de Paquita, unha veciña de Saldanxe que faleceu o ano pasado e que sempre quixo facer unha reunión. Tralo seu pasamento Eva quixo facer unha homenaxe a esta muller e cumprir o seu sono así que puxo mans á obra... e ao teléfono... e logrou ter a confirmación xa de 66 persoas, 59 adultas e sete pequenas, que acudirán a esta pequena aldea da Pastoriza dende diferentes partes de España.

“Virán mulleres de Barcelona, Madrid, Xixón... de todas par-

tes”, asegura Eva que non esperaba ter tanta afluencia. De feito, das 60 que hai confirmadas agora, só 15 viven actualmente en Saldanxe, xa que están convidadas todas aquelas que teñen ou tiveron algunha relación co pobo.


A xuntanza consistirá nun xantar e música para bailar “ata que nos cansemos” que estará a cargo de Verónica Cambón. Pero esta reunión terá moitas sorpresas, asegura Eva, que non quere avanzar porque a idea é sorprender ese mesmo día.

Esta iniciativa, que foi feita a título persoal, e visto o éxito, non descartan realizar en próximas ocasións “porque non esperaba que houbera tantas gañas de estar xuntas xa que foi dicilo para que todas se apuntasen”, asegura Eva.

Os populares esixen a mellora da estrada de Currás

Os populares da Pastoriza esixen a mellora da estrada municipal que enlaza coa LU-122 e a LU-125 ao seu paso polos Currás, en Bretoña. Deste xeito, dende o Grupo Municipal do PP súmanse á reivindicación dos veciños e veciñas que piden a mellora desta vía que se atopa en “total estado de abandono como se pode apreciar en varios puntos onde está desfeita a causa da acción da auga que discorre por ela; xa que as cunetas non están limpas e non pode discorrer por elas”.

Os concelleiros manifestan que “o goberno local é coñecedor desta situación porque en numerosas ocasións os veciños e veciñas lles achegaron as súas queixas ante as dificultades que sofren a diario para poder entrar nas súas propiedades e, incluso, ás vivendas”.



Estado da estrada de Currás

O voceiro dos populares, José Bouso, sinala que “esta estrada leva directamente a vivendas particulares e, en época de choiva faise case impracticable e, polo tanto, é case imposible circular por esta vía. Incluso os veciños e veciñas teñen que utilizar outras estradas como alternativa”.

DEPUTACIÓN

A Deputación dotará de desfibriladores a 49 concellos da provincia

A Xunta de Goberno aprobou o convenio marco que permitirá poñer en marcha o programa *Lugo, Provincia Cardioprotexida*, unha iniciativa a través da que a institución provincial dotará de desfibriladores Semiautomáticos (DESA) aos 49 concellos que decidiron sumarse a este iniciativa, e que leva aparelada a formación a persoal municipal.

A Deputación investirá 60.000 euros para a contratación conxunta do subministro de desfibriladores, un por cada concello que decidiu adherirse a este proxecto, así como da formación para o seu uso. O presidente asegurou que Lugo, Provincia Cardioprotexida “enmárcase dentro da aposta deste Goberno provincial polas políticas sociais, un eido ao que destinamos

o 33% dos Orzamentos deste 2020 —máis de 30ME—, e tamén do noso compromiso firme coa que entendemos que é a principal función da Deputación: a cooperación cos concellos para que poidan prestar servizos públicos aos seus veciños e veciñas da mellor calidade e aforrando custes”.

A Deputación de Lugo firmará un acordo de colaboración con cada un dos concellos participantes. Será entón cando estes designarán ás persoas que deberán recibir a formación. Paralelamente iniciárase o procedemento para a contratación conxunta do subministro dos desfibriladores. A previsión é que este programa de protección da saúde pública estea en funcionamento antes de que remate o ano.



Tomé e as deputadas Loureiro e Domínguez, na presentación do proxecto

Marzo acolle o proxecto Xira Mulleres en cinco concellos

A Deputación puxo en marcha o programa Xira Mulleres, en colaboración coa xestora de Comunicación de Coca-Cola European Partners Iberia, que se desenvolve na provincia. Trátase dun proxecto que ten como obxectivo mellorar a empregabilidade e impulsar o emprendemento feminino a través de obradoiros.

Eses talleres, que imparte Alma Natura, desenvólvense baixo o nome de *Viaxe ao emprendemento*, e están destinados a aquelas mulleres que queren emprender e desenvolver unha idea de negocio vencellada ao sector da alimentación e bebidas. Os obradoiros son en Monforte de Lemos, Viveiro, A Fonsagrada, Cospeito e Guitiriz. En total, fórmase a medio cento de mulleres da provin-

cia, que se poden anotar de forma gratuíta no teléfono 959 19 77 29, no seguinte enderezo electrónico: <https://preinscripcion.giramujeres.com/fundacionmujeres> ou a través do Concello no que se imparte o obradoiro.

Xira Mulleres é un programa, cofinanciado por The Coca-Cola Foundation, dirixido a mulleres que queren empregarse ou desenvolver unha idea de negocio vencellada ao sector da alimentación e bebidas. Constitúe unha oportunidade para o desenvolvemento do talento e das capacidades de traballo das mulleres a través dun programa de formación e mentoría que contribúa ao seu avance profesional, adaptado aos diferentes obxectivos das participantes.

Esixe á Xunta que deteña os recortes no Plan de Camiños

A Deputación instará á Xunta a deter os recortes que se están a producir no Plan de Camiños e que afectan á provincia, principalmente ao rural. O responsable da área de Cooperación e Asistencia aos Concellos, Xosé María Arias, explicou no Pleno que a cantidade consignada para as axudas no Plan Marco de melloras de camiños municipais de acceso a parcelas agrícolas para as anualidades 2020 e 2021 en Galicia é de 12 millóns de euros, unha redución de máis dun 25% con respecto as axudas dedicadas na convocatoria do 2018.

Os concellos lucenses recibiron 5,3 millóns de euros no ano 2016 para executar obras de melloras viarias. No seguinte plan marco, esa cantidade pasou ser de 4,12 millóns a repartir en dous anos, e dicir so 2 millóns de euros ao ano, unha redución do 63%. E no novo plan marco de 2020-2021, esta cantidade redúcese de novo, xa que os 4,12 millóns de euros pasan a ser apenas 3,06 millóns. Isto é, os concellos de Lugo pasaron a dispor de 5,3 millóns no ano 2016 a ter so 1,5 actualmente. A redución con respecto dos fondos do ano 2016 é do 71,7%.

DRONS. A Deputación tamén elevará á Xunta a súa petición para que estenda o uso de drons á atención



Un momento do Pleno da Deputación Provincial

sanitaria no rural. O Goberno provincial fixo unha proposta, aprobada na sesión plenaria, para que o Executivo autonómico amplíe o servizo que licitou en setembro de axuda aos peregrinos con problemas cardíacos a través de desfibriladores que chegarán mediante dispositivos aéreos non tripulados. O deputado de Promoción Económica e Social, Pablo Ribera, apuntou que este tipo de programa non debe limitarse a actuacións vencelladas ao Camiño de Santiago, senón como unha opción para explorar a mellora na atención sanitaria en caso de doenzas cardíacas ou outro tipo de patoloxías nas que a intervención rápida resulta fundamental.

ESTATUTO ELECTROTENSIVO. José Tomé subliñou no Pleno que, gracias ao Goberno socialista liderado por Pedro Sánchez, hai un Estatuto do Consumidor Electrotensivo “sobre o que negociar”. “Agora toca facer unha diplomacia discreta entre todas as partes implicadas para sacar un acordo satisfactorio para todos. É o que defendemos nós e o que piden os traballadores”, asegurou José Tomé.

O mandatario provincial puxo en evidencia que o PP non fixo nada en 7 anos no Goberno do Estado por resolver o problema de Alcoa, nin tampouco nos 11 anos ao fronte da Xunta para impulsar un plan de industrialización para Galicia.

O servizo de teleasistencia domiciliaria aumenta as prazas

A Xunta de Goberno aprobou a adxudicación do servizo de teleasistencia domiciliaria que ofrece a Deputación de maneira gratuíta a veciños e veciñas dos 67 concellos da provincia. Segundo explicou o deputado de Promoción Económica e Social, Pablo Rivera, con este novo contrato, que supón un investimento de 560.000 euros e ten vixencia ata o 2022, aumentan nun 20% a capacidade de atención do servizo. O número de prazas acada as 1.795. Deste xeito, as 1.555 prazas para persoas usuarias directas engádense agora outras 180 prazas, dirixidas a persoas que, convivindo co titular do servizo, reúnen tamén os requisitos para ser beneficiarias, e que disporán dunha unidade de control remoto adicional para o seu uso exclusivo, e outras 60 persoas beneficiarias indirectas, aquelas que convivindo coa persoa usuaria



Chegará a 1.795 persoas

e necesitando das prestacións e atencións que este proporciona, carece de capacidade física, psíquica ou sensorial para poder utilizar por si mesma esta atención. Esta persoa usuaria indirecta non ten unidade de control remoto e debe ser dada

de baixa ao mesmo tempo que a titular, salvo que pase a depender doutra persoa usuaria titular coa que tamén conviva.

A maiores, este novo prego contempla outras melloras, como son a achega de balde de 60 terminais a maiores dos 1.555 esixidos obrigatoriamente á adxudicataria; de ata 48 dispositivos periféricos vinculados ao terminal de Teleasistencia (detectores de caídas, de gas, de fumes, de movemento e de presenza), incluíndo a súa instalación, mantemento e prestacións; de ata 48 terminais de teleasistencia móbil que contén cun sistema de xeolocalización e monitorización, que permita a emisión de alarmas e a localización da persoa usuaria; e de terminais que faciliten a utilización do servizo a persoas con dificultades de comunicación.

TERRA CHÁ

A Chaira volverá votar

Elena Candia deixa a Alcaldía de Mondoñedo e o seu posto de deputada para liderar ao PP na provincia nos próximos comicios autonómicos de abril

As eleccións galegas celebraranse finalmente o próximo domingo 5 de abril de 2020 para eleixir aos 75 deputados do Parlamento Galego. Esta convocatoria coincide coa celebración dos comicios en Euskadi, non sendo a primeira vez que esta coincidencia se produce.


As eleccións foron convocadas con adianto a primeiros de febreiro e deixando pouco tempo para preparar unha campaña que empezará oficialmente o 20 de marzo.

Actualmente, o Parlamento Galego conta cunha ampla maioría do Partido Popular, que ten 41 escanos. A continuación, co mesmo número de asentos, 14, están En Marea e PSdeG-PSOE. O BNG pecha a representación con 6 parlamentarios.

Nestes dous meses escasos ata a celebración dos comicios, os partidos políticos traballaron a pleno rendemento para preparar as súas listas, que lideran como cabezas visibles, Alberto Núñez Feijóo polo Partido Popular; Gonzalo Caballero, polo PSOE; Antón Gómez-Reino por Galicia En Común-ANova e Ana Pontón polo BNG.

Polo momento, a convocatoria das eleccións trouxo xa algúns cambios e movementos sendo o máis visible o de Elena Candia, alcaldesa de Mondoñedo e deputada en Lugo, que deixou ambos os dous cargos para encabezar a lista do Partido Popular pola provincia de Lugo.

Candia seguirá formando parte do equipo de Goberno como conce-



Arriba, Candia e Otero e, abaixo, Rodil e Vello, os catro candidatos

lleira, pero sen coñecer aínda que áreas asumirá.

O Grupo Provincial do Partido Popular nomeou por unanimidade como voceiro na Deputación a Javier Castiñeira.

Deste xeito, o deputado asume as funcións que ata o de agora desempeñaba a mindoniense e ás que vén de renunciar para encabezar a lista dos populares da provincia ás autonómicas do vindeiro 5 de abril.

Ao fronte da Alcaldía sucederall Manuel Ángel Otero Legide, que

era primeiro tenente de alcalde e concelleiro de Medio Rural, Persoal e Participación Cidadá.

Os nacionalistas, pola súa banda calificaron de “traición ao electorado e ao resultado dos últimos comicios”.

No resto de partidos, Patricia Otero encabezar a lista polo partido socialista e no BNG será Olalla Rodil a que liderará a provincia lucense. Anova, a unión dos partidos minoritarios de esquerdas, estará liderada finalmente por Fernán Vello.

Abadín e Riotorto puxeron en marcha o Servizo de Educación e Apoio Familiar

Os concellos de Abadín e Riotorto, en agrupación cos concellos de Mondoñedo e Trabada, puxeron en funcionamento o Servizo de Educación e Apoio Familiar.

Este servizo estará a disposición das familias que o precisen e terá funcións como dar apoio ao longo de todas as etapas do seu ciclo vital en aqueles aspectos no que o precisen ou poñer a disposición das familias participantes atención psicolóxica, así como alternativas e recursos dispoñibles no entorno.

Tamén favorecerá a integración,

promoción e participación das familias ou unidades de convivencia en todos os ámbitos da vida comunitaria, ademais de promover espacios de encontro de nais e pais enfocados á formación compartida e á mellora da educación familiar.

Para recibir asesoramento ou información por parte deste servizo haberá que poñerse en contacto no teléfono 982 508 021 ou acudir persoalmente ao Concello, os luns en horario de atención ao público, de 09.00 a 14.00 horas.

Xa hai gañadores do concurso de debuxo infantil ‘Debuxando en igualdade’

O xurado fíxo público xa o nome dos gañadores do concurso de debuxo infantil e xuvenil *Debuxando en igualdade*, que organizou o Centro de Información ás Mulleres do Concello de Mondoñedo con motivo da conmemoración do 8 de marzo como Día Internacional da Muller e dirixido tamén aos concellos da contorna.

O concurso estableceu seis categorías, as tres primeiras para pequenos de 6-12 anos de Primaria.

Así, en 1º e 2º de Primaria os gañadores foron Antía Gómez

Piñeiro do Ceip de Bretoña e Ariadna Anello Díaz do Ceip Álvaro Cunqueiro da localidade anfitriñoa.

En 3º e 4º de Primaria, os gañadores foron Sergio García Carracedo do Ceip Álvaro Cunqueiro e Alejandro Riveira Pego do Ceip de Bretoña.

E en 5º e 6º de Primaria, foron vencedores Adriana Fernández Prado do Ceip Álvaro Cunqueiro e Xoán Zoe Riveira Pego tamén do Ceip de Bretoña.

Os pequenos recibiron como premio un lote de libros e material escolar.

Restaurante

SUSO

Plaza de Galicia, 7 - Castro Ribeiros de Lea (Lugo) - Tlf. 982 310 037
www.restaurante suso.com - info@restaurantesuso.com

ESPECIALIDADES
Almejas marinera, anguillas, bacalao portuguesa, carnes a la brasa y a la piedra...

Menú FIN DE SEMANA

NOVEDAD!

PARILLA

CAFETERIA DE EPOCA

VINO DE LA CASA

D.O.P. SAN SIMÓN DA COSTA

26 FEIRA DO QUEIXO DE SAN SIMÓN DA COSTA

4 e 5 de Abril de 2020, Vilalba (Lugo)

www.sansimondacosta.com

XUNTA DE GALICIA

“Supúxome unha forma de expresarme e liberarme”

O programa En Creativo de Alucem é unha escola de escritores aberta a todos os veciños da provincia

Alucem traballa con xente de toda a provincia e a Terra Chá é a segunda comarca da que máis xente está asociada. Un dos proxectos futuros de Alucem é poder instalar un centro de atención a persoas con esclerose múltiple ou outro tipo de patoloxías neuro-dexenerativas na comarca.

María Varela Pico participa no programa En Creativo, impulsado polos socios da asociación Alucem. Trátase dun programa que comezou como taller literario, pero na actualidade xa funciona coma unha escola formal de escritores. Nun principio só era para membros da asociación, é dicir persoas con esclerose múltiple, pero na actualidade pode participar todo o mundo. Unha das funcións que fai En Creativo é a de que os membros do

programa podan trasladar a visión e misión da asociación. Traballan tamén para que os participantes aprendan non só a escribir senón a aprender tamén a profesión de escritor. O mentor é Alejandro Rodríguez Robledillo, que foi o que tivo a iniciativa, aínda que na actualidade os partícipes xa empezan a ser ao mesmo tempo labores de profesor. Xa levaron algún premio coma o da científica Sanofi que a maiores do premio económico é un recoñecemento social que permite poñer en valor o traballo da asociación e xa van sacar un libro propio os membros.

María, cando comezou a súa faceta de escritora?

Pois xa no colexio supoño que vén dado polo meu tío-avó que é Cer-



María Varela e Alejandro Rodríguez

queiras que era poeta e caricaturista. O seguinte foi xa participar neste programa denominado En Creativo que para min foi unha liberdade. No 2014 tiveron un brote de esclerose múltiple e no 2015 comecei a escribir cousas. Para min supúxome unha forma de expresarme e liberarme.

Escrebe só cando está no programa de escritura ou máis veces?

Temos un grupo moi bo de traballo, a verdade é que cando estou alí súrxenme ideas novas e a forma de plasmalo no papel.

E a temática das súas obras?

Pois moitas das obras son de carácter intimista, relacionada coas miña experiencia vital, tamén

toco moito a temática de igualdade de xénero.

Cantas persoas están participando agora mesmo en En Creativo?

O ano pasado comezamos esta viaxe 10 persoas, este ano xa somos 15 e entre eles temos unha rapaza de 16 anos de idade que escribe moi ben. Dirixen o programa Pablo, Alejandro, Fani e Raquel.

E recibiu moitos premios?

Máis de vinte, un deles un relato biográfico premiado por Auxilia ata dotado cunha cuantía económica de cen euros. Tamén me sentín moi realizada cando vin publicada a obra *Antoloxía de Microrrelatos*.

A CIG denuncia irregularidades en Alcor Seguridade

A Confederación Intersindical Galega (CIG) vén que denunciar “os reiterados incumprimentos e falsedades documentais” nos que incurre a empresa de seguridade privada Alcor Seguridade S.L. “que presta servizos na Xunta de Galicia, Biblioteca do Castro de Viladonga, Colexio Santo Anxo e na Audiencia Provincial.

Asegura que Alcor leva sen pagarlle os salarios a varios traballadores (“a algúns deles dende a mesma data na que se lle adxudicou o servizo á empresa”) que presentaron demandas ante o Xulgado do Social, denuncias na Inspección de Traballo “que nos seus informes deixa acreditados os graves incumprimentos”.

“Esta situación que vulnera e atenta contra os dereitos dos traballadores xa foi comunicada ante a Xunta xa que neste intre ten en fase de adxudicación distintos servizos na provincia e a CIG está valorando remitir denuncia á Fiscalía”, engaden.

A CIG agarda que a Xunta “adopte as decisións políticas que impidan que empresas piratas inflen as súas contas con cartos públicos a costa dos dereitos dos traballadores”.

Revisan o programa de inclusión compartido de Riotorto e Abadín



Un momento da reunión, celebrada no Concello de Mondoñedo

O director xeral de Inclusión Social, Arturo Parrado, coñeceu da man da alcaldesa de Mondoñedo, Elena Candia, e os rexedores de Abadín, José María López, e de Riotorto, Clemente Iglesias, os programas postos en marcha en materia de inclusión co apoio da Consellería de Política Social para axudar ás persoas que están en risco de exclusión social nestes municipios.

Arturo Parrado, que coñeceu as necesidades e as propostas de mellora neste eido, destacou a importancia de que as administracións públicas actúen de forma coordinada para que os servizos e axudas sexan máis eficaces e cheguen á xente e aos fogares que verdadeiramente precisan de apoio. Así mesmo, abordou a necesidade de continuar a afondar na colaboración entre a Xunta e os entes locais para favorecer a plena integración das persoas cun maior risco de vulnerabilidade.

Ademais, visitou o centro sociocomunitario de Mondoñedo, onde coñeceu a valoración que fan algúns dos seus usuarios do programa de actividades que teñen lugar neste inmoble. En concreto, estivo cos asistentes a unha actividade de fisioterapia e a unha clase de informática dirixida a persoas en situación de exclusión social.

Os seis GDR formaranse como asesores rurais a nivel europeo



Os representantes dos seis GDR

A Asociación para o Desenvolvemento Rural da Comarca de Lugo (GDR-04) vén de asinar un convenio coa Universidade de Santiago co obxectivo de que os seis GDRs da provincia se poidan formar como asesores rurais a nivel europeo, coa acreditación CECRA. Á sinatura acudiu o director xeral da Asociación Galega de Desenvolvemento Rural (Agader), Miguel Pérez Dubois, que puxo de relevo a iniciativa para afondar na especialización destas entidades que se encargan de xestionar os fondos Leader para a dinamización do agro. En virtude do convenio, a Universidade de Santiago comprométese a impartir neste curso 2019-

2020 un Programa de Formación Específica e a Demanda que terá como finalidade a formación e especialización en relación ao asesoramento rural. En concreto, impartiranse tres cursos de posgrao: un sobre práctica da moderación, outro sobre principios da mediación e un terceiro sobre a organización de procesos de innovación e o apoio de redes.

Dado o interese dos GDRs por fomentar a formación de especialistas en asesoramento rural, a USC comprométese a reservar un número de prazas para persoas propostas por estas entidades. A formación destes asesores financiarase con cargo ao Plan Leader.

Centro de Estudios ENSINO

OPERACIÓNS AUXILIARES DE SERVIZOS ADMINISTRATIVOS E XERAIS

Certificado de profesionalidade nivel 1

448 horas – Prácticas en empresas

Axudas e becas o alumnado

Inicio previsto: Mes de abril

Avda. da Habana 119, 15320 As Pontes
Telf.: 982 440 201 - info@ensino.es

De PanZ a Voladura

Un garaxe meirego foi o lugar de inicio para este grupo que forman cinco amigos de toda a vida apaixonados pola música



O concerto de Voladura no Festival da Chaira, que tivo lugar este ano. Foto: Laura Doval

Hai moita creación musical e artística en xeral na contorna da Chaira, e unha delas é o grupo de música Voladura, que xurdiu fai anos nun garaxe de Meira.

Os seu compoñentes Loxo, guitarra e voz; Adri Folgueira, na guitarra; Andrés, na batería; Adri B., ao baixo, e Suso, coa voz, xa se coñecían do colexio ou dende hai anos, o que fai que formaran unha piña e que se entenderan mellor á hora de tocar.

Aínda que aos compoñentes do grupo lles gustan xéneros diferentes sintense moi cómodos co rock e as súas diferentes vertentes.

“Cando tes 18 anos e che gusta a música non hai nada que che apeteza máis que montar un grupo”, relata Suso.

Lembran as primeiras ocasións nas que se xuntaban a tocar con

moito agarimo, nas que Andrés e Adri Folgueira comezaron no garaxe de Andrés na Veigadorta, en Meira. “Había unha batería básica e un ampli de estes de promoción que había que poñer inclinado cara a batería para escoitar algo”. O primeiro que tocábamos era traízoas versións dos Suaves, Sinistro Total, Offspring, AC/DC, e Heredeiros da Crus.

Comezaron tocando no garaxe de Andrés pero decidiron mudarse a un local propio nun piso en obra. Alí foron dando forma ás primeiras cancións, das que algunha dura ata hoxe, e a uns primeiros grupos, Katiuskas, Os Pistolas... cos que nunca chegaron a tocar en vivo. Tamén nesta época contaban con Alex á guitarra e con Antía, que tocaba o fagot. Logo xa co nome de PanZ deron algúns

concertos, alá por 2012 e 2013. “E xa un par de anos despois chegou Voladura como tal e coa mesma formación seguimos”.

A súa música é rock, no máis amplo termo da palabra porque cada

“Cando tes 18 anos non hai nada que che apeteza máis que montar un grupo de música”

un deles según de quen parta a composición, pode crear algo máis punki, algo máis duro ou con toques máis clásicos... As cancións son case todas creacións propias e case todas en galego, nas que

xogan con versións nos concertos para dar renda solta ao público.

A primeira actuación, para a que tiveron que facer memoria, foi nas Merendas de 2016 no parque de Meira. Naquel momento arrincou oficialmente Voladura e comezaron a ter algo máis de actividade en vivo. Como PanZ, debutaran no Feliziano Rock no pub Omega en 2012, “un guateque ben chulo” lembran.

Tamén recordan con especial agarimo a súa actuación no Festival da Chaira 2019 porque “contar cuns medios técnicos como os do festival e cun escenario dese nivel non é habitual para nós. Tocar en Meira e arredores é sempre moi especial”. Nestes anos estiveron movéndose sobre todo pola provincia de Lugo, e tamén tocaron en Ourense, pero teñen ganas de chegar a máis rin-

cóns de Galicia, “estaríamos encantados se nos chaman de máis sitios”.

Agora neste 2020 sacarán un EP con 6 temas, que foi a primeira vez que gravaron nun estudio, o que é dicir, un seudo directo no Cine Alovi das Pontes, con Paco Jarel.

Con está pequena produción quedaron moi contentos e esperan que sirva para ter unha carta de presentación que ensinar e que lles axude a conseguir máis bolos. Eles queren contribuír á creación musical da Chaira pero din que “é necesario que se lembren dos grupos que fan música propia, e sobre todo dos grupos pequenos. Xa se sabe que é máis arriscado que programar versións ou contratar a coñecidas orquestras pero é necesario para potenciar a riqueza cultural e creativa”.



Os membros do grupo nun ensaio no auditorio Alovi das Pontes e foto promocional do conxunto musical. Fotos: Cereijo



DEPORTES

O Club de Loitas Olímpicas, campión galego sénior de novo



Participantes chairegos no campionato

O Club Loitas Olímpicas Vilalba revalidou o seu título de campión galego sénior por clubs na modalidade de Libre Olímpica masculina nos Campionatos Galegos sénior e cadete que se disputaron en Oia. Este primeiro posto é froito da aportación dos ouros de Carlos Yobani García (menos de 70 kg), Ous-

sama Lahnin (menos de 79 kg) e Ramón Monasterio (menos de 97 Kg), o bronce de Javier Rouco (menos de 125 kg) e o quinto posto de Pablo Chao (menos de 79 kg). Con estes resultados o club conta con ter nos próximos Campionatos de España sénior de maio a 4 ou 5 loitadores.

Miguel Alvariño estará nos xogos olímpicos

O arqueiro pontés Miguel Alvariño García logrou unha das prazas olímpicas para Tokio 2020 en tiro con arco, polo que disputará, con 26 anos, os seus segundos xogos olímpicos.

O deportista do club Sílex das Pontes participou a última proba do sistema de selección do equipo nacional de arco recurvo, á que tan só el e o seu compañeiro Pablo Acha chegaban con opcións, sendo Alvariño o vencedor no último clasificatorio.

A directora técnica da federación, Almudena Gallardo, e o adestrador do equipo espa-



O pontés Miguel Alvariño

ñol, Elías Costa, trasladaron a Alvariño e ao seu adestrador que a praza era súa.

Baamonde acollerá o torneo Terra Chá de Ximanasia Rítmica

O sábado 28 de marzo o Concello de Begonte acollerá o torneo Terra Chá de Ximanasia Rítmica.

Esta proba, que é amistosa, comezará no pavillón de Baamonde ás 11.30 horas cos niveis C e o B e despois os conxuntos-promoción.

Xa pola tarde, ás 16.30 horas será o nivel A escolar individual e de promoción.

Neste torneo anual participarán un total de 500 nenas dos diferentes clubs lucenses.

Por outra banda, a vindeira fin de semana será o Campionato Provincial en Guitiriz o cal permitirá o paso dos tres primeiros clasificados ao Campionato Galego.

Xa hai data para as quedadas BTT de Castro e Cospeito

O club ciclista BTT Castro celebrará o 19 de abril a quinta edición da súa quedada anual.

A proba consistirá nunha ruta cicloturista polo Concello de Castro de Rei, na case a súa totalidade que non terá carácter competitivo, polo que non será cronometrada. O obxectivo desta actividade será facer unha excursión á que poda sumarse o maior número de amantes do ciclismo posible.

Por todo isto, non terá moitas dificultades técnicas e a organización lembra que non haberá asistencia polo que cada un debe estar en

condicións de rematar a proba e levar os repostos que considere necesarios (cámara, parches, bomba de aire, etc...).

COSPEITO. O grupo BTT Lagoa de Cospeito celebrará o 20 de xuño a cuarta edición da súa quedada anual tralo éxito acadado nas edicións anteriores.

A ruta transcorrerá por carballeiras e camiños de varias parroquias do Concello, incluíndo tamen sendeiros pola beira do río Támoga. O trazado aínda está en proceso de definirse e o prazo de inscrición aínda non está aberto.



O próximo 19 de marzo disputarase nas Pontes a XXX Edición da Carreira de San Xosé e V Corre Por Elas e andaina solidaria, cuxa recaudación íntegra irá para a asociación Alvixe, que loita contra a violencia de xénero.

A carreira realizarase nun circuito homologado pola RFEA de 5 km de distancia. Tanto a proba absoluta como a andaina terán o seu inicio ás 10.30 horas percorrendo na camiñada uns 4 quilómetros.

Para os menores estableceuse un circuito que será diferente en cada unha das categorías. Así o sub-16 percorrerán 1.700 metros (catro voltas ao circuito), na sub-14 serán 1.300 metros (3 voltas), a sub-12 serán dúas voltas nun total de 860 metros e para os sub-10 a volta completa, que supón 430 metros. Estas carreiras saíran dende os máis maiores aos máis pequenos cada dez minutos a partir das 11.00 horas.

Ás 11.25 será a vez do prebenxamins e dos pitufos que terán que facer a recta de meta.

A entrega de premios está prevista para as 11.30 horas.

As persoas interesadas en participar nestas carreiras e andaina popular poden inscribirse, ata o 17 de marzo, ás 23.59 horas, en www.carreirasmalegas.com. O prezo da inscrición é de tres euros para os maiores de idade, tanto na carreira como na andaina. Ademais habilitaránse dorsais solidarios para todos aqueles que non teñan a oportunidade de participar o día 19, podendo colaborar así con Alvixe.

GUITIRIZ. O 5 de abril celebrarase a XII Carreira popular Concello de Guitiriz Termal, que contará tamén cunha andaina con dous percorridos diferentes.

A proba comezará ás 10.30 horas coa saída das dúas andainas, a de maiores de 16 anos, que ten un percorrido de nove quilómetros, e a dos menores, con menos dificultade.

A partir das 11.30 horas darán a saída as distintas carreiras comezando polos biberóns, que percorrerán 200 metros. Na categoría seguinte, sub-10 e sub-12, a saída está prevista para as 11.40 cun percorrido de 800 metros.

Os sub-14 e sub-16 saíran á mesma hora que a absoluta pero farán 2.600 metros, mentres que os maiores percorrerán o dobre, 5.200 metros.

Todos os percorridos terán saída e



chegada ao campo da feira. O prazo de inscrición estará aberto ata o 2 de abril na páxina web de championchipnorte.com. A inscrición para a andaina será de tres euros para os maiores e de balde para os menores de 16 anos. Unha vez pasado o día 2 cobrarse 5 euros para os maiores e 3 para os pequenos. Nas carreiras o prezo de inscrición para as categorías menores tamén será de balde a través da web e a 3 euros se se fai de forma presencial. Os maiores terán unha taxa de 5 euros de inscrición e 1 euro de aluguer de chip e de dez se a fan o mesmo día da carreira.

Esta competición terá un cariz solidario polo que un euro destinarase a SOMOS Unidos polo Cancro.

Recibirán como premio trofeos ou medallas para os primeiros clasificados agás os biberóns que terán todos medalla. Ademais, haberá un pequeno agasallo para todos os participantes.



Breogán. Os xogadores, o técnico e a mascota do Leite Río Breogán pasaron unha mañá con escolares de Outeiro de Rei. Os máis de trescentos alumnos, acompañados do profesorado e representantes da Anpa do centro, gozaron facendo preguntas aos deportistas, cazando autógrafos e fotos e mesmo bailando coa popular mascota celeste Máximus.

Un friolés de altura

Luis Penín completa unha das vías máis emblemáticas do Tirol austríaco

Luís Penín, nado en Friol, e David López Sáenz realizaron o 17 de febreiro a repetición de Stirb langsam (200 m, M11+, WI6+) no Tirol e realizada por Michi Wohleben no 2017. Esta vía bautizada como Stirb langsam en alemán, ou Die hard en inglés, está situada no macizo de Wetterstein, no Tirol austríaco.

Trátase dunha proba de gran dificultade para os escaladores experimentados que este enxeñeiro de procedencia friolesa non quería deixar pasar.

“En canto vin nunha publicación en Planet Mountain da nova do encadeamento de Michi Wohleben da línea Stirb Langsam (M11+, WI6+, 200m) quedei enganado, estaba nunha zona coñecida para min e era moi fermosa”, di Penín.

A idea quedou parada porque decidiuse a facer unha para durante unha tempada e a escalar boulder. Durante o verán 2019 coincidiu cun colega de profesión, David López Sáenz, que tamén é un bo escalador e xa coincidiran en Kandersteg, Suíza, dous anos atrás.

Despois de estudar a vía previamente por fotos e vídeo que había en internet, decidiron prepararse, “foi unha das máis intensas que fixen para xeo, foron catro meses longos de adicación total, que para min é bastante tempo”, comenta Penín.

Así que cando a climatoloxía se puxo con condicións aceptables non o dubidaron e dirixíronse a Ehrwald, xusto coa fronteira de Austria e Alemaña, preto do pico Zugspitze, de 2.962 metros.

“Estivemos catro días efectivos traballando na vía, o primeiro practicamente para abrir pegada na neve, facer o primeiro largo de xeo, meter o material na parede e probar os largos duros. A dificultade estaba concentrada a nivel físico nos largos dous e tres nos que a calidade da rocha era bastante regular e con exixencia a nivel físico, e a continuación a



Dúas imaxes da expedición de Luis Penín no Tirol

vía colle un carácter de mixto de montaña, e a calidade da pedra empeora moito no largo 4”.

Logo atoparon un xeo final moi difícil de escalar (WI 6+ m8+) con seccións en teito no que David demostrou o seu alto nivel, e a vía remata con unha sección vertical de xeo. Despois o descenso foi bastante traballoso polo feito de que o percorrido é en diagonal e desplomado complicando bastante a operación.

Luis Penín, que reside e traballa en Andalucía, reparte o seu amor por Galicia entre Racamonde e Ousá, de onde son o seu país e a súa nai, respectivamente.

Iniciouse como escalador na provincia de Lugo da man de Luis Vilanova e pouco a pouco foi dificultado a práctica ata a actualidade. De feito, o seu novo reto é abrir unha nova liña na Ehrwald, aínda que o ve “complicado”.

TRAXECTORIA. Luis Penín, enxeñeiro de montes de profesión, leva 20 anos adicados á escalada


e tivo os seus inicios na contorna de Lugo, nos Ancares, Peña Ubiña (Cordillera Cantábrica), no Veral, Penarrubia ou Ombreiro.

Ademais foi campión galego en Cataluña en escalada deportiva e 5º en absoluto, ademais de competir co equipo nacional. Pero non lle gustan estes meritos xa que non o fai por competir senón por que é o seu pasatempo.

Nos anos 2007 e 2008, Penín encadeou No limit (M12+) en Kandersteg (Suíza) e Game over (M13) en Dryland (Austria), por esta actividade foi agasallado durante dous anos consecutivos co premio FEDME á mellor actividade en xeo e drytooling, unha especialidade que mistura a escalada por xeo e roca e que se practica en zonas nas que as cascadas de xeo non se chegan a formar de todo.

No 2011 conseguiu a quinta repetición (primeira española) da exigente Law and order, una liña a de 40 metros do sector Diebsöfen, no Tirol austríaco.

O campionato de atletismo de Ourense deixou varias medallas na Chaira



Arriba, os atletas das Pontes e, abaixo, a friolesa María Carballido

Os atletas ponteses Roberto Peón e Esteban García, ambos os dous do club Trieume das Pontes subiron ao podium no trixésimo primeiro Campionato de Galicia de atletismo en pista cuberta da categoría máster, celebrado en Ourense.

Roberto Peón Costa proclamouse subcampión galego nos 400 metros no apartado M35 cunha marca de 56.51 segundos, só 23 centésimas máis que o primeiro clasificado, Santiago Dapena Villaverde, do Club Atletismo Estrada, e 30 menos que o terceiro.

O tamén membro do club pontés Esteban Díaz Pérez logrou a medalla de bronce na categoría M35- M40 dos 3.000 metros, cun tempo de 9:12.22 minutos, a case oito minutos do segundo, Luís Iglesias Raña, e a case doce do campión, José Manuel Corral Xusto, ambos os dous do Atlético Arenteiro.

Por outra banda, a deportista María Carballido logrou proclamarse campioa galega absoluta de 800

metros lisos no torneo autonómico. María conquería a medalla de ouro ao entrar na liña de meta nun apertado sprint coa representante do Valencia Esports, Leticia Fernández, e marcaba un tempo final de 2.15 minutos.

Pola súa banda, o resto de integrantes da delegación do Atletismo Friol tamén tivo un bo papel neste evento de máximo nivel autonómico. Así, na proba dos 1.500 metros lisos, Nerea Lage entraba na sétima posición que lle dá o pase ao nacional da categoría sub-18 que se disputará en Valencia, mentras que a súa compañeira de equipo Noelia Sánchez entraba en sexta posición. Polo que respecta ao concurso de salto de altura, Samuel Castedo foi sexto.

María Carballido participou tamén no Campionato de España Absoluto de pista cuberta, para finalizar nun magnífico posto número 21 do cómputo total deste campionato de España en dita especialidade.

ATABERNA

T: 982 510 061
facebook/ataberna.vilalba
info@atabernavilalba.com
www.atabernavilalba.com

DISFRUTA CON TUS AMIGOS
OLVIDATE DE TODO
Y SABOREA

RACIONES

REVUELTOS
FRESQUITA CEMIZA
DE BARRIL

ALCO

HAMBURGUESAS
FRESQUITAS DE VERDAD
ENSALADAS
PASTAS
CON SALSAS VARIADAS

RAXO

PATATAS
NUESTROS DELICIOSOS

COMPARTIR TAPAS

NUESTRA CARTA
PICAR
SABOREAR
TORTILLAS

RESTAURANTE
PARRILLADA

O'Adro

COMIDA PARA LEVAR
COMIDAS DE EMPRESA, GRUPOS...

Reserva xa o teu cocido

O Adro, Lanzós 27816
VILALBA - LUGO
982 52 58 65
626 23 71 56

AGRO

Abre o tempo das axudas oficiais

O DOG ten publicadas as convocatorias de varias subvencións vinculadas ao sector primario que están en prazo de solicitude

O Diario Oficial de Galicia (DOG) vén de publicar diferentes axudas para o agro galego.

INACTIVIDADE E REPOSICIÓN DE GANDO. O Diario Oficial de Galicia (DOG) publicou xa a orde da Consellería do Medio Rural que contempla as compensacións complementarias por inactividade (lucro cesante) e as axudas para a reposición de gando bovino, ovino e cabrún en explotacións afectadas polo sacrificio obrigatorio de animais. O importe das compensacións complementarias por lucro cesante determinarase segundo os cálculos aplicados ás marxes brutas das principais actividades produtivas gandeiras das explotacións, tendo en conta o período de inactividade desde o día seguinte en que sexa efectivo o seu baleiro sanitario.

No que atinxe á reposición de gando, os importes serán de 500 euros por animal adquirido da especie bovina e 50 euros por animal comprado das especies ovina ou cabrú. Estes importes por animal serán incrementados nun 10% se a explotación pertencía a unha Agrupación de Defensa Sanitaria Gandeira (ADSG) no momento da execución das probas sanitarias. Ademais, poderase conceder unha contía adicional por cada animal bovino comprado, nos casos en que os bovinos

que se sacrificaron pertencesen a explotacións incluídas en núcleos de control leiteiro oficial, ou fosen dunha raza pura cárnica e estivesen inscritos no libro xenealóxico da raza.

As solicitudes de axudas de compensacións complementarias por inactividade ou para a reposición de gando poderán presentarse dende mañá ata o 30 de novembro de 2020.

INCENDIOS E CATÁSTROFES. O DOG publicou a orde de subvencións para a prevención dos danos causados aos bosques por incendios, desastres naturais e catástrofes en montes veciñais en man común e en Sociedades de Fomento Forestal (Sofor). Establécense dúas liñas de subvencións: unha para o control selectivo de combustible e outra para a construción de puntos de auga.

Poden beneficiarse destas achegas os titulares de montes veciñais en man común, as súas agrupacións e mancomunidades e as Sociedades de Fomento Forestal (Sofor). As solicitudes deben presentarse obrigatoriamente por vía electrónica no prazo dun mes a contar dende o 19 de febreiro.

ALLEAMENTOS MADEIRA. Xa publicou a orde que regula a tramitación electrónica dos alleamentos



dos aproveitamentos forestais nos montes xestionados pola Comunidade Autónoma de Galicia. Así, as solicitudes de participación nos alleamentos de madeira presentaranse obrigatoriamente por medios electrónicos. Para efectuar a

oferta económica para a retirada da madeira deberase utilizar o modelo tipo correspondente por cada lote obxecto de alleamento. Neste caso, as solicitudes dirixiranse á Xefatura Territorial da Consellería do Medio Rural da

provincia onde teña lugar o alleamento.

XESTIÓN FORESTAL. Publicouse a orde de axudas destinadas á elaboración de instrumentos de ordenación ou xestión forestal (IOXF).

A finalidade desta liña de achegas é facilitarles aos propietarios que dispoñan dunha ferramenta técnica coa que organizar os seus recursos forestais e que garanta unha xestión sustentable do monte.

As comunicacións de adhesión a modelos silvícolas ou de xestión forestal serán imprescindibles para a realización de aproveitamentos forestais naqueles montes de menos de 15 hectáreas a partir do 31 de decembro de 2020 e para o resto será a partir do 31 de decembro de 2028. Polo tanto, existe unha necesidade de impulsar de xeito decidido este tipo de ferramentas que se adaptan ao tamaño destas propiedades e á súa intensidade de uso.

Así, e co fin de fomentar a certificación forestal, todos os IOXF obxecto de axuda ao abeiro desta orde terán que presentarse entre os meses de abril e xuño de 2021. Feita a súa presentación, disporán do prazo dun ano para certificarse mediante, cando menos, un sistema internacionalmente recoñecido.

De raposos, pragas e enfermidades

APUNTAMENTOS VETERINARIOS



Breixo González

Bos días, hoxe imos falar dun tema algo máis controvertido e que está as saír nos medios de comunicación: os campamentos de caza do raposo. E imos considerar os feitos dende o punto de vista da importancia do raposo para o medio ambiente e para a saúde pública e sacar as conclusións (aínda que molestén).

O raposo é o principal depredador de microfauna (animais pequenos) que temos en Galicia,

é un gran depredador dos ratos de tódalas especies, e eses ratos xeran varios problemas se se descontrolan, para empezar os ratos son vectores (axentes que levan unha enfermidade) de varias enfermidades que afectan aos seres humanos e pola outra banda poden causar estragos en producións agrogandeiras.

No caso dos danos, este feito veuse patente nos últimos meses rata teipa ou rata de auga setentrional está a causares problemas en varios concellos da montaña lucense. Acadando case máis de 2.000 hectáreas e 300 explotacións e tamén causando danos nos prados, afectando e baixando a a súa produción.

A maiores dos danos causados

pola propia acción de alimentación dos ratos, un problema moito máis grave é que os ratos son vectores de enfermidades contagiosas graves.

Os ratos son vectores e son grandes portadores de carrachas, as carrachas xa son perigosas de por sí xa que elas mesmas a través do seu cuspe poden causar reaccións alérxicas.

Pero o maior perigo son as enfermidades que transmiten. Unha enfermidade transmitida a través dos roedores é a tularemia (enfermidade que se fixo coñecida polos medios fai uns anos pola praga que arrasou certas zonas de Castela polos "topillos").

A Tularemia pode ser transmiti-

da tamén por carrachas que causa dende neumonías ata dores musculares e articulares.

A primeira e máis importante é a coñecida como Enfermidade de Lyme ou Borreliose: trátase dunha patoloxía infecciosa e multisistémica que no ser humano presentase de xeito variado pero dun xeito importante a nivel cutáneo, neurolóxico, reumatolóxico ou cardíaco producindo problemas como parálises, dor crónica, problemas graves nas articulacións, problemas no sistema nervioso do corazón (arritmias) e en casos moi graves ata a morte.

De feito, un estudo holandés demostrou que en zonas onde hai unha poboación saudable

de raposos, os ratos son menos "aventureiros" e parece ser que collen menos carrachas co cal as densidades de carrachas nas zonas é menor, reducindo así a probabilidade de que unha persoa poida ser contagiada da enfermidade.

En Galicia está a aumentar os casos de contaxio da Enfermidade de Lyme, sabendo iso e cos datos científicos (con cifras que as apoian) que din que os raposos controlan os vectores e sabendo que só en Galicia morreron arredor de 75.000 raposos no período 2011/2017, hai que facer a seguinte reflexión: Vos pensades que se debera permitir a caza dun animal que nos está a protexer destas enfermidades?



Sexta edición da Semana da Deputación na Escola no Lois Peña Novo



Taller de elaboración de xabóns en Guitiriz



Obradoiro sobre como elaborar compost en Xermade



A Tradescala achegouse ata os colexios Ramón Falcón e Veleiro Docampo, de Castro



Charla no Centro de Atención de Persoas Maiores de Abadín



Visita das filloiras de Muimenta á XVII Festa da Filloa á Pedra da Baña



Alumnos do IES Lois Peña Novo visitaron o seguidor solar en Goiriz



Teatro no Centro de Día de Abadín

LA CASILLA

HOSTAL RESTAURANTE

BODAS - COMUNIONES - BANQUETES

zona para Boda Civil

www.lacasilla.es

BODAS Y BANQUETES

Rúa da Amizade, 19 GUITIRIZ 982 37 01 88

La Casilla

Especialidad en almejas y chuletón

Asesoría Enerxética Terra Chá

CONTRATACIÓN - RECLAMACIÓN
SUBVENCIONES - AUDITORÍAS
ILUMINACIÓN LED
CERTIFICACIÓN ENERXÉTICA
INSTALACIÓN FOTOVOLTAICAS

Praza da Constitución, 3 - Baixo. 27800 Vilalba (Lugo)
 Tel.: 982 512 233 - info@enerxiaterracha.es - www.enerxiaterracha.es



De arriba a abaixo e de esquerda a dereita, algunhas das moitas imaxes que deixou o Entroido na Chaira: dúas fotografías correspondentes ás Pontes, Guitiriz, Ceip Lagostelle, IES Lois Peña Novo, Bretoña, IES Pedregal de Irímia, Rábade e outras dúas de Xermade



De arriba a abaixo e de esquerda a dereita, Entroido no Virxe do Corpiño de Begonte, festa infantil en Riotorto, desfile de disfraces de Begonte, Día de Rosalía na Uned Sénior, xantar na parroquia de Lea de Friol, xantar da asociación A Xuntanza de Castro e comida de Entroido en Riotorto



Cea anual dos Cabaleiros de Labrada de Abadín

JANSU

Domingo Goás, 16 baixo - 27800 Vilalba
Tel.: 982 510 367 - 651 577 247

DENDE 0 € - PREGUNTANOS COMO

JANSU VILALBA

- PERRUQUERÍA
- FOTODEFELACIÓN
- TAIWANDO ADULTOS - INFANTIL
- DEFENSA PERSONAL
- ZUMBA ADULTOS - INFANTIL
- CROSS TRAINING
- T.B.K. SUSPENSIÓN M.P.B.
- SPINNING
- INDUCCIÓN ESTIMOS LATINOS
- KINNASIA MANTENIMENTO SUAVE
- AGESTAMENTO PARA MAIORES
- AGESTADOR PERSONAL

COLABORACIONES

O tren que nunca deu chegada

COA NOSA VOZ



Pablo Veiga

Non cabe dúbida que Galicia, especialmente as zonas do interior, tivo historicamente un importante déficit en vías de comunicación, unha eiva que influíu negativamente no seu desenvolvemento.

Existen tres aeroportos, certo, e a rede de estradas e autovías, moi mellorable, non é a de hai trinta anos. Pero en canto ó ferrocarril, constátase un grave problema. En primeiro lugar, só con botar unha ollada ó trazo, dedúcese que bastante máis da metade do territorio galego

permanece alleo a esta fórmula de transporte, tanto para as persoas como para as mercadorías. O eixo que conforman as principais cidades das provincias da Coruña e Pontevedra, aparecen perfectamente conectadas. Incluso Ourense está ben comunicada neste aspecto.

Logo temos a nosa Mariña e a súa vía estreita, un tren este que atravesa os municipios do norte de Lugo e co que se pode chegar a percorrer desde as terras do Ortegal ata o País Vasco. Desta infraestrutura sorprende que non estea moito máis explotada do que está, xa que o potencial semella ser enorme tanto do punto de vista económico como social. En segundo termo, o avance en estradas non foi equivalente

nos camiños de ferro, onde non houbo tanta sorte. Un lembra de neno pasar tódolos días os distintos trens camiño de Bilbao, Madrid ou Barcelona, cada un co seu horario determinado, con parada en Guitiriz e Baamonde, desde onde partían e retornaban esas moreas de emigrantes que deixaron a Terra para buscaren o pan noutros lares lonxanos.

Así mesmo, o coñecido como Ferrobús, con diferentes frecuencias horarias que permitían chegar á capital provincial desde Begonte e Rábade e o correspondente regreso. Todo elo foi reducido á mínima expresión sen que ninguén fose quen de variar esta decadencia.

Resulta chamativo que a principios do século pasado se bara-

llase unha opción que permitiría que o percorrido do tren, con saída en Pontevedra, avanzase por importantes concellos desa provincia, chegando a Monterroso e a continuación, Lugo. Ademais, contemplábase unha liña por Vilalba e Mondoñedo cara a Ribadeo. Pero como moitos outros proxectos que conlevarían un avance para a nosa bisbarra e outras, quedou simplemente nunha idea aparcada dentro dun caixón.

Se dámos unha volta por áreas xeográficas punteiras doutras comunidades autónomas e dos países europeos alén dos Pireneos, poderemos corroborar a importancia que tivo e está a ter a presenza do ferrocarril no progreso e modernización de todas elas.

En Galicia levamos máis dunha década escoitando falar do famoso AVE, o cal tiña previsto a súa chegada no dous mil doce, logo no quince e agora xa non se sabe para cando, porque o enésimo retraso desta obra xa non suscita emocións entre a cidadanía.

Semella que poda ser moi interesante para nosoutros poder chegar a Madrid en pouco tempo subidos a un tren que logre acadar os tres centos quilómetros a hora, aínda que dentro do noso territorio, no mesmo método de transporte, percorrer apenas cen quilómetros leve case un par de horas.

É evidente que algo se tivo que facer mal neste eido. Perdémolo tren.

Aé, aé, aé... La Chambelona!

A CASA DOS MARIOS



Moncho Paz

Angel Yáñez Paz chegou a Vilalba no mes de agosto de 1953. Non coñecía Galicia, as poucas referencias que tiña da nosa terra eran tan só polos comentarios que se facían na intimidade familiar. Afillado do meu avó Mario Xosé, era o terceiro dos catro fillos de Xeneroso Yáñez Balsa e de María Xosefa Paz Bello, que anunciaran a súa visita por carta varios meses atrás. Como era costume naquel tempo, o raparigo foi inscrito polo seu pai no Centro Galego da Habana cando cumpriu os cinco anos, a idade mínima esixible para ser socio. Este feito favoreceu o seu contacto precoz co mundo da música e do espectáculo.

Na década de 1950 producíanse as primeiras retenciones a recibir emigrantes en Cuba, as autoridades escudábanse nos problemas laborais polos que atravesaba o país. Esta situación provocou que miles de galegos emigrasen de súpeto cara a Europa, en proceso de reconstrución tras a Segunda Guerra Mundial. Deste xeito, Francia, Alemaña, Suíza, Bélxica e Inglaterra recibían man de obra procedente

das catro provincias.

Cando o meu avó deixou Cuba en 1933, Angelito -como o coñecía todo o mundo no seu círculo máis próximo- contaba oito anos de idade. Nado en 1925 no distrito de Centro Habana, era o pícaro da familia, cun sorriso inconfundible que o facía adorable a pesar das súas trasnadas. Co transcorrer dos anos converteuse nun afamado dandi da noite caribeña. Gran afeccionado á fotografía, posuía unha cámara Argus modelo Argoflex Seventy-Five, unha compacta de caixón con dobre lente e visor de cintura, fabricada en Estados Unidos e que hoxe conservamos na nosa casa de Compostela como ouro en pano. Este singular aparello acompañaba sempre a Angelito nos intreos de lecer, e por iso o trouxo a Galicia naquela viaxe, na que durante un mes percorreu a Terra Chá, establecéndose entre a casa de Mario Xosé en Vilalba e a do seu curmán Inocente Yáñez, en Santaballa. Tamén coñeceu Compostela e Pontevedra. Gustáballe pasar as horas co seu padriño no ultramarinos da Casa dos Marios -por aquel entón na rúa Xardíns- e conversar cos paisanos que ían facer a compra mentres degustaba un café tras outro.

Festeiro por natureza, era asiduo das romaxes galegas que se organizaban na Habana, fundamental-



mente en domingo, nos locais comerciais das cervexerías La Tropical e La Polar, e outras veces no das augas minerais La Cotorra. Estas celebracións estaban amenizadas por orquestras e tunas, aínda que a maioría das veces contaban coa presenza de pequenos grupos, integrados por un gaiteiro e un tamborileiro, acompañados de acordeón, guitarra e bandurra. Naquelas xuntanzas, logo de asistir á cerimonia relixiosa en honra do patrón ou da patroa de quenda e gozar do típico xantar de cociña galega, as distintas familias que se daban cita comentaban as novas que outros traían das súas visitas a Galicia, onde todos tiñan depositada a súa ollada e o seu corazón. Había cantos e bailes populares, que remataban solemnemente co himno galego.

Angelito Yáñez tocaba ben o harmónico, o bongó e a clave, e entornaba aínda mellor La Chambelona, emblemática conga moi popular na illa caribeña: "Una bella mar-

garita / Lisonjera y retozona / Con amor me dio una cita / ¡Merecería una corona! / Aé, aé, aé... La Chambelona! / Yo no tengo la culpa / Que la dulce picarona / Un día de Santa Rita / Me enredara en la encerrona / Aé, aé, aé... La Chambelona! / Guardarraya muy solita / Se llevó a la muy bribona / Con mi corazón ¡maldita! / Sin dejarme luz... ¡Ladrona! / Aé, aé, aé... La Chambelona!".

Era un persoeiro moi coñecido nas exóticas alquerías da Habana. Cliente habitual do cabaré Tropicana, remataba alí as noites de xolda pola vantaxe da proximidade desta sala de festas coa residencia do seu irmán Néstor, situada na zona de Marianao, no municipio de Playa. Angelito traballaba na tinturaria familiar, encargándose fundamentalmente da distribución das prendas a domicilio, de aí que coñecese case todos os recantos da capital cubana, pola que transitaba co seu Mercury Eight do 49, que anos despois trocaría por un Chevrolet Bel-Air do 57.

Contaba o Chavito, que daquela tiña quince anos de idade e xogaba no Racing Vilalbés, que a visita de Angelito fora todo un acontecemento na nosa vila. Os seus ollos azuis, o seu porte elegante, a gracia do seu falar, os seus modais refinados e o corte impecable dos seus traxes

daban un aquel de distinción ao noso curmán cubano. Pero o que de verdade causaba sensación eran as medias de seda, tan escasas naquel tempo de posguerra, coas que Angelito obsequiaba a canta moza quería seducir. Sempre levaba na man esquerda un reloxo de pulseira Juvenia que recibira do seu padriño anos atrás, como agasallo de primeira comunión.

Despois daquel mes en Galicia, Angelito regresou a Cuba con deveso, pois non se acostumaba ben ao noso clima. Cando triunfou a Revolución en 1959, a familia Yáñez Paz reuniuse en asemblea e decidiu ficar na Habana. Cada un adaptouse á nova realidade á súa maneira. Angelito pasou a traballar como empregado na tinturaria familiar, onde antes era propietario. Custoulle asumir a situación, pero rematou por aceptala. Sempre mantivo contacto con Galicia, a través do meu avó Mario Xosé, do meu pai, e tamén comigo, tanto por carta como por teléfono. Visiteino todas as veces que fun á illa; ao velo recoñecín inmediatamente a aquel home elegante e con chispa do que o meu pai tantas veces me tiña falado. Percorreremos xuntos as rúas da Habana, que tan ben coñecía. E tomamos "un mojito en La Bodeguita" e "un daiquiri en El Floridita". Angelito deixounos en 2010, con oitenta e cinco anos. Nunca o esquecerei.

A pobreza que acocha o Estado Español

FAÍSCAS QUE ESPALLA O VENTO



Raul Río

Todos podemos ver nas nosas cidades xente de distintas idades que durme na rúa ou nos caixeiros dos bancos e que busca nos contedores de lixo algo para satisfacer as súas necesidades máis básicas, pero os medios de comunicación adictos ao réxime e os periodistas pensionados polo Goberno de quenda pretenden facernos ver a pobreza que hai noutros pobos, pobreza que esaxeran, e incluso a inventan si o réxime dese país non vai na onda do poder executivo que nos toca padecer. Así nos deron imaxes dun supermercado cos estantes baleiros dicindo que era en Venezuela, cando despois se soubo que esa foto foi tomada no mesmo Nova Iork, como certifica o idioma dos letreiros, sendo hoxe a icona dun exemplo de manipulación que correo por todo o mundo. Non aparecen imaxes dese tipo recollidas en países mais acordes coa súa ideoloxía neoliberal que teñen moitas mais necesidades que Venezuela, como poden ser Honduras, de onde saen milleiros de persoas cara o norte para

buscar unha vida mais digna e poder comer sequera unha vez ao día; da Arxentina ou de Colombia, onde existe un 27,9% de desnutrición infantil. Incluso a verdadeiras ditaduras corruptas como a de Haití danlles mellor tratamento que a países progresistas onde teñen todas as necesidades esenciais garantidas.

Un exemplo da súa parcialidade e falta de rigor vese cando entrevistan ao atleta cubano Javier Sotomayor e non lle preguntan polos seus éxitos deportivos senón por unha suposta pobreza en Cuba, pobreza que el negou con razóns, afirmando que alí non había insatisfacción das necesidades básicas, que non hai analfabetos nin persoas sen cobertura médica; que tampouco hai nenos e nenas sen escola, nin xente que pase fame, e que a illa, a pesar do bloqueo, está entre os mellores países do mundo en deporte, ciencia e educación; sen embargo a ningún periodista se lle ocorre preguntarlle a Messi pola situación social no seu país, a pesar de existir un 32 % de pobreza, un 13 % de nenas e nenos que pasan fame e cerca de un millón de persoas indixentes.

Estes medios ven a palla no ollo alleo e pretenden acochar a viga que teñen no seu, por iso non



contaron que a primeiros do mes pasado visitounos o relator das Nacións Unidas de pobreza severa, Philip Alston, quen despois de observar a situación dixo que vira “barrios en España en peor situación e condicións moito peores que un campamento de refuxiados; sen auga corrente, electricidade e saneamentos” e constatou no seu informe que isto é froito das políticas do PP dos últimos dez anos, que o chamado “Goberno Progresista” non está disposto a emendar, e que fixeron un país quebrado encanto ás políticas sociais, porque Mariano Rajoy “preferiu facer políticas para os ricos e non para os pobres”, o que situou o país “á cola de Europa en redistribución da riqueza,

e o risco da pobreza xa acada o 21,3% da poboación”, pois, como di no informe, “hai un porcentaxe demasiado alto de persoas que viven na pobreza. Un porcentaxe, o da exclusión social, que en dez anos creceu seis puntos, mentres que as crases mais altas enriquecéronse un 25% e pagan a metade de impostos”.

Tamén dixo o relator, que “non pode ser que a xente teña que elixir entre comer ou poñer a calefacción”, e afirma que para rematar con esta inxustiza “compre distribuír mellor a riqueza”, polo que os salarios deberan basearse no Produto Interior Bruto (PIB), que é a riqueza producida entre todos nós, e debería repartirse equita-

tivamente entre traballadores e empresarios, non facendo unha política para os mais ricos que empobrece ao resto, como fixeron nestes dez últimos anos. É inmoral que (despois de darlle 62.295 millóns de euros en axudas), os diferentes Gobernos permitiran que a gran banca non tributara nin un so euro polo Imposto de Sociedades desde o inicio da crise, a pesar de gañar 84.000 millóns.

Ademais disto, o Estado permite que un total de 6,3 millóns de traballadores e traballadoras en activo que crean esa riqueza (un 34,4% dos asalariados) en 2017 percibiron un soldo por debaixo do xa mísero Salario Mínimo Interprofesional, (4.234 euros anuais). En Galiza, segundo a CIG, 172.823 traballadores ingresaron como máximo a metade dese Salario Mínimo, uns 2.174 euros de media ao ano; o que quere dicir que estes traballadores e traballadoras teñen uns salarios por debaixo do límite da pobreza e viven na escravitude explotados por patróns e capitalistas sen escrúpulos, escravistas modernos que nin sequera garanten aos seus explotados as necesidades máis básicas, mentres a Administración mira para outro lado e os empresarios enriquecéanse cada vez mais e aportan cada vez menos á sociedade.

12 Chaves de inclusión

CARTA ABERTA



Cogami

Este mes de marzo estará dedicado ás mulleres e nenas con discapacidade, uns dos grupos de poboación que máis sofren a discriminación social, a pesar de ser un grupo maioritario. En Galicia teñen recoñecido o certificado de discapacidade un total de 115.763 mulleres representando o 51% da poboación total de persoas con discapacidade, das que 2.224 están entre os 6 e os 15 anos. Pese a ser maioritarias, as mulleres con discapacidade son as máis discri-

minadas, padecen unha tripla discriminación: por ser mulleres, por ter discapacidade e por vivir no rural.

Se se fai referencia ao emprego, segundo os últimos datos publicados polo Instituto Galego de Estatística, a taxa de paro entre as mulleres con discapacidade alcanza o 24,6% e tan só o 9,9% da mulleres que teñen discapacidade logran cursos estudos superiores.

En canto á violencia contra a muller, a que ten discapacidade é moito máis vulnerable ante este abuso, sen embargo cando se fai a denuncia, os corpos de seguridade do Estado non teñen ningún indicador que recolla se a muller ten ou non discapacidade. Actualmente, non existen datos reais de

violencia contra mulleres con discapacidade. Se para as mulleres sen discapacidade é moi difícil saír da violencia por todos os condicionantes e dependencias psicolóxicas e socioeconómicas ás que se enfrontan, para as mulleres con discapacidade é máis complexo porque os recursos dispoñibles como os centros e pisos de acollida teñen prazas adaptadas reducidas.

Para combater esta situación discriminatoria, dende Cogami e as súas entidades membro traballan en programas de empoderamento da muller, incidindo dende a infancia porque é a etapa na que pode compartir, xogar, estudar, relacionarse con outras nenas e nenos sen atopar obstáculos que as limiten. É

necesario potenciar a participación social dende a infancia.

Dende a área de Promoción da Autonomía Persoal de COGAMI durante este ano 2019 realizáronse 240 intervencións con mulleres con discapacidade, dándolle resposta a problemáticas como os desprazamentos dende as zonas rurais, a accesibilidade, o transporte adaptado, o acceso ao mercado laboral ou a falta de apoios a nivel de educación. Durante o ano pasado, ademais, atenderon un total de 1.017 consultas trasladadas por mulleres con temáticas relacionadas coa obtención do certificado de discapacidade, emprego, vivenda, accesibilidade ou tamén prestacións económicas, entre outras. A Asociación de Mulleres con Dis-

capacidade de Galicia desenvolve tamén programas que teñen por finalidade empoderar ás mulleres para que sexan as protagonistas dos seus propios proxectos de vida. Para isto, ofrece atención individualizada e especializada, atendendo ás necesidades de cada muller facilitando ferramentas de capacitación e acompañamento na toma decisións. Adoita ter por ámbito de actuación maioritariamente o rural galego, onde existen máis dificultades como a falta de recursos e servizos adecuados. En traballou con 300 mulleres. Por iso Cogami lanza a campaña 12 Chaves da Inclusión, na que mes a mes irá desfechando unha pechadura relacionada cun dereito básico.

José Seoane Álvarez - Servicios Agrícolas

Transformaciones agrarias
Desbroces y plantaciones de montes
Servicio de podas

San Lorenzo de Árbol, 13. 27800 Vilalba. Tels.: 608 306 746 - 679 955 138

SERVICIOS AGROFORESTALES

SEOANE

O gato con botas

zapatería

C/ Plácida Peña, 8 - Bajo
27800 Vilalba (Lugo)
Tel: 982510550

AXENDA DA TERRA CHÁ

EVENTOS

ENTREGA PARCELARIAS

12 de marzo

Ramil, Castro de Rei

MOSTRA DE TEATRO AFECCIONADO

13, 20 e 27 de marzo

As Pontes

CONCERTO DE TANXUGUEIRAS

13 de marzo

Vilalba

FESTIVAL MANS UNIDAS

14 de marzo

Vilalba

CAMPIONATO DE TUTE

14 de marzo

Condes, Friol

ACTUACIÓN DE DAVID SALVADO

14 de marzo

Muimenta

FESTA DOS PEPES

14 de marzo

Vilalba

CAMPIONATO DE TUTE

14 de marzo

Meira

TEATRO

14 de marzo

Riotorto

FESTAS EN LANZÓS

14 e 15 de marzo

Vilalba

XORNADA EXALTACIÓN DA CAZA

15 de marzo

Muimenta

TEATRO

15, 20 e 22 de marzo

Vilalba

CHARLA SOBRE A PAC

17 de marzo

Friol

CHARLA SEGURIDADE MAIORES

18 de marzo

Rábade

GALA DE EMPRESARIOS

18 de marzo

Vilalba

CONCURSO DE TAPAS

Do 19 ao 29 de marzo

Vilalba

XUNTANZA EX ALUMNOS

19 de marzo

Corbelle, Vilalba

FESTAS EN CORBELLE

19, 21 e 22 de marzo

Corbelle, Vilalba

CARREIRA SAN XOSÉ

19 de marzo

As Pontes

TEATRO

21 de marzo

Muimenta

ANIVERSARIO CEIP RAMÓN FALCÓN

21 de marzo

Castro de Rei

CAMPIONATO DE TUTE

21 de marzo

Santa Comba de Órrea

DÍA DA POESÍA

21 de marzo

Vilalba

CONCERTO DE PRIMAVERA

21 de marzo

Rábade

FEIRA DO QUEIXO E PAN DE OUSÁ

22 de marzo

Friol

TORNEO TERRA CHÁ DE XIMNASIA

28 de marzo

Baamonde

MARATÓN DE TUTE

28 de marzo

Castro Ribeiras de Lea

ANDAINA POLA VÍA REXIA

28 de marzo

Riotorto

RUTA BTT SAN SIMÓN DA COSTA

28 de marzo

Vilalba

MOEXMU

3, 4 e 5 de abril

Muimenta

CURSOS

CONSERVAS

do 28 de marzo ao 4 de abril

A Pastoriza

A ROBÓTICA NA ESCOLA

21 de marzo

Friol

EXPOSICIÓNS

ABRAKATOVA

Ata o 31 de marzo

Casa da Cultura da Pastoriza

CONCURSOS

CERTAME VILARIÑAS

Ata o 30 de marzo

Guitiriz

XOSÉ MARÍA DÍAZ CASTRO

Ata o 31 de marzo

Guitiriz

DEBUXO E RELATO DA FILLOA

Ata o 21 de abril

Muimenta

Máis eventos en:
www.terrachaxa.com

TELÉFONOS DE INTERESE

ABADÍN	
Concello:	982 50 80 21
Garda Civil:	982 50 80 11
Centro de Saúde:	982 50 81 22
A PASTORIZA	
Concello:	982 33 21 97 / 982 33 21 60
Garda Civil:	982 34 90 20
Centro de Saúde:	982 33 21 41
AS PONTES	
Concello:	981 45 31 16
Policia Local:	981 45 31 91
Garda Civil:	981 45 00 05
Centro de Saúde (cita previa):	981 45 12 51
BEGONTE	
Concello:	982 39 61 43
Garda Civil:	982 39 80 08
Centro de Saúde:	982 39 69 02
CASTRO DE REI	
Concello:	982 31 40 34 / 982 31 41 32
Garda Civil:	982 31 40 02
Centros de Saúde (cita previa):	982 21 10 18
Castro de Rei:	982 31 42 11
Ribeiras de Lea:	982 31 11 14

COSPEITO	
Concello:	982 52 00 01 / 982 50 40 57
Garda Civil:	982 52 00 17
Centro de Saúde (cita previa):	982 52 01 20
Feira do Monte:	982 50 34 69
Consultorio de Muimenta:	982 50 40 57
FRIOL	
Concello:	982 37 50 01
Garda Civil :	982 37 50 02
Centro de Saúde:	982 37 10 98
Cita Previa	982 37 10 05
GUITIRIZ	
Concello:	982 37 01 09 / 982 37 58 00
Garda Civil:	982 37 00 01
Centro de Saúde:	982 37 21 10
Parga P.A.C:	982 37 05 00

MEIRA	
Concello:	982 33 01 02
Garda Civil:	982 33 00 04
Centro de Saúde:	982 35 69 27
Cita previa:	982 33 02 40
MURAS	
Concello:	982 50 00 01
Garda Civil:	982 50 00 20
Centro de Saúde:	982 50 01 23
OUTEIRO DE REI	
Concello:	982 39 32 81 / 982 39 30 55
Garda Civil:	982 39 00 05
Ambulancia:	982 23 16 13
Centro de Saúde:	982 39 25 98
Cita previa:	982 39 32 67
P.A.C.:	982 39 34 00

POL	
Concello:	982 34 50 29
Garda Civil:	982 33 00 04
Centro de Saúde:	982 34 59 20 / 982 34 53 76
RÁBADE	
Concello:	982 39 00 62 / 982 39 00 52
Garda Civil:	982 39 00 05
Centro de Saúde:	982 39 01 01
RIOTORTO	
Concello:	982 34 62 22
Garda Civil:	982 34 22 22
Centro de Saúde (cita previa):	982 34 66 63
VILALBA	
Concello:	982 51 03 05 / 982 51 07 16
Policia Local:	982 51 07 67 / 608 08 00 50
Garda Civil:	982 51 03 07
Centro de Saúde (cita previa):	982 51 03 11
XERMADE	
Concello:	982 50 10 01 / 982 50 20 03 / 982 50 10 27
Garda Civil:	982 50 10 08
Centro de Saúde:	982 50 11 34 / 982 50 10 55

+ Teléfonos: www.terrachaxa.com

Este periódico es distribuido por:

de segunda

iBuzoneamos tu publicidad!

BUZONEOS

de segunda.

CARTELERIA

de segunda.

REPARTO en MANO

de segunda.

t

X

Edición: PORTAS COMUNICACIÓN SL
Dirección: Diego E. García Puente
Teléfono: 673 903 924 - 982 510 335
E-mail: redaccion@terrachaxa.com
Impresión: Tameiga Publicacións SL
Dep. Legal: LU-517-03

RECOMENDACIÓNS

que ler?



A formiga destemida Literatura infantil e xuvenil

Unha formiga curiosa e valente decide afastarse do seu formigueiro para vivir novas experiencias. Polo camiño vaise atopar con animais que nunca vira e aprenderá a facer cousas que xamais imaxinara: tocar música, flotar na auga, voar... Tamén saberá da existencia dos humanos: serán tan malvados como contan? Sen temor ao descoñecido, está disposta a descubri-lo por ela mesma. Unha fábula sobre a ansia de coñecemento e sobre a importancia de afrontar a vida sen prexuízos que nos limiten.

que escoitar?



Das cabinet des Dr. Caligari Toundra

Das cabinet des Dr. Caligari é un álbum conceptual de Toundra. Baixo o influxo da película muda do mesmo título, traducida como *O gabinete do doutor Caligari* (1920), un clásico do expresionismo alemán dirixido por Robert Wiene.

que ver?



Invisibles Comedia, drama

Elsa, Julia e Amelia reúnen-se cada xoves para dar un paseo matinal antes de acudir aos seus postos de traballo. É unha ocasión para contarse o que lles sucede, o que lles preocupa. Malia as diferenzas e desencuentros, hai algo que as une: a idade e o peso que senten ao saber que percorreron xa a metade das súas vidas. A triste sensación de que o paso dos anos desprazounas do seu lugar para arrinconarlas nun espazo no que se senten desubicadas e case perdidas.

a elección de...




Lucía Guizán Trastoy, Educatora familiar do Concello de Xermade

un libro




El silencio de la ciudad blanca
de Eva García Sáenz de Urturi

un disco



Física y química
de Joaquín Sabina

unha película




Seven
de David Fincher

unha personaxe histórica



Concepción Arenal

un lugar para visitar




A Habana

un sitio onde vivir



Santiago de Compostela

unha comida



Risotto

unha bebida



Viño tinto



DESCUBRINDO O PATRIMONIO



Miriam Fernández

O Museo Fortaleza de San Paio de Narla

Localizada no lugar da Castronela, Concello de Friol, atopamos a fermosa fortaleza medieval de San Paio de Narla, coñecida tamén como “Torre de Xiá”, en orixe fortín e solar da familia fidalga de Seixas e actualmente museo etnográfico da Deputación Provincial de Lugo, declarada Ben de Interese Cultural en

ficación sufriu no contexto das revoltas irmandiñas, precisando labores de reconstrución para recuperar a súa estrutura. No século XVIII a fortaleza cambiará de propietarios, da familia Seixas pasa a mans da familia Campomanes, e no XIX os Campomanes venderanlla á familia Novo, penúltimos propietarios que se desfarán dela ante un novo ofer-

O edificio, un dos mellores conservados do seu estilo na provincia e en Galicia, esta formado por tres corpos de altos muros principalmente construídos mediante perpiaños de granito, que se cerran a un patio central de planta rectangular e arcos xeminados de medio punto nos laterais. Na parte inferior atópanse as cortes e outras estancias de servizo, ac-

nacentista. No exterior a torre está rematada con almeas de vértices triangulares e dúas gárgolas cilíndricas en cada muro. A carón da porta de entrada (con escudo familiar) do conxunto ou fortaleza, encóntrase unha pequena capela cuadrangular cun retablo do s. XIX, no cal destaca unha talla popular ou imaxe de San Paio. No lado externo da rampa que leva

cos oficios tradicionais (unha co-roza, cestas e apeiros de cestería, aparellos de zoqueiro, un carro, apeiros de labranza etc), elementos propios da estancia adicada a adegas, cadeiras de montar e palanquins na zona das cortes. Na parte superior destaca a cociña galega de lareira con mobiliario e cacharros típicos, o salón da chimenea (mostras de xoiaría, reloxos de parede e mobiliario e obxectos litúrxicos), unha sala do tear con apeiros do traballo textil, unha sala de escribanía e artes industriais e unha alcoba completa (cama, berce, lavabo, etc.). En canto ás estancias da torre, na primeira atopamos unha colección de armas brancas de diversa forma e procedencia (espadas, machetes, crises, unha kataná, etc.) xunto cunha armadura samurai do s.XVII. Na segunda exponse unha variada colección de armas de fogo e unha armadura de cota de mallas, e, na terceira, unha estancia con chimenea renacentista decorada mediante motivos zoomorfos e fitomorfos (plantas), acompañada dunha cama de decoración militar. Dende esta última estancia accédese á parte superior aterrada da torre, dende a que se poden observar unhas impresionantes vistas do lugar. Ademais da súa beleza arquitectónica, o museo de San Paio de Narla é en si mesmo unha referencia en canto a museo etnográfico, pois permítenos coñecer nun mesmo lugar tanto a forma de vida tradicional de campesiños coma dos nobres galegos dende a época medieval.



Aos lados, dúas zonas do interior da fortaleza e, no medio, unha vista do exterior

1994 e baixo a protección da Lei 16/1985 do Patrimonio Histórico Español e o Decreto do 22 de abril de 1949.

A edificación, datada dos séculos XII-XIII, posiblemente foi construída sobre un antigo castro da Idade do Ferro, tal e como indican a toponimia e a orografía, atopando as primeiras referencias escritas sobre a mesma no ano 1350, citada como “rocha de Narrela”. Un século despois, os documentos de Vasco de Seixas constatan os danos que esta edi-

tante que pretendía derrubala para aproveitar a súa pedra. En 1939, por iniciativa de Manuel Vázquez Seixas, director do Museo Provincial de Lugo por aquel entón, a Deputación adquirirá o inmovible, o cal permanecerá sen uso ata 1983, cando o arqueólogo Felipe Arias Vilas decide adicarlle a sección de etnografía da Rede de Museos Provinciais de Lugo, creando deste xeito o que hoxe coñecemos como Museo etnográfico e histórico de San Paio de Narla.

cedendo ó piso mediante unha escaleira granítica que da paso á segunda planta, onde se atopan as alcobas, á fermosa cociña de grande lareira, o salón con chimenea e parladoiro e demais estancias.

A este conxunto, onde se desenvolvería a vida diaria familiar, anéxase unha maxestosa torre do homenaxe de 9 x 11 metros de perpiaños de granito de tres plantas con soto (cárcere), nas que destacan unha ventá con parladoiro e unha chimenea re-

a esta porta de acceso, atopamos tamén un pequeno pero fermoso pombal circular realizado mediante cachotes de pedra.

En canto á función museística deste edificio, trátase dun lugar no que se mostran tanto as labores e apeiros das actividades agrícolas e oficios artesáns coma aqueles elementos que se conservan das familias fidalgas que habitaron a fortaleza, aportando un valor tanto etnográfico coma histórico. Na planta baixa atopamos unha colección relacionada

CAP todos los meses

Cursos y Certificaciones

Curso carretillero

Curso sector maderista

Consúltanos



Pol. Sete Pontes - Rúa do Acivro, 59 Vilalba, Lugo
alfonso@grupoforma-t.es - www.grupoforma-t.es
Telf.: 982 51 36 05

GRUPO FORMAT
formación integral de empresas